

Urbanismo: Barreiros ilegal • Custodia do Territorio • Árbores senlleiras
Proxecto FIARE • Lei de Montes • Certificación forestal • Crise na Educación ambiental

Inverno 2012 • Número 66 • 3 €

cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



ESPAZOS PROTEXIDOS, BAIXO MÍNIMOS



Carballo Biometanización

PLANTA DE BIOGÁS DE RESIDUOS INDUSTRIAIS



- Participada polo Grupo Calvo.
- Pioneira en Galicia.
- Valorización de residuos industriais.
- Tratamento de 11.000 toneladas ao ano.
- Producción eléctrica equivalente ao consumo de 400 fogares.

Estrada A Coruña-Fisterra s/n
15106 Carballo, A Coruña
carb.io.info@gmail.com

ACTUALIDADE	4
RECURSOS	9
INCENDIOS	
LUMES NOS ESPAZOS PROTEXIDOS	10
Fins Eirexas	
PATRIMONIO E TERRITORIO	
URBANISMO: O CASO BARREIROS	12
Belén Rodríguez	
A REPÚBLICA ECOLÓXICA DO ALTO ULLA	15
Xosé Salvadores	
O PATRIMONIO CULTURAL NA MARIÑA	16
Manuel Miranda	
CUSTODIA DO TERRITORIO	
UNHA NOVA FERRAMENTA DE CONSERVACIÓN	18
Ramsés Pérez	
A CUSTODIA DO TERRITORIO EN GALIZA	20
Ramsés Pérez e Virxinia Rodríguez	
I ENCONTRO GALEGO DE CUSTODIA	22
ENTREVISTA A AMAYA SÁNCHEZ	24
Por Belén Rodríguez	
ENERXÍA	
FONTES RENOVÁBEIS E CRISE ECONÓMICA	27
Fernando Blanco Silva	
CONSERVACIÓN	
CAZA CON CHUMBO	28
Serafin González	
A SERRA DO GALIÑEIRO, ESPAZO NATURAL	30
Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro	
O MOUCHO: AVE DO ANO EN 2011	32
C. Damián Romay, Óscar Martínez e Santiago Vázquez	
ÁRBORES E FORMACIÓNS SENLLEIRAS	34
J. Gaspar Bernárdez e Antonio Rigueiro	
CONTAMINACIÓN	
GRANDES INDUSTRIAS CONTAMINANTES	36
Ramón Varela Díaz	
ECONOMÍA SOSTÍBEL	
BANCA ÉTICA: O PROXECTO FIARE	38
Raúl Asegurado Pérez	
MONTES SOSTÍBEIS	
A CASTAÑA, UN PRODUTO CON FUTURO	47
Xesús Quintá	
CERTIFICACIÓN FSC PARA PEQUENOS PROPIETARIOS	49
Xesús Quintá	
COGOMELOS	51
Cristovo Ruiz Leivas	
EDUCACIÓN AMBIENTAL	
CRISE, QUE CRISE?	52
Miguel Pardellas e Pablo Ángel Meira	
FLORA E FAUNA DE GALIZA	56
Xosé Salvadores e Marga Miguens	

ESPAZOS PROTEXIDOS, DE QUE?

Nas vindeiras páxinas veremos que, pese ao amparo que as leis outorgan aos espazos protexidos, estes están a ser intervidos pola forza humana de xeito descontrolado e sen vixilancia. Exemplos recentes así o demostran, como a xestión improvisada da lagoa da Frouxeira, en Valdoviño, por parte da Administración, onde unha apertura da canle de desaugue "lenta e controlada" implicaba a intervención de varios *bulldozers* no areal. Tamén é notorio o desinterese administrativo por preservar os espazos da Rede Natura dos incesantes lumes forestais que no mes de outubro arrasaron con 11.000 Ha na provincia de Ourense. O conselleiro de Medio Rural, daquela Samuel Juárez, restoulles importancia, aínda que o Macizo Central perdera o 12% da súa superficie.

Paralelamente, o Consello da Xunta presenta, por imperativo da UE, a proposta de ampliación da Rede Natura, aumentando en só un 3% a superficie protexida en Galiza, unha ampliación "misérrima" segundo o movemento ecoloxista. Outras iniciativas tiveron que ver coa reforma das Leis de Montes e de Caza, cuxos novos borradores abren a porta á desregulación ambiental nestes ámbitos. A nova lei de Montes, á que se dedican varios artigos desta publicación, concibe os montes desde unha óptica unicamente produtivista e destinados a beneficio de madeiristas, cazadores e industrias.

Fronte a rebaixa dos controis e garantías legais na preservación ambiental, as organizacións sociais asumen encabezar a misión de defender activamente o territorio a través da custodia. Neste número analízase fondamente esta nova forma de participación cidadá na conservación dos valores ambientais e patrimoniais, tras a celebración do I Encontro Galego de Custodia do Territorio a finais de outubro. Outros artigos exemplifican como se pode tirar rendemento económico de xeito respectuoso co ambiente, por exemplo, coa produción de castañas e castiñeiros ou coa adquisición dun certificado forestal FSC para pequenos e medianos propietarios.

Mais irremediabelmente volve a crítica, coa denuncia da falta de apoio e a desatención que sofre actualmente a Educación ambiental en Galiza.



FORESTAL

A NOVA LEI DE MONTES

Xabier Bruña, Xosé Alfredo Pereira, Anxo Pérez Carballo e Xurxo Álvarez

40

cerna

Tel. e Fax: 981 570 099
Travesa de Basquiños, nº 9 baixo
15704 Santiago de Compostela
Correo electrónico: cerna@adega.info
Web: www.adega.info

COMITÉ DE REDACCIÓN:

Belén Rodríguez, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez e Manuel Soto.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Inverno - 2012

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN
Manuel Soto
REDACCIÓN
Belén Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
distrito xermar
FOTOGRAFÍA
distrito xermar
Ramsés Pérez

IMAXE CAPA
distrito xermar
(Os tesos cumios do Courel)

ADMINISTRACIÓN
Silvia Amor
D.L.: C-913/1986
ISSN: 1136-2677

A AMPLIACIÓN DA REDE NATURA

A Xunta vén de facer pública a súa proposta de ampliación dos espazos da Rede Natura 2000 para Galiza, que fica na metade da proposta do goberno bipartito en 2007. Desta forma, os espazos protexidos atinxirán o 15% da superficie total galega, moi por debaixo da media estatal (28%). Paralelamente preséntase o Plan Director da Rede Natura que prohíbe expresamente as explotacións mineiras a ceo aberto e os

parques eólicos nos espazos protexidos, pero non a acuicultura industrial.

ADEGA calificou esta ampliación de misérrima e denunciou a rebaixa do control administrativo nos espazos protexidos durante os últimos dous anos. Mentres espazos de elevado interese ambiental fican sen amparo, o 70% daqueles xa acollidos á Rede Natura non se libran dos intereses especulativos.

MARISCO TÓXICO EN REDE NATURA

Os bivalvos tóxicos das "zonas C" de marisqueo serán tratados en dúas bateas de descontaminación situadas na ría de Ferrol e na Enseada de Aldán, en Cangas, ambos os dous espazos de Rede Natura. Tras o rexeitamento de Pescanova da primeira das propostas xa aprobada pola Consellaría que situaba as bateas fronte a piscifactoría que ten a empresa en Morás (Xove), a Xunta preferiu mudar a localización das bateas cara ás áreas protexidas. ADEGA lamenta que a Administración sacrifique dous espazos protexidos fronte aos intereses empresariais de Pescanova sen avaliar tan sequera as consecuencias ambientais e socioeconómicas. O colectivo ecoloxista non cre que esta sexa a solución ás zonas C e insta á Xunta a que estableza medidas de saneamento e recuperación ambiental dos espazos afectados e que potencie a pesca e o marisqueo tradicional.


SEN LEI PARA O RUÍDO E SEN FREOS PARA A INDUSTRIA

A Lei de Acompañamento dos orzamentos de 2011 da Xunta camufla importantes modificacións legislativas, como xa fixera en 2010, co gallo de flexibilizar a lexislación ambiental. Unha das modificacións máis destacadas foi a derogación de toda norma galega contra o ruído. Ademais, elimínase a avaliación de efectos ambientais e o trámite de avaliación ambiental para os proxectos sectoriais de parques eólicos, piscifactorías ou proxectos urbanísticos supramunicipais (como o impulsado para legalizar a situación urbanística de Barreiros). A Lei de Política Industrial, recentemente aprobada cos votos do PP, tamén permite a evasión de certas tramitacións ambientais para os que se consideren "proxectos estratéxicos".



TERRITORIO RESERVADO PARA CAZADORES

A Dirección Xeral de Conservación da Natureza fai público o borrador da nova lei de caza. Alén da rebaixa da idade na obtención do permiso de caza de 16 a 14 anos, os ecoloxistas afondan noutras eivas da normativa centradas na falta de participación pública, a ampliación dos períodos de caza, na pouca consideración cos propietarios dos terreos e na inseguridade que algunhas das medidas propostas crearían para o conxunto da poboación. Elaborada para satisfacer aos cazadores, outorga discrecionalidade á Administración para decidir batidas ou campionatos fóra dos períodos hábiles ou a desafección de zonas de seguridade e veda.



O VAIVÉN DA LAGOA DA FROUXEIRA E DA XUNTA

A lagoa da Frouxeira desauga de forma natural un día despois de que a Xunta procedese á súa apertura artificial "controlada" para evitar que as crecidas da mesma afectasen ás propiedades situadas na chaira natural de inundación. ADEGA pide a dimisión do Director Xeral de Conservación, Ricardo García-Borregón, por autorizar unha vez máis a intervención agresiva no humidal deixándounha situación similar á de hai 2 anos, cando a lagoa ficou practicamente seca. Os ecoloxistas solicitarán ao organismo internacional Ramsar e á Comisión Europea que depuren responsabilidades pola

"nefasta xestión dun ecosistema que conta con 5 figuras de protección".

Ao mesmo tempo, ADEGA sitúa a problemática veciñal e das enchentes no recorte do 34% da superficie protexida do humidal en 2006, a instancias do Ministerio de Medio Ambiente e da Xunta e a favor de intereses urbanísticos. Nese recorte excluíronse as áreas de inundación da lagoa do dominio público marítimo-terrestre. ADEGA pide que se volva protexer ese espazo secuestrado do humidal e que a Xunta publique o Plan de Xestión da Lagoa da Frouxeira que prometeu en 2009.



Antón Muñiz

O CEIDA ESTÁ DE ANIVERSARIO

O Centro de Extensión Universitaria e Divulgación ambiental (CEIDA) cumpriu dez anos o pasado día 10 de xaneiro. Ao acto de conmemoración asistiron o alcalde de Oleiros, Anxo García Seoane, o conselleiro de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio, Agustín Hernández, e o reitor da Universidade da Coruña, Xosé María Barja Pérez, ademais doutros responsábeis das Administracións Públicas, académicos e membros da sociedade civil. Concello, Universidade e Xunta promoveron no

seu día a creación deste centro no Castelo de Santa Cruz (Oleiros), co gallo de ser un referente en educación, información e divulgación ambiental de Galiza. O CEIDA, dirixido por Carlos Vales, aproveitou o seu décimo aniversario para facer balanço da súa actividade na última década destinada a promover a educación ambiental en todos os sectores sociais, o intercambio científico e cultural e o fomento das boas prácticas ambientais.

EN BREVE

Máis eucalipto e lume para os montes. ADEGA, FRUGA, CIG e ORGACMM coinciden en que a nova lei de montes só entende o monte como recurso económico para os madeiristas, esquecéndose da súa función ecolóxica e social e do seu carácter multifuncional (Ler páx. 40-44).

Lobo híbrido. Varios *Canis lupus signatus* ou lobos híbridos foron achados na Serra do Barbanza, o que supón un grave risco para a continuidade xenética do lobo puro. ADEGA insta á Administración a extraer exemplares híbridos a cargo da gardería e persoal especializado e non a través de batidas, tal e como foi autorizado o ano pasado. Nas batidas matáronse lobos non híbridos que non foron declarados.

Prevención de Residuos. Na semana de prevención dos residuos, ADEGA convocou un concurso baixo o lema "Que farías ti para non producir tantos residuos?". A proposta gañadora foi a de Xulián Carballeira Fariña, de Monfero (A Coruña): "Mercar a granel, fomentar o comercio local, aumentar a reciclaxe e compostar os residuos orgánicos". O galardón consistiu nun "kit de compostaxe" (composteiro de 320 litros, manual e libro sobre compostaxe caseira).

Reganosa denunciada na Fiscalía. O Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, ADEGA-Ferrolterra e a Plataforma Veciñal de Mehá denuncian a Reganosa ante a Fiscalía Anticorrupción por presunto tráfico ilegal de gas. Pídenlle que investigue as exportacións de gas natural licuado que se realizan desde a planta regasificadora de Mugardos polo prexuízo que puideran estar causando ao erario público e o perigo ao que expoñén á poboación.

Cumio de Durban. Non serviu para establecer acordos vinculantes sobre a redución mundial de gases contaminantes fronte á mudanza climática, só para adiar a busca de solucións, como xa se acordara en anteriores cumios. O Protocolo de Quioto, que vencía en 2012, continua en vigor. Quioto afecta só ao 25% das emisións de CO₂ do mundo, e pretende reducir as emisións nun 5% con respecto aos niveis de 1990, un obxectivo pouco ambicioso e insuficiente.

CANTEIRA NO PARQUE NATURAL DA LASTRA

Malia a prohibición expresa do Plano Director da Rede Natura da instalación de canteiras en espazos protexidos, a Xunta tramita unha explotación mineira de seis cuadrículas no interior do Parque Natural da Enciña da Lastra promovida pola empresa Canteira Peña Argel S.L., que vén de solicitar permiso de investigación. A zona afectada, ademais de ser Parque Natural e

Rede natura, é LIC (Lugar de Interese Comunitario), ZEPA (Zona de Especial Protección de Aves) e ZEPVN (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais). ADEGA solicita á Xunta que rexeite de inmediato a tramitación desta explotación atendendo, non só á protección legal do espazo, senón ás súas propias directrices.



Ramsés Pérez

MIÑO-SIL, A BACÍA MÁIS SOBREEXPLOTADA DE EUROPA

Gas Natural-Unión Fenosa iniciou a tramitación para a construción dunha central reversíbel na Ribeira Sacra de 763 MW, entre os encoros de Santo Estevo (río Sil) e Edrada (Mao). Este megaprojecto contempla outro túnel nos Canóns do Sil de 5 quilómetros, un pozo de 450m, unha central en caverna e 120 m de profundidade no macizo. Esta central, xunto coa de Belesar III, Os Peares III, Santo Estevo II e Santa Cristina, convertería á bacía Miño-Sil na máis sobreexplotada de Europa.

Doutra banda, ADEGA, Ríos con Vida e o concello de Paradela denuncian a readmisión a trámite de tres

proxectos de minicentraís no río Loio, desestimados pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil en 2005 polo seu potencial impacto sobre especies en perigo de extinción. De pouco serve que o río Loio fose declarado ENIL (Espazo Natural de Interese Local) pola Xunta o pasado mes de outubro, á petición do concello, e que estea integrado na Reserva da Biosfera Terras do Miño. A nova tramitación destes proxectos vese favorecida pola eliminación deste espazo da recente proposta de ampliación da Rede Natura e por un Plan Hidrolóxico que non pecha a entrada a novas minicentraís na bacía Miño-Sil.

CONTRA A INCINERACIÓN NO IRIXO E EN GALIZA

Tras meses de incerteza, a Xunta desvela a localización prevista da segunda planta incineradora dos residuos sólidos urbanos de Galiza, no concello ourensán de O Irixo. As reaccións de oposición contra esta planta promovida por Estela Eólica, unha das grandes beneficiarias do concurso eólico, non se fixeron agardar. Plataformas de veciños, colectivos ecoloxistas e, mesmo, os alcaldes populares de Lalín ou do Carballiño opuxéronse ao proxecto. Desde o eido ambientalista rexéitase o modelo de tratamento escollido, a incineración e os vertedoiros, por ser contrario á reciclaxe e á compostaxe. ADEGA, ademais, critica a adjudicación do servizo público a unha empresa privada sen mediar concurso público e sen garantías de viabilidade.



© distrito xernar

O 7 de xaneiro tivo lugar a primeira manifestación en Lalín contra a planta incineradora.

DRAGADO DA RÍA DE FERROL SEN AUTORIZACIÓN

ADEGA denuncia á Comisión Europea e á Fiscalía que o dragado da Ría de Ferrol promovido pola Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao foi feito sen a autorización expresa da D.X. de Conservación da Natureza, cuxo informe era preceptivo para poder efectuarse nun espazo da Rede Natura (LIC Costa Ártabra). A crítica atinxe á Xunta por emitir un informe de impacto favorábel "a sabendas" de estar incumprindo o procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental.

O PRIMEIRO PREXUÍZO DAS GAIOLAS DE SALMÓN

As gaiolas de cultivo de salmón atlántico na ría de Muros e Noia xeran os primeiros prexuízos no sector. Centos de salmóns mortos aparecen amarrados ás redes e flotando no estuario, procedentes das gaiolas da empresa norueguesa North West Food, instaladas hai uns

meses como proxecto experimental na ría de Muros e Noia. O feito foi denunciado por varias entidades sociais, ecoloxistas e profesionais ante a Fiscalía, que xa abriu dilixencias para iniciar a investigación.

PREMIOS OSÍXENO E DIOXINA 2011

O pasado 17 de decembro ADEGA celebrou a súa XXXVI Asemblea Xeral na vila de Arzúa, na que fixo balanço da situación ambiental do país e dos principais retos para o 2012. Ao final da xornada, ADEGA entregou os premios osíxeno e dioxina 2011. Xosé Alfredo Pereira, presidente da Organización Galega de Comunidades de Monte en Man Común, e a Plataforma pola defensa da Serra do

Galiñeiro, acadaron os premios osíxeno individual e colectivo, respectivamente. Pola contra, foron o alcalde de Barreiros, Alfonso Puente, e a Consellaría de Medio Rural, os que levaron os premios dioxina, aqueles que se identifican cunha actitude negativa cara ao medio ambiente. O premio Osíxeno de Honra foi entregado a Mini e Mero polo seu compromiso cos valores culturais e naturais do país.



Mini e Mero foron galardoados co premio Osíxeno de Honra 2011.

INFORME PROXECTO RÍOS 2011

O Informe anual de Proxecto Ríos 2011 confirma que existe un lixeiro retroceso no estado ecolóxico dos ríos inspeccionados, cara a moderado ou deficiente, e ratifica a tendencia cara a degradación, cada vez máis acusada, do bosque de ribeira. No obstante, a maioría dos ríos estudados presentan un estado de conservación bo ou moi bo e

mellora timidamente a calidade do hábitat con respecto ao ano 2010. Os ríos Lagares, Sar, Tinto, Baa, o rego de Corme e dous treitos do río Limia son os puntos negros desta edición. En 2011 aumentou a participación en Proxecto Ríos, acadando os 207 grupos de voluntarios, dos cales o 67% participou na elaboración deste informe anual.

EN BREVE

Alcalde e a arquitecta de Barreiros na Fiscalía. ADEGA denuncia a arquitecta municipal e ao alcalde de Barreiros por presunta prevaricación e falsidade documental no outorgamento dunha licenza urbanística na zona de San Bartolo. A promoción atópase en solo urbano non consolidado, zona de dominio público e de policía dun rego, parcialmente en terreo municipal e co informe desfavorábel da secretaria do concello.

Áridos asfálticos do caso Arena. A Plataforma de Defensa dos Camiños, AETNA, Plataforma de Afectados polo Polígono industrial de Vilar do Colo, Verdegaiá, ADEGA e a SGHN denuncian ante a Fiscalía e a Consellaría de Medio Ambiente o depósito de áridos asfálticos procedentes de Holanda por parte da empresa Manmer nas proximidades do río Baa e no Porto Exterior de Ferrol. Afirmar que se trata dun material tóxico e altamente contaminante. En total, calcúlase que os dous vertidos deste residuo na comarca de Ferrol suman unhas 360.000 toneladas.

Roteiros máxicos. ADEGA Lugo dedica o curso de roteiros 2011-2012 á "Galiza máxica. Un país de lendas". Con este ciclo de andainas preténdese divulgar e poñer en valor o carácter místico ou fantástico de lugares e elementos que foron adquirindo un significado ao longo dos tempos ata formar parte da nosa identidade colectiva. Pódese consultar a programación en: www.adega.info.

Travesía en piragua polo Burgo. ADEGA-A Coruña celebrou o pasado outono a primeira edición de Travesía en Piragua pola Ría do Burgo para reclamar a súa completa rexeneración e revalorización como ben común da comarca. A actividade nace con vocación de continuidade, de non efectuarse a rexeneración da ría, tal e como tiñan prometido as administracións galega e estatal.

Manifesto pola Mobilidade. Varios colectivos sociais constituídos en plataforma rexeitan a retirada do actual carril bus na cidade da Coruña por entender que empeorará o tráfico e o transporte público e que é unha chamada ao uso do vehículo privado. Tamén piden un Plano de Mobilidade para toda a comarca que dea prioridade aos viandantes, bicicletas e transporte público.

Móvete coa túa propia enerxía.


metrominuto Pontevedra



Distancias e tempos camiñando pola cidade.

Tempos aproximados para camiñar pola cidade, calculados sobre a base de 5 km/h de media.

Fixate na cor do traxecto, a distancia e o tempo que aproximadamente che levará percorrelo.




A pé vives máis.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

LIBROS



FLORA Y VEGETACIÓN DE LAS ISLAS CÍES. Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia.

Fernández Alonso, J;
Blanco-Dios, J;
Bernárdez Villegas, J. G;
Rigueiro Rodríguez, A.
Organismo Autónomo Parques Nacionales.
Serie Técnica.
Español (750 páx.)
ISBN: 978-84-8014-798-9
D.L.: AB-328/2011

As illas Cíes contan con numerosos estudos de flora desde que en 1943 Losa España publicara "Datos para el estudio de la flora gallega. Plantas de las islas Cíes". O traballo actual revisa todas as publicacións anteriores e incrementa o número de especies descritas, que na actualidade supera as 600, entre especies, subespecies, híbridos e variedades. Trátanse con especial relevancia as especies presentes nos catálogos de flora ameazada e a flora exótica invasora.



EL NEGOCIO EÓLICO

Rosa Mª Regueiro Ferreira
La catarata
Español (136 páx.)
ISBN: 978-84-8319-637-3
Prezo: 16 €

As enerxías renovábeis, fundamentalmente a eólica, acadaron unha grande relevancia no panorama enerxético mundial pola demanda crecente de enerxía dispoñíbel. Debido ás iniciativas e normativas institucionais implantadas nos últimos anos, a Unión Europea, e particularmente o Estado español, conseguiron facerse cunha posición de liderado no sector eólico. A autora fai un repaso polas políticas de fomento da enerxía eólica levadas a cabo nos principais países produtores europeos e polas repercusións que o sector tivo desde 1995 na xeración de emprego, no impacto ambiental e noutras variábeis clave en Galiza.



ATLAS DOS ANFIBIOS E RÉPTILES DE GALICIA

Moisés Asensi Cabrita
(Coordinador) - SGHN
Galego (115 páx.)
ISBN: 978-84-88194-19-0
D.L.: 1607-2011
Prezo: 9,95 €

Logo de seis anos de traballo, por fin saíu á rúa o "Atlas dos Anfibios e Réptiles de Galicia", editado pola Sociedade Galega de Historia Natural, que vén ser unha actualización do primeiro Atlas de Vertebrados de Galicia, publicado no ano 1995, referido aos nosos herpetos. Gazar ao esforzo desinteresado de 120 colaboradores obtivéronse máis de 5.000 datos de anfibios e 3.000 de réptiles. O libro achéganos as fichas de 14 especies de anfibios e de 26 réptiles da nosa xeografía. Cada ficha consta dunha foto, un mapa da súa distribución en Galiza, un apartado dedicado á distribución mundial, unha comparativa co atlas anterior, o hábitat e poboación, as ameazas e conservación e a súa catalogación.

Máis info: www.sghn.org

GUÍAS



GUÍA DAS LIBÉLULAS DE GALICIA

Miguel Ángel Fernández-Martínez (texto) e
Calros Silvar (ilustracións).
Baía Edicións
ISBN: 978-84-92630-92-9
Prezo: 33, 65€

Esta guía trata sobre un grupo de insectos que reciben en Galiza as denominacións de tizóns do demo, cabalos do demo, gaiteiros do demo, sacaollos, quitaollos, mollacús, lavacús, gaiteiros e candileiros ou candís. Recentemente, para denominar estes insectos, incorporáronse a estas formas vernáculos outras de orixe culta, como libélula e libeliña. En termos técnicos estes insectos son agrupados na orde Odonata e denominados como odonatos. A guía facilita a identificación das libélulas mediante a súa observación directa, sen intervención nin captura, ou coa única axuda duns prismáticos e algo de paciencia. Ao mesmo tempo, busca servir de guía de campo para os naturalistas que queiran identificar as diferentes especies de libélulas de Galiza, atendendo as formas adultas. Descríbense 62 especies das máis habituais no país e mesmo algunhas que, polas condicións de cambio climático existentes, en breve pasarán a ter o seu hábitat natural aquí. Todas elas están magnificamente ilustradas por Calros Silvar e a toda cor.


LIGAZÓN

WWW.QUEPO.ES

ONG audiovisual. Vídeos para o debate e a acción social.

QUERer é POder. Quepo é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa o audiovisual como ferramenta de información, denuncia e sensibilización para concienciar e fomentar a acción. Traballa para transmitir historias que nos axudan a aprender, dialogar e actuar. A organización sostén que os habitantes do planeta temos dereito a unha vida digna e xusta, pero tamén a unha infor-

mación transparente e de calidade que afronte cuestións primordiais que deberan ser debatidas na sociedade. Para iso: "Aportamos a nosa experiencia como profesionais e o noso coñecemento do sector para producir un achegamento do audiovisual social á sociedade civil, realizando audiovisuais para os movementos sociais e ONGs, producindo proxectos propios e apoiando a creación, distribución e exhibición de proxectos de contido social".



'RECURSOS' CERNA PIDE A TÚA COLABORACIÓN

Se estás interesad@ en que divulguemos na revista galega de ecoloxía e medio ambiente Cerna algún libro, CD, revista, película, documental, etc, ponte en contacto con nós no seguinte enderezo electrónico; ramses@adega.info, indicando 'Recursos' Cerna.

LUMES: O PEOR ANO DOS ESPAZOS PROTEXIDOS

Fins Eirexas*

Un incendio forestal, independentemente da súa orixe, degrada valiosos solos que tardan milleiros de anos en formarse, perdéndose grande parte da súa fertilidade. Incrementase tamén o risco de erosión, favorecendo a escorrentía e diminuíndo a infiltración da auga, chave para o subministro de moitas poboacións. Nun contexto de diminución da dispoñibilidade do recurso auga (o cambio climático está a provocar a concentración das chuvias en períodos de tempo máis curtos, retardando a recarga dos acuíferos dos que se abastece a poboación), os incendios contribúen a agravar este problema. Cómpre ter en conta tamén as consecuencias sociais e económicas das enchentes, coma as acontecidas logo da vaga de lumes de 2006, co asolagamento de moitas vilas polas avenidas e as importantes mortaldades nos bancos marisqueiros provocadas pola chegada masiva de sedimentos e cinsas ás praias. O lume é por tanto un problema que non só afecta aos ecosistemas forestais.

E por suposto, a biodiversidade vese gravemente afectada durante e despois dun lume, incluíndo hábitats e especies moi fráxiles e ameazadas. Debemos preocuparnos por esta perda de biodiversidade porque desaparece parte do noso patrimonio vivo. Moitas das funcións atribuídas aos ecosistemas do monte non teñen cuantificación económica directa porque non se poden mercar ou vender. As alteracións causadas neste complexo tecido, cuxas redes tróficas amosan dinámicas temporais que transcenden o período dunha lexislatura, precisan de avaliacións e intervencións inspiradas por criterios non exclusivamente economicistas.

Nos 15 primeiros días do pasado mes de outubro, os lumes de Ourense arrasaron 10.909 Ha só en 4 espazos protexidos da Rede Natura: O Macizo Central perdeu máis dun 12% de territorio (5.775 Ha), principalmente nas serras do Invernadoiro e Queixa; a Baixa Limia-Serra do Xurés perdeu un 11% (3.607 Ha), tamén nas zonas de

Ramsés Pérez



Na primeira quincena de outubro, o lume arrasou con preto de 11.000 hectáreas tan só na provincia de Ourense, afectando a catro espazos da Rede Natura. O Macizo Central perdeu máis dun 12% do seu territorio protexido.

Ramsés Pérez



O pasado 22 de outubro centos de persoas e organizacións concentráronse na Praza do Concello de Trives para reivindicar á Xunta medidas de prevención e loita contra o lume nos espazos protexidos, nomeadamente, nas zonas afectadas do Macizo Central.

maior valor; e en Pena Maseira e Pena Trevinca ardeu o 7,6% e 5,7% da superficie (467 e 1.100 Ha, respectivamente). Estes datos, compilados por ADEGA, baséanse en fontes de información, informes e recursos independentes, xa que a Xunta ocultou primeiro e logo minimizou a superficie queimada, particularmente nos espazos protexidos.

Se en 2006 os incendios afectaron maiormente a áreas periurbanas e cos-


teiras, cunha incidencia relativamente baixa e dispersa sobre os nosos espazos protexidos (menos dun 2% do total queimado), neste 2011 a superficie queimada só en 4 espazos da Rede Natura achégase ás 12.000 Ha, o que supón máis do 33% da superficie queimada en todo o ano (35.702 Ha). Tendo en conta a cativa representación territorial que a Rede Natura ten en Galiza (menos dun 12%), a incidencia dos lumes deste ano constitúe unha das

catástrofes ecolóxicas máis importantes acontecidas no país desde o Prestiige.

Feijóo e Juárez celebraron que a maior parte do ardido foi "monte raso". Alguén debería informarlles de que precisamente moito do valor ecolóxico do queimado, particularmente no Macizo Central e Xurés, corresponde ao mato atlántico, breixeiras, uceiras e turbeiras, hábitats sinalados pola UE como de protección prioritaria e chave para a conservación de especies emblemáticas como a aguia real ou o lobo. A perda destes hábitats, alén de ser unha catástrofe para a nosa biodiversidade, coarta tamén outros aproveitamentos compatíbeis do monte (silvopastoreo, aproveitamento de cogomelos, apicultura, turismo de natureza, biomasa, caza, etc.), iso que deuse en chamar multifuncionalidade e que eses mesmos responsábeis invocan sen coñecer o seu significado.

Á vista da manifesta incapacidade da Xunta para atender á dimensión da catástrofe deste outono, ADEGA demándalle que estableza unha serie de prioridades para minimizar os efectos perniciosos post-lumes: cómpre establecer con urxencia programas de restauración ambiental e loita contra a erosión nas zonas queimadas, particularmente nos espazos da Rede Natura. A perda de solo e os arrastres de cinsas e sedimentos podería supoñer unha segunda catástrofe ecolóxica para estes espazos e facer moito máis difícil a súa recuperación.

No caso dos espazos afectados (Macizo Central, O Invernadoiro, Queixa, A Limia, O Xurés, Trevinca, Pena Maseira...) cómpre a declaración de zona catastrófica para unha inxección directa de axudas e medios, comprometendo os orzamentos precisos para os planos de recuperación hidrolóxico-forestal e de recuperación da biodiversidade. Deberíase comezar por protexer da erosión as zonas queimadas, acondicionando faixas de protección contra a



Imaxe de satélite das zonas queimadas na provincia de Ourense o 18 de outubro de 2011 recollida por ADEGA.

escorrentía e evitando no posíbel o uso de maquinaria pesada en espazos sensíbeis. Medidas complementarias deberían ser tamén a suspensión da tempada de caza non só nas zonas queimadas senón tamén no seu perímetro xa que a fauna tende a refuxiarse nestas áreas, así como dispoñer alimento de urxencia para gando e fauna salvaxe. Ula a Dirección Xeral de Conservación da Natureza?

O goberno do PP decidiu retomar a mesma política de escaparate da era Fraga, isto é, dedicar 100 millóns de euros á extinción e anular a maioría das medidas de prevención postas en marcha. Ademais de criticar abertamente a Lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Lumes Forestais, que debería aplicar (xa vai modificala a través dunha nova Lei de Montes), a Xunta ten reducido significativamente os operativos de loita contra o lume, eliminado o Voluntariado do Monte, suspendidas as BIIF (Brigadas de Investigación dos Incendios Forestais), desactivado as UXFOR (Unidades de Xestión Forestal) e abrindo a porta á especulación coas SOFOR (Sociedades

de Fomento Forestal), mentres segue practicando unha política escurantista no plano informativo. Mesmo estableceu por decreto que, independentemente da climatoloxía, os lumes deben acontecer de xuño a setembro. Resultou patético ver ao conselleiro Juárez a finais de setembro presentando un balanço triunfal da tempada 2011 (12.702 Ha queimadas) que quince días despois, se triplicaba.

Porén, desde hai anos tense claro que o mellor xeito de atallar os lumes é mediante a prevención. Á falla de atención ao medio rural de montaña, á ausencia dunha política forestal coherente, de investimentos e de propostas para uns espazos interiores cunhas potencialidades enormes, hai que engadir a incompetencia e o desleixo dos seus xestores, para os que "o medio rural está condenado a desaparecer" en palabras do propio conselleiro Juárez. Eis unha auténtica declaración de intencións, a proba do nove da incapacidade e o desleixo institucional.

* Fins Eirexas é o Secretario executivo de ADEGA.



TERRITORIO E URBANISMO: O CASO BARREIROS

Belén Rodríguez

Así se titularon as charlas que ADEGA e o Colexio de Arquitectos de Lugo organizaron o pasado mes de outubro na cidade das murallas para incitar o debate sobre a problemática urbanística de Barreiros. As charlas dividíronse en dúas sesións. A primeira estivo centrada no "Urbanismo e Arquitectura", na que participaron o ex Director Xeral de Urbanismo, Ramón Lueje; o presidente do Colexio de Arquitectos en Lugo (COAG), Raúl Veiga, e o voceiro de ADEGA, Daniel López Vispo. A segunda mesa, titulada "Urbanismo e Dereito", acolleu as análises xurídicas de Fernando de Abel Vilela e Alba Nogueira, ambos os dous profesores de Dereito na Universidade de Compostela, e de Xosé Luis Sanmiguel, secretario do COAG en Lugo.

URBANISMO E ARQUITECTURA

Esta ocasión foi a primeira vez que o ex Director Xeral de Urbanismo, Ramón Lueje, se pronunciou publicamente sobre o caso Barreiros, sobre o que sentenciou que "constitúe un caso paradigmático de municipios que se enfrontaron ao *boom* urbanístico con planeamentos obsoletos e que, pese a ser avisados, non se adaptaron a ningunha das leis vixentes".

Fronte ás acusacións do PP e do alcalde popular, Lueje desminte que houbera intención de persecución política na suspensión da planificación urbanística obsoleta de Barreiros e no recurso das licenzas outorgadas pola vía xudicial. "Intentábase frear unha irracionalidade urbanística que, previamente, se quixo arranxar a través de varios intentos de achegamento ao concello nos que se lle requiriu a revisión de licenzas outorgadas; pero o alcalde fixo caso omiso. Non houbo máis remedio que

"O territorio e a lingua son a identidade dos pobos, se acabamos con eles non nos queda nada", Ramón Lueje.

acudir aos tribunais". E engade: "Propuxémoslle ao concello que fixese un planeamento adaptado á Lei do Solo cunha subvención do 100%. Despois de seis anos aínda non oín nada dese planeamento".

O ex titular de Urbanismo subliñou que o seu Departamento tamén actuou en aras de repoñer a legalidade en concellos socialistas, como o de Foz, no que interpuxo un recurso contencioso contra o acordo plenario no que aprobaba a concesión de licenzas para 1.700 vivendas. Respondeu así ás críticas de arbitrariedade do actual goberno e tamén ás



De esquerda á dereita: Daniel López Vispo (ADEGA), Ramón Lueje (ex Director Xeral de Urbanismo), Raúl Veiga (COAG) e Froilán Pallín (ADEGA).



De esquerda á dereita: Xosé Luis Sanmiguel (COAG), Froilán Pallín (ADEGA), Alba Nogueira (USC) e Fernando de Abel Vilela (USC).

do sector da construción. Lueje afirmou que "de non denunciar aquelas obras, a día de hoxe teríamos pantasma de infraestruturas en toda a costa de Barreiros, sen servizos, sen as plusvalías urbanísticas que pertencen á colectividade e sen un planeamento municipal que dese seguridade xurídica para enfrontar o problema". Así mesmo, cua-

lificou o Plano Sectorial de Barreiros como un "parche que se vai pagar con fondos públicos e que non cumpre cos requisitos legais".

Pola súa parte, o voceiro de ADEGA, Daniel López Vispo, exemplificou a corruptela local nunha das licenzas outorgadas polo concello de Barreiros hai escasamente dous anos. Trátase dunha

promoción construída na zona de San Bartolo pola que ADEGA denunciou ante a Fiscalía ao rexedor de Barreiros e á arquitecta municipal, ao presentar varias irregularidades, non só na construción dos edificios (sotos por debaixo de rasante, vivendas en baixos cubertas, falta de vías e zonas de equipamento); senón tamén no outorgamento da licenza por silencio administrativo (sen ter transcorrido o prazo legal), sen os servizos mínimos obrigados en solo urbano consolidado, e pese ao informe desfavorábel da secretaria do Concello. Ademais a promoción levantouse en zona xa afectada pola suspensión das Normas Subsidiarias do Concello, sobre terreos parcialmente de titularidade pública e sobre espazo de dominio público hidráulico sen autorización de Augas de Galiza.

Como esta licenza ilegal, dixo Vispo, hai moitas outras outorgadas no concello de Barreiros, polo que existen motivos suficientes para impugnalas ante os tribunais: "a retirada dos recursos xudiciais por parte da actual Xunta contra o concello de Barreiros é un erro que roza a prevaricación, así como a aprobación dun Plano Sectorial que intenta legalizar estas construcións indiscretamente. Para que se queren mellorar as infraestruturas do concello se os informes da arquitecta municipal dicían que tiñan todos os servizos?".

Raúl Veiga, presidente do Colexio de Arquitectos de Lugo afirmou que foi este órgano o que alertou á Consellaría do

"Todas as actuacións promovidas pola Xunta para legalizar a situación de Barreiros constitúen unha fraude de lei", Fernando de Abel Vilela.

bipartito da inxente cantidade de licenzas para as que se estaba solicitando visado no Concello de Barreiros durante o ano 2006: "Daquela había 3.200 veciños censados no municipio, porén pretendíanse visar máis de 6.000 vivendas en dous anos". Tamén a concesionaria eléctrica da zona informou a Urbanismo da súa incapacidade para garantir o subministro de enerxía para tantas vivendas.

URBANISMO E DEREITO

Na segunda sesión das xornadas, Fernando de Abel Vilela e Alba Nogueira, ambos os dous profesores de Dereito

Administrativo na Universidade compoñerán un equipo que cualificará como fraude de lei as actuacións exercidas pola Administración autonómica para legalizar a situación urbanística de Barreiros. Segundo Alba Nogueira, a Xunta está a utilizar os instrumentos legais existentes para "trampear" os obxectivos de sostiñabilidade ambiental que promulgan as normativas dos últimos anos sobre a intervención no territorio. "Unha das ferramentas deturpadas é o decreto de supramunicipalidade, usado neste caso para avala-

"De 67 municipios de Lugo, só 12 teñen o planeamento urbanístico adaptado á lei vixente", Xosé Luis Sanmiguel.

unhas actuacións da Xunta moi afastadas do aparente obxectivo do decreto: facilitar a ordenación territorial e ambiental de determinadas actividades."

Paralelamente, o Plano Sectorial aprobado polo Consello da Xunta para legalizar as obras de Barreiros debería pasar pola Avaliación Ambiental Estratégica, un requirimento comunitario que, segundo Alba Nogueira, a Xunta pretende vulnerar a través da modificación da Lei de acompañamento dos orzamentos. "Isto é vulnerar o dereito comunitario, por tanto é ilegal", dixo.

A eliminación do requirimento ambiental da normativa urbanística e a aplicación do decreto de supramunicipalidade no caso Barreiros é unha falta de respecto á toda normativa e ás aparencias democráticas, insistiu a profesora, pero tamén ao Parlamento Galego que é quen elabora as leis. A isto súmase o convenio a tres bandas (Xunta, Deputación de Lugo e Concello) no que se afirma, "con total descaro que se unha norma con rango de lei ou decreto estorba, modificarase para validar a situación do concello de Barreiros".

Fernando de Abel Vilela chamou a atención sobre o acordo das tres administracións mencionadas plasmado no devandito convenio polo que se destinan 14 millóns € de fondos públicos para a dotación dos servizos mínimos esixíbeis por lei, que deberan ter sido instalados previamente a cargo promotores das obras. Tamén dubida de que estea axeitadamente probada a incidencia supramunicipal do Plano Sectorial, por atender só a catro parroquias do concello e xustificarse na creación de postos de traballo: "Seguindo este paradigma, todos os empresarios galegos poderían amañar o seu problema pedíndolle á Xunta un plan de supramunicipalidade".

Segundo o letrado, a única solución legal que se prevé en Dereito para arranxar situacións de ilegalidade urbanística como a de Barreiros é a que dispón o procedemento de reposición de ilegalidade urbanística, que pode determinar a demolición das edificacións. No obstante, cre que calquera solución a estas alturas é mala para o concello: "non

"A eliminación dos requirimentos ambientais no caso Barreiros é unha falta de respecto pola democracia e polo Parlamento Galego", Alba Nogueira.

existe seguridade xurídica, nin tampouco garantías de compra e venda das vivendas, nin tan sequera de que as administracións conveniadas poidan investir eses fondos públicos". O dato ofreceuno o Secretario do COAG en Lugo, Xosé Luis Sanmiguel: "O concello de Barreiros conveniouno destinar 7 millóns €, máis do dobre do seu orzamento para o vindeiro ano". Desde a súa perspectiva, a seguridade xurídica xerada crea tamén unha inseguridade técnica inasumíbel e criticou a variabilidade continua das normas do solo na última década.



EQUIPAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
ALBERGUE TURÍSTICO RURAL
ACTIVIDADES PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL E A SOSTIBILIDADE

BREANCA – DOROÑA
15615 VILARMAIOR (Pontedeume) A CORUÑA
info@alvarela.com
www.alvarela.com
Tfnos.: 648 925 134
981 784 563





*nós axudamos
a conservar as
fragas galegas*

Axuda a conservar as fragas galegas

Esta campaña de ADEGA está orientada á compra de terras co obxectivo de custodiar e recuperar ecosistemas forestais propios do país. Queremos frear o avance progresivo de especies foráneas que favorecen os lumes e compiten coas especies de flora e fauna galegas.

Onde se fai a custodia?

Prioritariamente na comarca natural do Alto Ulla, a carón da Eira da Xoana, onde ADEGA xa dispón duns 20 ferrados. Pero a custodia pódese desenvolver noutros lugares da xeografía galega, dependendo do interese dos terreos para a súa conservación.

Como podes colaborar?

Como persoa ou entidade colaboradora a través de doazóns que se establecen en función da superficie que queiras axudar a custodiar:

2€ = 1m²

12€ = ½ cuartillo (12m²)

23€ = 1 cuartillo (23m²)

536€ = 1 ferrado

Doazón libre

Fai a túa doazón en calquera local de ADEGA ou a través do seguinte número de conta: 2080 0034 71 0040007934



Máis información en:

www.eiradaxoana.blogaliza.org

ADEGA

Travesa de Basquiños, 9 baixo
15704 Santiago de Compostela

A REPÚBLICA ECOLÓXICA DO ALTO ULLA

Xosé Salvadores

Un ano de actividades continuadas converteron as instalacións que ADEGA ten en Ramil, a chamada Eira da Xoana, nun centro de dinamización do Alto Ulla, pero entendo que foi algo máis. Máis dun milleiro de visitas nun ano cunhas infraestruturas mínimas e situadas no mesmo corazón de Galiza requiriron dun esforzo prolongado, constante e moi entregado por parte dalgúns socios e socias que, co seu traballo voluntario, fixeron posíbel semellante travesía. Do que fixemos neste primeiro ano dá conta o balance de actos que promovemos ou nos que estivemos presentes.

FESTAS DA TERRA

O solsticio, no principio do inverno, no que aplaudimos o feito de empezar a medrar os días. A entrada da primavera trouxo o Entroido e nós corrémolo canto puidemos. Tivemos un Día para a Diversidade natural e cultural con actos relativos á natureza, literarios e musicais. Festexamos a chegada do verán co Día do Lume Vello e participamos na Festa da Cabra, a festa da nosa aldea: Ramil.

Coa chegada do outono veu a esmelta e recuperamos a tradición de facer sidra. Conmemoramos o Samaín. Contamos contos e pelexamos contra as plantas invasoras. Fixemos queixo e requeixo. Puxemos en valor e reclamamos atención para os nosos maltratados ríos cunha demostración de Kaiak e un acto no que participaron uns 30 ribeiregos vidos desde as diferentes cuncas do país. Plantamos teixos para axudar a recuperar a especie e plantas medicinais para axudarnos a alegrar a vida. Saímos a ver e recoñecer paxaros e plantas ventureiras con expertos na materia. Estivemos na sega e na malla en Albá. Recollemos os froitos da terra e comemos os carapuchos dos sapos. Pero aínda hai máis.

POSTA EN VALOR DO LOCAL

Recibimos excursións e fixemos roteiros guiados en inglés e para a xente do país. Producimos mel e fixemos sidra. Presentamos libros e promocionamos o comercio local. Recibimos e escoitamos con atención as propostas da Banca Ética. Reivindicamos o Castelo de Pambre. Con éxito demos a coñecer o proxecto aproveitando as novas tecnoloxías. Sentimos a emoción de comer e cantar xuntos. Visitamos a veciñanza e fixemos amigos e amigas...

BALANZO

Estamos satisfeitos polo adiantado nun ano. Neste mundo actual globalizador, individualista, depredador e antinatural, iniciamos a creación dun minimundo diferente, unha illa austera nesta sociedade consumista e desbaldadora. Por iso a Eira da Xoana é perigosa: nela podes incluso cambiar de maneira de pensar. Estando na Eira e mergullados na súa dinámica perde interese o particular, que semella pobre e estéril, porque alí prima o colectivo, a solidariedade, onde teñen importancia

as cousas pequenas, os xestos xenerosos cara aos compañeiros e compañeiras. Hai un fondo respecto ao natural e temos normalizada a nosa cultura. Pero esta micro república precisa de medios materiais e, sobor de todo, humanos, para levar adiante as ideas e proxectos que temos no maxín. Precisamos compañeiros e compañeiras xenerosos e dispostos que consideren como seu este proxecto ecoloxista, pacifista e propio do país que amamos, porque o labor non acaba máis que empezar e o que queda por facer é literalmente infinito.

X. Salvadores



Así nos divertimos correndo o antroido polas casas dos veciños da Eira da Xoana.

X. Salvadores



Cumprimos cun dos nosos grandes compromisos: facer sidra na Eira da Xoana para recuperar unha bebida propia da zona e de Galiza.

X. Salvadores



Celebramos o Día da Diversidade natural e cultural con música, baile, divertimento e xogos para os máis novos. Tamén houbo lugar para a visita ao Castelo de Pambre, da man de Marcial Barral.

X. Salvadores



O PATRIMONIO CULTURAL NA MARIÑA E MARIÑAPATRIMONIO

Manuel Miranda*

Na Mariña luguesa, coma no resto das comarcas galegas, contamos cun importante e rico patrimonio cultural. Lamentablemente, observamos como día a día este patrimonio se vai destruíndo impunemente en toda Galiza e dunha maneira especialmente grave nas zonas costeiras. A praga dos paseos marítimos, o urbanismo salvaxe, as infraestruturas, os parques eólicos e a industria do eucalipto, coa conseguinte apertura de novas pistas nos montes e a utilización de maquinaria pesada para a tala e repoboación, son os principais responsábeis das constantes agresións que sofre o noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural. Como consecuencia de todo isto, Galiza conta con numerosas asociacións cuxo obxectivo primordial é a protección deste vizoso patrimonio cultural, e unha delas é Mariñapatrimonio.



Humberto P. Pool.

Vista aérea do xacemento do castro da Atalaia.

Centrándonos na Mariña lucense, en xuño de 2007 trala decisión do Concello de Cervo de outorgar licenzas para edificar un cento de vivendas enriba do castro da Atalaia (San Cibrao), e vendo que o alcalde, Xosé Insua, non acataba a orde ditada pola Xunta de paralizar as obras que estaban destruíndo o xacemento, un grupo de veciños e veciñas decidimos actuar cortando o paso dos camións e impedindo que continuase a desfeita. A partir deste momento, co apoio inestimábel dos veciños da Atalaia, de ADEGA, a través da colaboración do infatigábel Daniel Vispo, decote disposto para nos axudar no que fose necesario, e co apoio de Lugopatrimonio e do seu presidente Lois Diéguez, comprometido sempre na defensa do país, encetamos unha apaixonante andaina que continuamos até o día de hoxe.

A Atalaia foi a gota que colmou o vaso das agresións que viña soportando o patrimonio na Mariña luguesa, por iso,

un grupo de mariñáns decidimos en xaneiro de 2008 organizarnos e crear a asociación sociocultural Mariñapatrimonio. Dende entón, as mulleres e homes que formamos parte desta asociación continuamos coa loita pola defensa do xacemento da Atalaia e, despois de varios anos de denuncias e de moito traballo, logramos que se evitase a súa destrución, conseguimos que a Dirección xeral de Patrimonio da Xunta recoñecese a grande importancia deste asentamento e que non permitise a construción dos edificios proxectados. Este logro demostrounos que é posíbel gañar batallas que *a priori* poderían parecernos perdidas.

A través desta asociación, en estreita colaboración con ADEGA, denunciámos e demos a coñecer á opinión pública todas as agresións ao patrimonio mariñán das que tivemos noticia. Á parte das múltiples denuncias pola destrución do xacemento da Atalaia, denunciámos a desaparición dunha boa parte do xacemento



Mariñapatrimonio

Petróglifo de Rueta (Cervo).

do Coído (Cervo), como consecuencia da construción do Polígono industrial de Cuiña; a destrución por parte do Concello de Barreiros dun hórreo en Pouparín (San Miguel de Reinante) para construír unha pista de pádel; as talas e repoboacións de eucaliptos que danaron mámoas no Monte da Cadeira, en Lourenzá; o Pico da Lebre en Foz; o Monte da Canteira en Xove; xacementos castrexos, como o Castelo de Celeiro (Viveiro); o xacemento de Pereriraboa e o castro da Vela en Morás, en Xove. Este último concello tamén se denunciou pola agresión ao castro de Sumoas, que pretende achaiar mediante recheos de terra para construír unha área recreativa con mesas e grellas.

Desde Mariñapatrimonio compartimos a idea de que para defender o patrimonio é necesario coñecerlo; por iso, esta asociación organizou e segue organizando frecuentes conferencias nas que conta coa colaboración de persoeiros destacados nos diferentes ámbitos da vida cultural galega: historiadores como Dionisio Pereira, Xoán Carmona, Xoán Ramón Fernández Pacios, Miguel Abreira, Prudencio Viveiro Mogo, Anselmo López Carreira e Adolfo de Abel Vilela; arqueólogos como Eduardo Ramil Rego e Antonio de la



Agresión ao castro de Sumoas (Xove).



Visita de ADEGA ao castro da Atalaia (Cervo).

Peña; o filólogo Xosé Ramón Freixeiro Mato; a recoñecida restauradora Branca Besteiro e a arquitecta Carlota Eiros; o escritor Lois Diéguez; os tamén escritores

e expertos en patrimonio inmaterial, Antonio Reigosa, Xosé Miranda, Isaac Ferreira e Manuel Lourenzo, así como os cantantes Mini e Mero.

Outras actividades de difusión do patrimonio mariñán leváronnos a organizar visitas guiadas a lugares tan interesantes como a carpintaría de ribeira en San Cibrao, propiedade de Francisco Fra; a Torre de Tovar en Lourenzá; os castros costeiros de Ribadeo e Barreiros; as cetarias de Rinlo; o mazo de Bogos; os fornos da Pontenova; as ferrarías e os ferreiros de Riotorto e a basílica de San Martiño de Mondoñedo en Foz. Realizáronse ademais exposicións itinerantes nos centros de ensino da Mariña sobre o castro da Atalaia e a industria do ferro, esta última acompañada dunha interesante e amena demostración do traballo na forxa a cargo do ferreiro Telmo Cao, que implicou as alumnas e os alumnos facendo cadanseu cravo de ferro.

Con todo, unha boa parte do patrimonio da Mariña aínda está por coñecer. Por este motivo a nosa asociación, cando ten noticia dalgún ben patrimonial inédito e /ou sen catalogar, comunícallo ao Servizo de Patrimonio Cultural, tal e como marca a Lei, para que o inclúan no

inventario da Dirección Xeral de Patrimonio e poida gozar da protección pertinente. Por suposto, tamén informamos á opinión pública a través dos diferentes medios de comunicación.

Destá forma demos a coñecer os primeiros petróglifos da Mariña, localizados no castro da Atalaia, seguidos polos de O Coído, Rueta e A Pena (Cervo); os das Tetas da Vinculeira (Burela) e o das Pisadas do Encanto, nas Anzas (Ribadeo). Así mesmo, sacamos á luz a existencia dun importante xacemento do Paleolítico Inferior no río Covo, aos que se sumaron a aparición doutros útiles líticos infero-paleolíticos como os de Trasbar, Sargadelos, A Senra, o Guioncho, localizados todos no concello de Cervo e outros máis nos concellos de Foz, Ribadeo, Barreiros, Xove, Alfoz e Ferreira de Valadouro. Máis recentemente informamos tamén da posíbel existencia dun asentamento normando na praia de San Román, nun lugar coñecido como Os Moutillós, que se atopa no concello de O Vicedo.

Creemos que, como resultado de todo este traballo, estamos contribuíndo a que as persoas se conciencien da importancia que ten a conservación do patrimonio material e inmaterial. Esta crenza susténtase no interese que esperta nunha boa parte da poboación todo o relacionado con estes temas, así como a indignación que manifiestan cando se coñece unha nova agresión.

Estamos convencidos e convencidas de que as numerosas asociacións galegas que defenden o patrimonio, entre as que se inclúe a nosa, son na actualidade unha ferramenta imprescindible na súa preservación e difusión. Por este motivo, faise cada vez máis necesaria e urxente a creación dunha Mesa que aglutine a persoas e asociacións implicadas na defensa do patrimonio cultural do noso país.

* Manuel Miranda é Presidente de Mariñapatrimonio.

DAIQUÍ
Alimentos Ecolóxicos a domicilio

*Coidamos a terra
para coidar de ti*



www.daiqui.com

AGRICULTURA ECOLÓXICA
www.daiqui.com telf.: 988 30 21 71

A CUSTODIA DO TERRITORIO COMO FERRAMENTA DE CONSERVACIÓN

Ramsés Pérez*

Galiza é unha paisaxe humanizada que as galegas e os galegos modelaron e xestionaron durante séculos. Porén, nos últimos anos, a xestión do territorio e nomeadamente dos espazos naturais protexidos foi deixada case exclusivamente nas mans da administración, cuns resultados moi discutíbeis. Neste artigo presentamos a custodia do territorio, un crecente movemento de conservación que de maneira participativa e desde a sociedade civil ofrece unha nova oportunidade de xestión e con grandes posibilidades.

CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL

Galiza segue a ser a última comunidade do Estado español en superficie protexida e boa parte dela carece das ferramentas legais axeitadas (programas PORN, PRUX...) para levar adiante a conservación dos seus valores.

Os últimos informes do *Observatorio de la Sostenibilidad en España* indican que pese a que o número de espazos naturais protexidos (ENP) aumentou desde 1990 até 2006, tamén son máis as especies ameazadas, incrementándose nun 34,6% e pasando de 448 a 603 taxóns. Por tanto, máis ENP non significa necesariamente unha mellor conservación da paisaxe, nin das especies, nin dos espazos. Non é este o lugar para analizar en profundidade as causas desta situación, porén, un dos motivos é a actual política medioambiental das administracións, pouco participativa e feita á marxe da sociedade civil. Numerosos son os exemplos fallidos (A Limia, Os Ancares...) que, lonxe de favorecer a percepción dos ENP como unha oportunidade, provocaron rexeitamento de todo aquilo relacionado coa protección ambiental.

Ante esta situación, ADEGA avoga por seguir loitando para que se cumpra a lexislación e para que os nosos espazos naturais vaian en aumento e teñan a protección que deberían. A outra medida pola que apostamos é a de deseñar e executar iniciativas de conservación e participación que, aínda que pequenas, poidan servir de exemplo de como entendemos que se deben facer as cousas. Este último reto xa nolo formulaba a Estratexia Galega de Educación Ambiental alá polo ano 2000, e a custodia do Territorio é unha das estratexias que deben complementar ás políticas de conservación da Administración.



Ramsés Pérez

A CUSTODIA DO TERRITORIO

É unha nova e crecente estratexia de conservación do patrimonio natural, cultural e paisaxístico. A súa principal característica é a implicación da sociedade civil na xestión responsábel do territorio ao ser desenvolvida por propietarios de terras e entidades de custodia (asociacións, concellos, etc.) mediante diferentes tipos de acordos. Nos últimos anos, iniciáronse no noso país numerosas experiencias de conservación a través desta ferramenta.

Basora e Sabaté (2006) defínela "como un conxunto de estratexias e instrumentos que pretenden implicar a propietarios e usuarios do territorio na conservación e o bo uso dos valores e dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos. Para conseguilo promoven acordos e mecanismos de colaboración continua entre propietarios, entidades de custodia e outros axentes públicos e privados".

OS ACORDOS DE CUSTODIA

Unha das palabras chave na custodia do territorio debe ser "confianza". De feito, os acordos de custodia son procedementos voluntarios entre os propietarios e as entidades de custodia, verbais ou por escrito. As entidades de custodia pola súa parte, son organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, que traballan na conservación do patrimonio natural e cultural.

Os acordos de custodia poden ser sen transmisión da xestión ou con transmisión da xestión. Nos que contemplan a transmisión da xestión, os donos da finca continúan dándolle uso a mesma, porén acordan conxuntamente coa entidade de custodia unhas tarefas determinadas a ter en conta na xestión da parcela. Nesta modalidade, a entidade de custodia será a encargada de facer valer os acordos tomados facendo un seguimento dos mesmos.

Os acordos con transmisión da xestión son aqueles nos que a entidade de custodia realiza a xestión total ou parcial da finca e nos que tamén debe velar polo seguimento dos acordos tomados. As opcións legais desta modalidade son o arrendamento de dereitos de tala, pasto e outros, a cesión de uso, a transmisión de dereitos reais e as servidumes, o usufruto, a fiducia e a transmisión da propiedade por doazón, compravenda, permuta ou legado. A Xarxa de Custodia del Territori de Catalunya apunta outras vías de colaboración como as doazóns monetarias e materiais, os compradores de custodia, os avais de custodia e os voluntarios para a custodia.

A XESTIÓN DAS PARCELAS CUSTODIADAS

A xestión das parcelas custodiadas non implica necesariamente "deixar a finca a monte", máis ben todo o contra-

A CUSTODIA DO TERRITORIO EN POUCAS PALABRAS

• QUE É?

É UNHA NOVA E CRECENTE ESTRATEXIA DE XESTIÓN DO TERRITORIO QUE TEN COMO OBXECTIVO A CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DUN TERRITORIO CONCRETO.

• COMO?

MEDIANTE ACORDOS VOLUNTARIOS, VERBAIS OU ESCRITOS, ENTRE PROPIETARIOS/AS DE FINCAS E ENTIDADES DE CUSTODIA QUE ESTABLECEN UN PACTO PARA XESTIONAR A PARCELA CUSTODIADA.

• QUEN?

PROPIETARIOS/AS DE FINCAS E ENTIDADES DE CUSTODIA, QUE PODEN SER ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS (FUNDACIÓNS, GRUPOS ECOLOXISTAS, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, ETC.)

• ONDE?

EN PARCELAS QUE TEÑAN OU Poidan TER VALORES NATURAIS, CULTURAIS E/OU PAISAXÍSTICOS.

• CANDO?

OS ACORDOS DE CUSTODIA ESTABLECEN O PERÍODO DE ACTUACIÓN, PODENDO IR DE VARIOS MESES A VARIOS ANOS, SEGUNDO AS ACCIÓNS DE XESTIÓN ACORDADAS.

calquera outro cidadán que queira contribuír á mellora do noso medio para o que se destinan espazos como, por exemplo, a Eira da Xoana ou actividades como os Campamentos do río Tea, etc.

A custodia ofrece en Galiza unha nova oportunidade de conservación sobre todo se pensamos que o 90% do país está en mans privadas ou é de particulares.

A CUSTODIA XA TEN HISTORIA

A custodia do territorio é unha nova e crecente estratexia de conservación, pero deberíamos aclarar que a novidade se refire especialmente a Galiza e a outras parte do Estado español, pero non ao conxunto do planeta.

As orixes da custodia tiveron lugar a finais do século XIX nos Estados Unidos, no ano 1890, coa creación de *The Trustees of Reservations*, baixo o termo anglófono *land stewardship*. Cinco anos despois nace no Reino Unido a primeira entidade de Europa, *The National Trust*. Posteriormente, estendeuse a Canadá, a outros países de Europa e a América Latina.

Na actualidade a estadounidense *The Nature Conservancy* é a maior entidade de custodia do mundo, nada en 1951, ten un millón de membros e xestiona 48 millóns de hectáreas e uns 8.000 quilómetros de ríos en máis de 30 países.

No Estado español, á iniciativa pioneira foi a creación do refuxio de rapaces de Montejo de la Vega, en Segovia promovida en 1975 por Félix Rodríguez de la Fuente e WWF/ADENA. Tamén por aquelas datas, ADENEX en Extremadura ou o GOB en Mallorca crearon unha rede de reservas naturais a partir da adquisición de propiedades privadas. En Galiza, unha das entidades pioneiras foi a Asociación Ridimoas, alá polo 1988.

Porén, é no ano 2000 cando se formaliza o concepto de custodia do territorio coa sinatura da Declaración de Montesquieu. No ano 2003 créase a Xarxa de Custodia del Territori (XCT) en Catalunya, á que seguen outras moitas entidades en diferentes territorios de todo o Estado.

Ramsés Pérez



rio. Así, en moitos casos, os acordos de custodia implican a continuidade destas tarefas, a súa recuperación con voluntariado ambiental ou a modificación dalgúns aspectos no seu uso. A custodia permite o mantemento das actividades económicas, da cultura e do desenvolvemento rural.

Á vista das iniciativas desenvolvidas ao longo destes anos por ADEGA e Proxecto Ríos, cremos que a custodia do territorio ten unha interesante vinculación coa conservación do patrimonio e da paisaxe e coa participación social. A través dela, poden participar propietarios que teñen terras abandonadas e



* Ramsés Pérez é educador ambiental en ADEGA. + info: www.custodiaterritori.org
www.custodia-territorio.es

A CUSTODIA DO TERRITORIO EN GALIZA

SITUACIÓN E PERSPECTIVAS

Ramsés Pérez e Virxinia Rodríguez

Con motivo da realización do I Encontro galego de Custodia do Territorio e da recollida das fichas coas iniciativas de custodia das entidades participantes, elaboramos un primeiro inventariado galego de iniciativas de custodia que resume a situación desta figura de conservación do territorio en Galiza. Neste artigo presentamos algúns aspectos destacados deste traballo. O obxectivo do inventario é facilitar a difusión do concepto, as experiencias existentes, e servir de manual para aquelas persoas e entidades que queiran iniciarse na custodia.

METODOLOXÍA

Nun primeiro momento deseñouse unha ficha estándar. Tentamos que boa parte dos ítems do formulario fosen semellantes aos recollidos no 2º *Inventario de Iniciativas de Custodia do Territorio do Estado Español*, elaborado pola Plataforma de Custodia del Territorio en Abril de 2010, incorporando outros que consideramos acaídos como, por exemplo, os logros acadados e as dificultades atopadas nas distintas iniciativas.

Na segunda fase elaborouse unha primeira base de datos das distintas entidades que desenvolven proxectos de custodia en Galiza coas que mantivemos contacto para facilitar o cumprimento do formulario. Unha vez analizados os datos recibidos, fíxose o Primeiro Informe de Custodia do Territorio en Galiza, como foto fixa da situación actual (2011) e punto de referencia para avaliar a evolución en anos vindeiros. Non podemos obviar a dificultade para conseguir algúns datos ou mesmo a imposibilidade de contactar con algunhas entidades.

SITUACIÓN DA CUSTODIA EN GALIZA

Presentamos a continuación algúns datos máis relevantes. Os datos referidos aos anos 2008 e 2010 proceden do 2º *inventariado de iniciativas de custodia do territorio español* da Fundación Biodiversidad.

- Superficie custodiada

É de 3.757 Ha, o que supón un incremento de preto do 86% de superficie respecto ao ano 2008. O considerábel aumento pode deberse á maior exhaustividade na recollida e rexistro das iniciativas galegas, fundamentalmente, pola nosa proximidade e maior coñecemento da realidade galega fronte o inventario estatal. A superficie total custodiada en Galiza seguramente chegue ás 4.000 Ha, se lle engadimos outras iniciativas de



A AGCT custodia carballeiras termófilas no Morrazo que albergan interesantes poboacións de morcegos forestais, entre elas, a única poboación reprodutora coñecida en Galiza de *Myotis bechsteinii*.

custodia non contempladas en senso estrito, como poden ser as hortas urbanas. Tampouco se incluíron neste cómputo de superficie os acordos vinculados á CEMMA (toda a costa galega) nin ao Proxecto Ríos (todos os ríos galegos). No Proxecto Ríos só se teñen en conta as iniciativas do río Tea e o Proxecto Castieixas.

Entendemos que a idiosincrasia galega, extensíbel ao noroeste peninsular e reflectida no minifundismo, imposibilita unha comparación co resto da Península en número de hectáreas custodiadas. Así, unha parcela custodiada en Andalucía, Extremadura ou Alentejo, de extensións

FICHA DE ACORDOS

ENTIDADE DE CUSTODIA	NOME DA FINCA	CONCELLO	TAMAÑO
ADEGA	Corna	Pobra do Caramiñal	8,5 has
	Eira da Xoana	Agolada	1 has
	Fragas Galegas	Agolada	0,5 has Chousa Nova
	Reboleiras	Montederramo	3has
	Custodia Fluvial Ulla-Umia-Lérez	A Estrada, Caldas de Reis, Cuntis, Catoira, Cerdedo, ForcareiMoraña, Pontecesures, Portas, Valga	En proxecto
AGCT	Carballeiras Ancares	As Nogais Cervantes e Pedrafitas	300 has
	Carballeiras Terra Cha	Cospeito e Rábade	2 has
ANABAM*	Chans (Trega)	A Guarda	1 ha
CEMMA		Toda a costa	-
Custodia Alto Ulla	9 parcelas	Agolada, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Santiso	400 has
Drosera	Sorretas	Marín	0,16 has
	Casa da Veiga	Chantada	-
	Igrexa de San Xoán do Freixo	As Pontes	-
Fragas do Mandeo	Lagoa de Sobrado	Sobrado	4,4 has
Fontaiña	Cabo do Mar, Xunqueira do Lagares e Praias de Fonteiña-Baluarte	Vigo	7 has
Mar de Lira		Lira e Carnota	2.074 ha
Numenios	Fincas Terra Cha	Cospeito	29 has
Proxecto Ríos	Proxecto Tea	Mondariz	30 has
	Castieixas	Montederramo	1,3 has
Monte cabalar	Monte Cabalar	A Estrada	720 has
Rainha Lupa	Agra de Quilmas	Carnota	25 ha
Ridimoas	Varias	Beadé	150 has
Vaipolorio	Río Gafos	Pontevedra	-
Total 15	33		3.756,86 has

latifundistas, pode supoñer a totalidade da superficie custodiada en Galiza.

- Número de entidades e acordos de custodia

Neste primeiro inventario galego recolleemos un total de 15 entidades de custodia, que supera en número as unicamente 6 entidades galegas rexistradas no inventario da Fundación Biodiversidad. Aínda que temos constancia da existencia doutras entidades, non fomos quen de conseguir que envasen os seus datos. Con elas a cifra total de entidades de custodia en Galiza podería acadar a vintena.

Por outra parte, o número de acordos de custodia en 2011 acada os 33, aos que habería que engadirlle outras iniciativas vinculadas á custodia urbana (hortas urbanas) ou ao Banco de Terras (BANTEGAL).

- Ámbito e tipoloxía das entidades

Das 16 entidades de custodia, 6 son de ámbito galego, 9 de ámbito local e só unha ten ámbito estatal, aínda que polo momento só ten proxectos no noso país. A maioría delas son ONG de carácter ambiental e asociacións. Tamén son entidades de custodia unha comunidade de montes, unha cooperativa e a Fundación Comarcal Ulloa-Deza, hoxe baixo o paraguas do AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural), tras desaparecer as fundacións comarcais en 2007. O Banco de Terras, dependente de Medio Rural, os Grupos de Desenvolvemento Rural, así como os concellos ou as universidades son tamén potenciais entidades de custodia do territorio.

É de destacar a escaseza de entidades de custodia públicas, nas que poderíamos enmarcar a concellos, deputacións ou consellarías. Concluimos pois que en Galiza a custodia está moi relacionada co movemento ecoloxista e conservacionista e que, polo tanto, aínda queda un amplo campo de expansión.

- Distribución dos acordos

No mapa que acompaña a este artigo pódese ver a distribución da custodia do territorio atendendo á súa implementación por provincias, comarcas ou concellos. En azul aparecen os concellos nos que temos constancia dalgunha iniciativa de custodia comezada ou en marcha. Nalgúns, como Agolada, Cospeito, Montederramo, Monterroso ou Palas de Rei hai máis de dous acordos.



Nº de hectáreas custodiadas en Galiza nos últimos anos.



Nº de entidades galegas que fan custodia nos últimos anos.



Nº de acordos de custodia en Galiza nos últimos anos.



Distribución das iniciativas de custodia do territorio en Galiza.

Son as comarcas da Ulloa, Os Ancares, Caldas e Tabeirós-Terra de Montes as que máis iniciativas acollen. A provincia menos prolífica en acordos de custodia é Ourense.

DIFICULTADES

As principais dificultades que se atoparon as entidades á hora de levar a cabo as súas iniciativas son:

- Económicas: a falta de financiamento é a maior dificultade. O descoñecemento ambiental das administracións galegas, nomeadamente das que teñen a competencia en conservación da biodiversidade, ou das entidades de aforro galegas pode ser un dos motivos do pouco investimento público que até agora se ten feito na custodia en Galiza. Isto levou a abandonar iniciativas interesantes e a facer inviábeis experiencias pioneiras no país. A crise tamén pode frear a expansión da custodia en Galiza nos próximos anos.
- Acceso ás parcelas e aos propietarios: É a segunda dificultade en importancia. O minifundio e a excesiva fragmentación das parcelas tamén dificulta a custodia.
- Descoñecemento e lentitude da administración: As entidades temos unha importante tarefa pedagóxica á hora de dar a coñecer as diferentes administracións e á cidadanía que é a custodia e que implica. Os continuos cambios do organigrama político e técnico das administracións tamén dificultan a divulgación do significado da custodia nestes eidos.

PROPOSTAS

No I Encontro galego de custodia apuntáronse algunhas ideas coa intención de ir superando estas dificultades como a de achegarse ás administracións e presentarles a custodia como unha oportunidade e demandar beneficios fiscais para aquelas propietarias e propietarios que asinen acordos de custodia, como incentivo para aumentar o número de parcelas custodiadas. Outras apostas foron dirixidas cara a crear un manifesto de custodia en Galiza, demandar unha liña de axudas anual ou bianual para este tipo de experiencias ou facilitar desde a Administración os datos sobre fincas e persoas propietarias involucradas en proxectos de custodia.

En definitiva, a custodia do territorio en Galiza preséntase como unha nova oportunidade de conservación do noso patrimonio e como un reto de traballo para un amplo abano de entidades.

I ENCONTRO GALEGO DE CUSTODIA

Belén Rodríguez

Tivo lugar os pasados 29 e 30 de outubro en Santiago de Compostela. Organizado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), coa colaboración da Asociación Galega de Custodia do Territorio, tratou de acoller a todas as entidades de custodia que están a desenvolver proxectos en Galiza baixo esta forma de participación social na conservación do medio natural para intercambiar experiencias e dar un primeiro chanzo na creación dunha Rede galega de Custodia do Territorio. Os obxectivos, entre outros, son poder obter unha presenza representativa dos proxectos galegos de custodia nos foros estatais e acadar unha idea máis aproximada da incidencia da custodia no país galego. No encontro, unha vintena de entidades deron a coñecer preto de 30 proxectos.



Fins Eirexas

ADEGA, A Asociación Galega de Custodia e a Asociación Fragas do Mandeo conforman a agrupación de entidades que representan a Galiza no Foro Estatal de Custodia.



Fins Eirexas

O I Encontro Galego de Custodia acolleu á meirande parte de organizacións que están a facer custodia do territorio en Galiza.

As xornadas conseguiron ser un escaparate da meirande parte dos proxectos de custodia territorial que se están a realizar en Galiza e que afectan a unhas 4.000 hectáreas. Alén diso, quíxose coñecer a situación da custodia do territorio a nivel estatal para o que se convidou a Amaya Sánchez, técnica da plataforma de custodia estatal promovida pola Fundación Biodiversidade, dependente do Ministerio de Medio Ambiente. Amaya Sánchez abordou o estado da cuestión a nivel lexislativo e social e explicou as funcións da Plataforma estatal.

En canto ao proxectos concretos, abordáronse, non só as iniciativas realizadas na xeografía galega, senón experiencias procedentes doutros lugares da Península entre os que destacou o proxecto "Cultivando sinerxias" do grupo ambientalista GOB da illa balear de Menorca. A súa voceira Nuria Llabres definiu de xeito explícito o significado da custodia agraria aplicada a un terreo con vocación rural pero ameazado pola actividade inmobiliaria e urbanística. Para GOB a custodia é unha estratexia

de defensa territorial fronte as economías invasoras mediante a busca da viabilidade da actividade agraria e a recuperación da biodiversidade. "A agricultura tradicional responsábel está a xerar moitos beneficios para o conxunto da sociedade menorquina: crea paisaxe, biodiversidade animal e vexetal, favorece a calidade da auga e o solo fértil, recupera razas de produción de leite e carne autóctonas, potencia o uso do territorio para o ocio e o turismo, axuda a conservar o patrimonio histórico inherente ao terreo agrario, produce alimentos máis saudábeis para os cidadáns e contribúe a asentar poboación no rural e a frear proxectos urbanísticos especulativos que só xeran beneficios para uns poucos", dixo. Destacou a importancia da superación de prexuízos e a importancia de chegar a acordos cos "palleses" cos que conveniaron 38 medidas a desenvolver que comparten tanto beneficios ambientais como económicos.

PROXECTOS DESTACADOS EN GALIZA

Moitas son as organizacións galegas ambientalistas, nomeadamente, sociais

ou para o desenvolvemento económico, que nos últimos anos están a desenvolver iniciativas proteccionistas co territorio a través deste novo xeito de xestión do espazo físico nas que a Administración non sempre intervéen ou non o fai de forma directa e como única responsábel. Tan só establecen acordos entre as persoas propietarias dun terreo e unha entidade de custodia, que se concretan nos chamados contratos de custodia do territorio.

Unha destas entidades é a organización ecoloxista ADEGA. Fronte a mala xestión pública dalgúns espazos protexidos de xeito oficial, ADEGA promove a custodia do territorio como canle alternativa de preservación de certos espazos da que a poboación local sexa participe. Alén dos seus proxectos de custodia fluvial (Proxecto Ríos, ou a custodia do río Tea e do complexo Ulla-Umia-Lérez), destacou outras iniciativas de custodia territorial como a Eira da Xoana, un centro de recuperación dos saberes tradicionais; o Proxecto Castieixas, centrado na recuperación da poboación de anfíbios en Montederramo, o Proxecto Rebo-



Na segunda sesión do I Encontro Galego de Custodia visitouse á Reserva Mariña de Lira e a Cooperativa de Agricultura Ecolóxica Raíña Lupa, de Quilmas.

leiras ou o Proxecto Corna, destinados á preservación de especies vexetais e animais no interior e no litoral de Galiza.

Manuel Ferro representou nas xornadas á Fundación Comarcal do Alto Ulla. Este organismo desenvolveu sendos proxectos de conservación territorial con varios propietarios desa área xeográfica, acadando a custodia dunhas 400 hectáreas. Anunciou que, coa desaparición da Fundación, todos estes proxectos precisan dunha nova entidade de custodia que lles dea continuidade, polo que Ferro animou a asumir esa responsabilidade ás organizacións presentes no Encontro.

Pola Asociación Galega de Custodia do territorio entrevistou Martiño Cabana. Esta organización naceu hai un ano co propósito de divulgar o concepto e os obxectivos da custodia e ser un axente de interlocución coa Administración. Algúns dos seus proxectos teñen que ver coa protección de poboacións de aves que están en perigo de extinción, como o ferápito real, cuxa única poboación nidificante en Galiza está instalada nun territorio militar en Lugo. Por outra banda, ten en marcha un proxecto de custodia para preservar os bosques dos Ancares e algunhas paraxes da comarca chairega. Martiño Cabana destacou o potencial como terreo de custodia que teñen as terras rexistradas no Banco de Terras, onde predominan as de titularidade pública.

Ao respecto da custodia mariña, participou a asociación Fontaiña de Vigo, que leva case vinte anos protexendo o litoral, nomeadamente, unha zona dunar próxima á cidade olívica que se ve ameazada pola intervención urbanística e polo tráfico rodado. Para preservala ideou un proxecto de custodia que consistiu na reparación de valados e na rexeneración da vexetación das dunas e

sinalización, coa axuda de voluntariado e da poboación local.

Tamén no espazo litoral se destacaron os proxectos de custodia mariña que realiza a CEMMA (Coordinadora de Mamíferos Mariños), cuxo labor se atopa ligado á protección e salvagarda de cetáceos e outros animais ameazados pola actividade humana en toda a costa galega.

Na mesa dedicada á custodia agraria participaron os voceiros da Fundación Fragas do Mandeo, Numenius, Drosera, Monte Cabalar e ANABAM. A primeira dirixe os seus esforzos a conservar a área de influencia do río Mandeo e todo o seu bosque de ribeira. Numenius e Drosera teñen como finalidade, respectivamente, preservar as aves esteparias fronte a intensificación agrícola e os morcegos, a través da protección dos seus hábitats ou asentamentos. No concello da Estrada, Monte Cabalar constitúese como cooperativa de propietarios gandeiros que queren recuperar do abandono o seu monte a través da repoboación e xestión con gando ovino, caprino, vacuno e equino nunha superficie de 700 Ha.

Por último, ANABAM explicou a traxectoria do seu proxecto de custodia para recupear unha especie de bolboreta ameazada no Baixo Miño, a *Caraxes jasius*, e meirande bolboreta diurna de Europa. Grazas a este proxecto esta bolboreta estase a reproducir nesta comarca de xeito natural desde o ano 2010.

Na segunda sesión das xornadas, as entidades convidadas visitaron dous proxectos de custodia territorial que comparten o mesmo espazo de operacións: a cooperativa de Carnota "Mar de Lira", promotora da Reserva Mariña dos Miñarzos; e a cooperativa agroecolóxica de Quilmas "Raíña Lupa", xurdida como

alternativa fronte as piscifactorías de Stolt Sea Farm.

A esta listaxe de entidades de custodia en Galiza hai que engadir a asociación Ridimoas de Ourense, cunha longa traxectoria e experiencia en proxectos de custodia; a Asociación Val de Esmelle; Vaipolorío; Outeiro dos Lameiros, e moitas outras organizacións galegas que están xurdindo para compartir un reto común: coidar o territorio coa axuda dos cidadáns.

LIÑAS DE TRABAJO EN EQUIPO

O I Encontro Galego de Custodia serviu para marcar as principais liñas de traballo que deben desenvolver conxuntamente as entidades galegas de custodia para ir acadando maior recoñecemento social e público. Ante as dificultades coas que se atopan día a día estas entidades para poñer en marcha os seus proxectos de custodia (falta de financiamento, de vantaxes fiscais para os propietarios ou necesidade de localizar aos donos de fincas abandonadas), as entidades cren prioritario achegarse ás administracións públicas para familiarizalas co concepto e acadar o seu apoio. Alén diso, cren preciso afondar na formación propia dos axentes de custodia a través da realización de seminarios ou xornadas técnicas e convocar novos foros de intercambio de experiencias que vaian na dirección da creación dunha Rede Galega de Custodia. Como primeiro paso, ADEGA, AGCT e Fragas do Mandeo constituíron unha Agrupación de Entidades que representará a Galiza no Foro Estatal de Custodia. En definitiva, acordan elaborar unha folla de ruta conxunta na que todas as entidades participen do desenvolvemento en Galiza desta figura de protección.

"NA PROTECCIÓN DA NATUREZA NON ABONDA CO TRABALLO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA"

Entrevista por Belén Rodríguez

Amaya Sánchez é asistente técnica da Fundación Biodiversidade no proxecto "Plataforma de Custodia do Territorio".

- Que obxectivos persegue a Plataforma de Custodia do Territorio?
- É un proxecto que traballa para promover o desenvolvemento da custodia do territorio no Estado español. Nace a petición do propio movemento de custodia do territorio e intenta dar resposta ás necesidades que este movemento lle presenta á Fundación Biodiversidade. Neste senso, creamos o portal www.custodia-territorio.es, que aglutina novidades sobre a custodia no ámbito estatal, recolle información sobre conceptos, ferramentas, actores, iniciativas concretas de custodia. Tamén recompilamos as iniciativas nun mapa *google* onde se localizan xeograficamente os proxectos e acordos. Esta información complétase cunha sección de directorios e cunha lista de distribución electrónica de custodia á que se pode chegar a través da sección "foro", un lugar de encontro de persoas interesadas ou vinculadas a acordos de custodia onde compartir eventos, informacións de axudas, publicacións, etc. É como un café tertulia da xente que traballa coa custodia.
- A primeira dificultade é definir o concepto "custodia de territorio". Que é?
- A custodia trata da participación cidadá e promove que outros actores distintos das administracións fagan conservación da natureza e complementen esta acción pública. A maneira de plasmarlo é a través de acordos de custodia, nos que, habitualmente, unha das partes son os propietarios de fincas privadas ou públicas, e outra, as entidades de custodia, que poden ser organizacións sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións), concellos ou comunidades autónomas. O proxecto común é levar a cabo certas actuacións que respondan ao obxectivo de conservación nunha finca.
- Que pode mover a un propietario a participar nun proxecto de custodia?



Amaya Sánchez.

"Até o de agora a custodia dependeu do financiamento público, pero hai que abrir novos horizontes"

- Hai bastantes intereses, pero en xeral, son os que se denominan "intanxibeis" en economía. Para un propietario é moi importante que lle recoñezan ese labor que nos beneficia a todos (aire limpo, auga potábel, paisaxe, etc.) e que outros poidan participar del. Outro interese máis práctico é que o propietario obtén unha axuda real por parte da entidade (asesoramento xurídico, burocrático e técnico -desde o punto de vista da conservación-) e do voluntariado (en labores de restauración e recuperación de muros, fontes, etc.). Nalgunhas ocasións, obtén un incentivo económico (unha subvención pública, o aluguer de fincas ou o pago por lucro cesante).
- Como se financian os proxectos de custodia?
- Até o de agora a custodia dependeu do financiamento público (Life-Natureza,

Fundación Biodiversidade, Ministerio de Medio Ambiente...), pero hai que abrir novos horizontes. En España está por explorar o financiamento privado que noutros países é o máis importante. Tamén sería determinante que se mellorasen cuestións como a Lei de Mecanismo e de Incentivos Fiscais ou doazóns para que a persoa filantrópica ou quen queira transferir cartos a este tipo de proxectos obtéña un beneficio fiscal.

Por outra banda, as entidades de custodia españolas, polo xeral, teñen moi poucos socios, que son outra fonte de financiamento, á parte dunha fonte de credibilidade social, e que noutros países superan o millón por entidade. Tamén se está comezando a traballar o tema de pagos por servizos ambientais, os bancos de hábitat, os investimentos (móvese o diñeiro como activos financeiros e en bolsa). A conclusión é que a "pita dos ovos de ouro" do sistema público acábase e temos que buscar outras fontes de financiamento: merchandising, asociar a custodia ao servizo hostaleiro, etc.

- Por que noutros países europeos a custodia do territorio está máis desenvolvida?
- A custodia naceu no mundo anglosaxón (EEUU e Canadá) e logo deu o salto a Inglaterra, Holanda, Francia, Italia, Grecia, etc. En España a conservación da natureza sempre recaeu nas competencias das administracións públicas e o cidadán delegou todo nos poderes públicos. Pero a Administración pública e os seus recursos é limitada e, por outro lado, os cidadáns queren e teñen o dereito e a responsabilidade de participar nesta conservación da natureza.

Por outro lado, depende do contexto social das distintas rexións. Cataluña, por exemplo, é unha das sociedades máis participativas, con maior cultura do asociacionismo e do voluntariado, de implicarse no contorno. E, en terceiro lugar, creo que é pronto para chegar

a eses niveis de consolidación da custodia. A custodia naceu a finais do s. XIX, polo que nos queda un século de traballo para acadar esas cotas de éxito, nas que será necesario involucrar ao sector privado.

- Estase a implicar a Administración na custodia?
- Depende de cada comunidade autónoma, de factores xeracionais, políticos, sociais... En xeral, nos territorios nos que se fixo un labor de difusión e de achegamento continuado e intenso cara a Administración, ese baleiro de coñecementos e desconfianza reduciuse moito e chegou máis rápido. O exemplo volve ser Cataluña, onde existe unha rede de custodia desde hai moitos anos que conseguiu mesmo que a Generalitat crease unha comisión interdepartamental transversal sobre custodia que se reúne varias veces ao ano. Tamén é importante que haxa un discurso común sobre custodia.
- Cales son as vantaxes da custodia para a Administración?
- Se as entidades de custodia están dando resposta aos obxectivos da Lei de Patrimonio Natural e Biodiversidade, considero que desde as administracións este tipo de iniciativas deberan ser benvidas, porque están complementando a súa acción e ademais resolve en parte a falta de recursos e de axentes dos servizos públicos de protección. As entidades de custodia teñen un trato máis directo cos propietarios, coñecen caso



por caso e teñen unha capacidade de interlocución e un coñecemento sobre o territorio do que, a miúdo, carecen as administracións. Ademais a custodia fomenta procesos sociais e participativos que, desde o meu punto de vista, contribúen a unha sociedade máis "evolucionada".

"O reto de Galiza é trasladar o concepto e as oportunidades da custodia ás administracións"

- Tamén a superficie pública pode ser obxecto de proxectos de custodia?
- Si, pero son os obxectivos de conservación os que levan as entidades de custodia a un lugar ou a outro, aínda que a propiedade pode ser un condicionante.

Se enfrontarte á xestión dun territorio significa negociar con 15 herdeiros que se están pelexando por unha herdanza, ao mellor non é un proxecto óptimo. Pero non depende tanto do propietario como da vocación do territorio. Efectivamente, hai concellos que son propietarios e comunidades autónomas que están desenvolvendo acordos de custodia sobre terreos públicos.

- Que avaliación se fai desde a Plataforma da situación da custodia no Estado?
- En canto a socios, as entidades de custodia españolas son das que menos teñen. A que máis é FAPAS, cuns 100.000. A súa base social é algo no que as entidades teñen que traballar. Nembargante, consideramos que a evolución da superficie custodiada no Estado foi boa, sobre todo entre 2008 e 2010. Sabemos que hai polo menos 290.000 Ha custodiadas, 130 entidades de custodia e uns 1.350 acordos. Pero hai máis que isto, porque aínda faltan datos por rexistrar. A evolución nos últimos 11 anos, desde que o termo foi acuñado, foi moi rápida e isto plasmouse en diferentes fitos: a Lei 42/2007 recolle a definición de custodia do territorio e entidade de custodia, e o recente Plano Estratéxico para o Patrimonio Natural e Biodiversidade que desenvolve esta lei destina 4 millóns de euros para a custodia do territorio. A parte, hai varias redes de custodia en diferentes comunidades autónomas e estase constituindo o Foro Estatal de Custodia do Territorio.

- Cataluña é posibelmente a referencia, pero en que posto se situaría Galiza?
- Levo anos seguindo a evolución da custodia en Galiza e a miña conclusión é positiva. Desde as primeiras reunións até hoxe hai moitas máis organizacións que se identifican coa custodia, e que decididamente queren traballar neste sentido. Existe un intento de aglutinar de maneira conxunta e coordinada os esforzos das diferentes organizacións que se plasma na representación galega do Foro Estatal de Custodia do Territorio. Ademais estase a facer boa custodia e por parte de entidades moi sólidas e históricas. Quizais agora o reto de Galiza, máis alá da ampliación da súa base social, é o de trasladar o concepto e as oportunidades da custodia ás administracións, buscando que estas acompañen o proceso de crecemento da custodia en Galiza.



Festéxame en vida e aforrarás verte moralmente obrigado/a a chorar por mín



SUBSCRÍBETE teléfono-fax 981 557 117 / subscricions@temposnovos.net

FONTES RENOVÁBEIS E CRISE ECONÓMICA, UN BINOMIO DIFÍCIL DE CONXUGAR

Fernando Blanco Silva*

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o 2012 como Ano Internacional da Enerxía Sustentábel, como forma de compromiso contra o Cambio Climático e o deterioro ambiental do planeta. A nivel estatal, aprobouse recentemente o *Plan de Acción Nacional de las Energías Renovables (PANER) 2011-2020*, que prevé que a porcentaxe de enerxía de orixe renovábel na enerxía primaria pase do 10,7%, en 2010, até o 17,8% en 2020. Este desenvolvemento centraríase na produción de electricidade (eólica, fotovoltaica, hidroeléctrica, biomasa.) e, en menor medida, no aproveitamento térmico (solar térmica, xeotérmica, biomasa). Mais a planificación enerxética en España non é vinculante, móvese nun mercado liberalizado no que as empresas poden entrar e saír ao seu antollo facendo mudar as expectativas.

A evolución das fontes renovábeis durante os vindeiros anos tampouco é algo seguro ao existir variábeis que poderían frear o seu desenvolvemento: os custos de produción, a mudanza do goberno estatal e o fracaso do Cumio de Durban sobre Cambio Climático.

O PREZO DA ENERXÍA

O prezo de producir un kWh de orixe renovábel é superior ao de fontes tradi-

cionais (gas natural, derivados petrolíferos, carbón ou tecnoloxía nuclear) nas que non se inclúe o deterioro ambiental. Esta carestía débese compensar cunha cantidade a maiores denominada *prima*, que ten un prezo variábel en función de cada tecnoloxía e antigüidade da instalación (en fotovoltaica é de 30 c€/kWh, mentres que en eólica é de 4 c€/kWh). O custe anual das primas é duns 7.000 millóns €, polo que durante o período de vixencia do PANER, a cantidade total acadaría os 70.000 millóns €, o que suporía unha carga moi importante para o Estado.

Outro problema relativo ás primas para as renovábeis (e outros custes eléctricos) é o denominado Déficit Tarifario, que é a diferenza entre os custes e os ingresos das actividades que aínda non están completamente liberalizadas (peaxes de transporte, distribución e Tarifa de Último Recurso), polo que o Ministerio de Industria impón os prezos. Desde 2002 os abonos dos usuarios non cobren os custes e o déficit acumulado é duns 30.000 millóns €, converténdose nunha débeda moi importante para a economía española (da orde do 3% do PIB). Unha reivindicación da Asociación de Enerxías Renovábeis (APPA) é que as primas pasen a ser pagadas directamente polos *Presupuestos Generales del Estado*, para

que o Déficit Tarifario non poida impedir o avance destas fontes no futuro.


CAMBIO DE GOBERNO

O anterior goberno de Rodríguez Zapatero mantivo a aposta polas fontes renovábeis e incluso formulou o peche progresivo das centrais nucleares a medida que fosen esgotando a súa vida útil. O actual goberno manifesta unha calculada ambigüidade en temática enerxética, non parece que vaia a impulsar en exceso as fontes renovábeis e algúns interlocutores afíns incluso solicitan que se recorten os importes das primas por ser moi gravosos para o Estado. Tampouco existe unha intención clara de pechar as centrais nucleares máis antigas, polo que podería utilizarse esta tecnoloxía para recortar os custes de produción e, en particular, para baixar o Déficit Tarifario.

CUMIO DE DURBAN

En 1997 asinouose o Protocolo de Quioto para recortar as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (G.E.I) con obxectivos para 2008 e 2012 por parte dos países desenvolvidos, sendo o máis importante o CO₂, producido polo aproveitamento enerxético de hidrocarburos (carbón, derivados petrolíferos ou gases combustíbeis). Desta forma, as fontes renovábeis eran a alternativa máis válida para aproximarse aos obxectivos do Protocolo. Co fin de seguir recortando estas emisións e ante o remate do período en vixencia de Quioto convocouse en 2011 o Cumio de Durban (Sudáfrica) no que os países máis contaminantes (EE.UU, China, India...) non acordaron recortar as emisións por supor un custe moi importante. O Cumio non serviu para reforzar as políticas enerxéticas actuais e non houbo un acordo vinculante como hai catorce anos. Por iso é de agardar que as vindeiras políticas enerxéticas en España non se centren tanto en recortar as emisións contaminantes.

PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO CONSUMO ENERXÉTICO (2005-2020)



Fonte: Elaboración propia.

O descenso de consumo de enerxía primaria entre 2005 e 2010 veu motivado pola crise económica e o aumento da eficiencia enerxética.

* Fernando Blanco Silva é enxeñeiro industrial e responsable da Unidade de Enerxía e Sustentabilidade na Universidade de Santiago de Compostela.

DISPAROS DIALÉCTICOS SOBRE A CAZA CON CHUMBO EN HUMIDAIS

Serafín González*

Desde a súa publicación, a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) tivo moi claro que a Resolución do 10 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galiza, pola que se regula o emprego de munición con chumbo, incumpriía a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, o Instrumento de Ratificación do Acordo sobre a Conservación das Aves Acuáticas Migratorias Afroeuroasiáticas" e a Directiva Aves.

Esta resolución da Xunta prohíbe só a tenza e uso de munición con perdigóns de chumbo nos espazos naturais, pero non o uso de todas as municións con chumbo (perdigóns, postas e balas). Tampouco indica os límites xeográficos dos humidais nos que se prohíbe o uso de "perdigóns" de chumbo, polo que impide o cumprimento do disposto no artigo 62.3.j. da Lei 42/2007. Por último, exclúe numerosos humidais presentes nos Lugares de Interese Comunitario de Galiza, como o de Xubia-Castro e Serra do Careón (A Coruña), Serra do Xistral e Os Ancares-O Courel (Lugo), Macizo Central e Veiga de Ponteliñares (Ourense) e Brañas de Xestoso, e case a totalidade do Baixo Miño (Pontevedra).

As xestións desenvolvidas diante da Xunta de Galiza foron totalmente infrutuosas, polo que a SGHN tivo que recorrer ao *Defensor del Pueblo*. De seguido compárase de xeito literal o que comunicaron á SGHN, a Consellaría de Medio Rural (CMR) e o *Defensor del Pueblo* (DP) o pasado mes de febreiro.

CMR: Respondéuselle con argumentos que, de puro senso común, parece case violento reiterar.

DP: Ditas razóns non se comprenden por esta Defensoría...

SGHN: A Resolución do 10 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza ..., constitúe un grave incumprimento da Lei 42/2007 ao permitir o uso indiscriminado de munición de chumbo nos humidais galegos da Rede Natura 2000 de Galiza.

CMR: A Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 10 de outubro de 2008,... matizaba a prohibición de uso de chumbo nos humidais e limitaba expresamente dita prohibición aos perdigóns de chumbo.

© distrito xermar



Lagoa de Louro na Costa da Morte.

DP: É preciso advertir a esa Consellaría que unha Resolución dunha Dirección Xeral nunca pode matizar nin limitar unha prohibición legal, agás que haxa un mandato legal expreso, o que non é o caso.

SGHN: A Resolución exclúe un número importante de humidais presentes nos LIC e ZEPA (Zonas de Especial Protección de Aves) de Galiza... brañas, turbeiras, uceiras húmidas, veigas asolagábeis e algunhas lagoas.

CMR: Respecto a que dita Resolución exclúe algúns humidais, son turbeiras nas que non hai especies acuáticas.

DP: A Lei 42/2007 non permite excluír as turbeiras das prohibicións de uso de munición con chumbo, sendo irrelevante a eses efectos que nelas non haxa especies acuáticas.

SGHN: A corrosión afecta a perdigóns, postas ou balas, solubilizando chumbo no medio acuático, co conseguinte impacto ambiental.

CMR: Alegar outra cosa, cal é a do envelenamento da terra por degradación do chumbo, resulta ridículo.

DP: Non é certo que só os perdigóns de chumbo son perigosos para as aves, porque a corrosión afecta a perdigóns, postas ou balas, contaminando o chumbo no medio acuático, co conseguinte impacto ambiental negativo sobre o conxunto do ecosistema onde se produza.

SGHN: Non é certo que a Lei de Caza de Galiza prohíba sen excepcións a caza nas augas públicas, nos seus leitos e marxes, pois, previa autorización (artigos 25.2 e 36.2) a práctica da caza é posíbel nos humidais galegos, segundo a Lei de Caza de Galiza.

CMR: Clarexóuselle igualmente que a caza nas augas públicas, os seus leitos e marxes está prohibida pola Lei de Caza de Galiza, do mesmo xeito que nos humidais que se relacionan na citada resolución administrativa.

DP: A práctica da caza é posíbel, previa autorización, nos humidais galegos segundo a Lei de Caza de Galiza.

SGHN: O artigo 34.2 indica que se "poderá acordar, por medio dunha resolución motivada, o emprego de calquera dos medios, modos ou formas prohibidos no presente artigo ou o anterior." Polo tanto, o emprego de postas e balas con chumbo para a práctica da caza é posíbel nos humidais galegos segundo a Lei de Caza de Galiza.

CMR: A soa mención de balas ou de postas como proxectís non incluídos na repetida disposición administrativa, traduce unha absoluta ignorancia da caza, por parte do reclamante, posto que as primeiras só se usan para a caza maior, que non se practica nestes espazos e as segundas están expresamente prohibidas pola lei.

DP: O emprego de postas e balas para a práctica da caza de especies de caza menor é posíbel, previa autorización, nos humidais galegos segundo a Lei de Caza de Galiza. É dicir a prohibición admite excepcións.

DP: No informe recibido non se dá unha xustificación clara ao feito

© distrito xermar



Humidal de Baldaio (Carballo).

de que a Resolución de 10 de outubro de 2008 prohiba a caza con perdigóns de chumbo só nalgun dos humidais galegos.


Logo deste cruce de criterios, o pasado mes de outubro, SGHN recibiu unha segunda resposta do *Defensor del Pueblo* que "considerou procedente formular á Consellería a suxestión de que aplique a prohibición de uso e tenza, non só de perdigóns con chumbo, senón tamén de postas e balas con chumbo, é dicir, de calquera munición que conteña chumbo, segundo se establece no artigo 62.3 j), da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, en todos os humidais galegos, incluídos na Listaxe do Convenio relativo a Humidais de Importancia Internacional, na Rede Natura 2000 e en espazos naturais protexidos. Ademais insta á Consellería a que persiga e sancione a aqueles que cacen neses humidais portando ou usando munición de calquera tipo que conteña chumbo. Pídesse, así mesmo, que anule ou derroque a Resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza de 10 de outubro de 2008, pola que se fai público o listado de zonas húmidas de Galiza en que está prohibida a tenza e o uso de munición que conteña perdigóns de chumbo

durante o exercicio da caza, ou ben a modifique de xeito que recolla claramente esta prohibición sen excluír ningún humidal, nin parte destes, nin munición de ningún tipo que conteña chumbo.

Por último, o Defensor del Pueblo solicitalle á Dirección Xeral de Conservación da Natureza que derroque, se aínda estivera en vigor, a excepción á prohibición da caza do porco bravo na ZEPA ES0000086, ría de Ortigueira e Ladrado, previa autorización do Servizo Provincial de Conservación da Natureza de A Coruña, mediante as modalidades de caza maior que inclúen balas que conteñan chumbo. E se volvese a regular esta excepción ou outra similar, que esa Consellería especifique que as balas non poderán conter chumbo. Tamén lle insta a derrogar a excepción á prohibición para bater pezas de caza menor, recollida na Orde de Caza para a tempada 2010-2011, e que permite disparar ao raposo con bala.

Pódese dicir máis alto pero non máis claro: a caza con munición de chumbo en humidais protexidos é ilegal.

* Serafín González é o presidente da Sociedade Galega de Historia Natural.



MOVEMENTO SOCIAL POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO



Plataforma pola Protección
da Serra do Galiñeiro*

O pasado mes de decembro de 2011 a Plataforma pola protección da Serra do Galiñeiro cumpriu un ano de andadura e continúa cunha intensa actividade para acadar o seu obxectivo principal: a protección legal e efectiva para toda a Serra. Está formada por entidades moi diversas: asociacións ecoloxistas, entre elas ADEGA, de veciños, comunidades de montes, culturais, clubs de montaña, etc., que dan a este movemento riqueza, dinamismo e unha ampla cobertura social que medra a cotío. A motivación para a creación deste movemento social foi a ausencia de protección que teñen os numerosos valores ambientais, xeolóxicos, paisaxísticos, etnográficos, arqueolóxicos e socioeconómicos que alberga a serra e as continuas agresións que sofren, pese a que en 1978 a parte sur da serra foi declarada Parque Natural do Monte Aloia, o primeiro de Galiza.

PRINCIPAIS VALORES DA SERRA DO GALIÑEIRO

- Paisaxísticos

A Serra do Galiñeiro é un referente para o Val Miñor, Vigo, A Louriña, Baixo Miño e O Morrazo pola súa elevada altitude e polas formacións rochosas que a configuran. Un valor merecente de seu dunha protección legal.

- Ambientais

Nos hábitats da Serra podemos atopar especies botánicas de grande interese, como os endemismos *Stipa gigantea*, *Linaria saxatilis*, *Thymus caespititius*, ou *Silene unifolia* nos cumios, ou a *Erica umbellata*, *Ulex micranthus*, *Ulex minor*, *Viola lactea*, *Genista triacanthos*, nas matogueiras termófilas. Existen polo menos 8 hábitats naturais de interese comunitario catalogados na Directiva 92/43/CEE.

Respecto á fauna atopamos especies de presenza moi escasa e localizada en Galiza como a azulenta papuda (*Prunella collaris*), ou un núcleo de cría de merlo azul (*Monticola solitarius*) nos cumios. Existe avifauna de interese durante os períodos migratorios, prenupcial e pos-

PDSC



O 20 de febreiro de 2011 tivo lugar a I Andaina pola Protección da Serra do Galiñeiro.

nupcial, como é o caso do picanzo real (*Lanius excubitor*) ou do pedreiro cincen-to (*Oenanthe oenanthe*) e a presenza de especies de anfibios endémicas como a ra patilonga (*Rana iberica*), ou a saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), considerada como o anfibio máis ameazado da Península ibérica.

- Xeolóxicos

O Galiñeiro ten unha grande riqueza xeolóxica pola gama de minerais presentes, como as interesantes formacións de *gneis de riebeckita* nos cumios. Posúe valores tectónicos únicos no mundo e aprécianse formacións xeolóxicas de interese como a dos "Milagres da Trapa", cavidades graníticas coma a "Lapa da Moura" ou as do Monte Arruídos, e tamén a "Cova da Becha", de orixe glacial.

- Valores etnográficos e arqueolóxicos

Ao longo da Serra atopamos puntos de interese, como o petróglifo da "Auga da Laxe" de características únicas no continente europeo, no que sobrancean as alabardas e a súa enorme espada; os campos de mámoas de "Os brumús", ou o do "Monte das moutas". Tamén existen elementos importantes de arquitectura popular como presas, levadas, muíños de auga, abrigueiros para pastoreo comunal e para os obradoiros de cantería artesanal como foi a "Casa do Demo", e restos arqueolóxicos supostos de orixe altomedieval como a muralla na cara norte do Galiñeiro. E asociado ás numerosas cavidades da Serra existe un rico e variado patrimonio inmaterial manifestado en abundosas lendas populares e nun amplo abano de seres mitolóxicos.

- Valores socioeconómicos:

A Serra ofrece moitas posibilidades económicas, de lecer, deportivas e cultu-

ASOCIACIÓNS QUE CONFORMAN A PLATAFORMA:

A Ría Non de Vende, A.C. Berra Val Miñor, ADEGA, AGA (Asoc. Galega Apicultural), Amigos da Terra, Asoc. "Festa da Prehistoria", Asoc. Permacultura "Eiras de Miño", Asoc. Trece Catorce, Asoc. Veciños de Vincios, Asociación A Groba, Asoc. Mundo Mineiro, Bembrive: Pena Cabalaria, C.C. As Pedriñas, C.M.V.M.C. de Chaín, C.M.V.M.C. de Couso, C.M.V.M.C. de Valadares, C.M.V.M.C. de Vincios, C.M.V.M.C. de ZAMÁNS, C.S. A Revolta, Club Escalada Montaña Azimut, Club Montañeiros Celtas, Club Pena Trevinca M.G., Club de Montaña Xistra, Club Espeleolóxico Mauxo, C.S. A Faísca, Federación A.A.V.V. Eduardo Chao-Vigo, Federación Galega de Montañismo, Instituto de Estudos Miñoranos, Outrovigoéposible, Plataforma Defensa da Ría Cíes, Salvemos Monteferro, SOS Serra da Groba, Verdegaiá.



Petróglifo Auga da Laxe.



Curro de Vincios na Serra do Galiñeiro.

rais para a densa área metropolitana de Vigo. Nela desenvólvense actividades deportivas e de ocio: sendeirismo, escalada, competicións de carreiras de orientación. Tamén a colleita de cogomelos, ao que temos que sumar os aspectos didácticos relacionados coas Ciencias Naturais e Sociais que ofrece este espazo natural, utilizado por varios departamentos da Universidade de Vigo.

Existen iniciativas para un aproveitamento multifuncional do monte xestionadas por varias Comunidades de Montes, que dan soporte ás actividades culturais das parroquias e que son dinamizadoras da cultura do pobo.

As augas subterráneas e superficiais abastecen as traídas de augas da veciñanza de toda esta contorna e o encoro de Zamáns.

A serra acubilla gando ceibe como vacas, ovellas, cabras e cabalos. As greas de cabalo galego de monte alentan a celebración dos curros de Vincios e de Morgadáns.

PRINCIPAIS AMEAZAS DA SERRA DO GALIÑEIRO

A Serra é un territorio privilexiado rodeado dun entorno altamente antropizado. De sempre o ser humano aproveitou as súas riquezas, pero arestora estanse vendo ameazadas por actividades que xeran impactos moitas veces irreversíbeis. Subliñamos a proliferación de canleiras, moitas delas ilegais e outras abandonadas sen a debida restauración. A maior parte da superficie da Serra está repoboada con especies foráneas como eucaliptos e piñeiros, que reducen a biodiversidade e aumentan o risco de lumes. Tamén é masiva a apertura de pistas, o seu ancheado e recheo con terra, entullo e ás veces asfalto. Actividades sen ordeñación nin control, como a práctica

deportiva con vehículos a motor (todo-terreos, motos de cross e quads) dentro e fóra das pistas, vertedoiros de lixo e entullo, movementos incontrolados de terra que estragan a Serra por todos os recunchos e rematan por chegar aos ríos colmatando as canles na parte baixa.

A desidia da Administración e o descoñecemento xeral sobre a riqueza do patrimonio arqueolóxico propician a destrución negligente ou intencionada do mesmo.

Ademais existen proxectos de actividades e infraestruturas de forte impacto, grandes estradas ou a instalación dunha machacadora de entullo. Pero a maior ameaza é a instalación dun polígono eólico.

O parque eólico do Galiñeiro foi aprobado no último concurso da Xunta que lle concedeu a Terra do Vento o aproveitamento de 39 MW, mediante a colocación de 13 muíños de entre 135 e 150 m de altura, coas correspondentes liñas de evacuación da enerxía, central de transformación e creación de novas pistas ou ampliación das existentes. Todo isto nas zonas máis altas da Serra sendo visíbeis desde a mesmísima Fontefría.

A plataforma está totalmente en contra deste proxecto, xa que suporía a destrución de parte do Galiñeiro e un enorme impacto sobre moitos dos seus valores. Queremos outro destino para a nosa Serra, que potencien o desenvolvemento sustentábel, con iniciativas como as que xa fan algunhas comunidades de montes. Non queremos que se vexan hipotecadas as posibilidades de futuro da Serra do Galiñeiro, os seus habitantes e beneficiarios. Demandamos a súa protección como Parque Natural, ampliando o xa existente do Monte Aloia, e como espazo da Rede Natura 2000. Creemos firmemente nos beneficios que a protección

traerá para a natureza e os veciños, moitísimo maiores dos que supón unha canleira ou un polígono eólico.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLA PLATAFORMA

A diversidade de colectivos que integran a plataforma e a masa social que nos apoia permítenos realizar actividades de divulgación sobre a protección da serra e os seus valores, así como concertos solidarios, roteiros, campañas informativas, *testings* de biodiversidade, xuntanza de escaladores, etc.

Unha das iniciativas con mellor acollida foron as dúas andainas reivindicativas. Nunha chuviosa mañá de domingo do mes de febreiro de 2011 celebrouse a primeira e asistiron máis de 1.500 persoas. A segunda tivo lugar en setembro, na que se xuntaron máis de 2.000 persoas que rematou coa lectura do manifesto por parte do Presidente da Real Academia Galega, X.L. Méndez Ferrín.

A día de hoxe 8.000 sinaturas en apoio á protección da Serra foron presentadas no rexistro da Xunta de Galiza, xunto coa solicitude formal de protección deste espazo natural mediante a figura de Parque Natural. Tamén solicitamos ao Parlamento Europeo que o Galiñeiro sexa declarado LIC.

Os recoñecementos e apoio da sociedade polo traballo que realizamos animámonos a continuar nesta loita e fainos seguir crendo que a Serra do Galiñeiro será, co esforzo común, finalmente protexida.

* Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro. + info: Centro Cultural de Vincios. Barrio de Piñeiro s/n, Vincios, Gondomar 36316 (Pontevedra).
Web: www.serradogalinheiro.org.
E-mail: serradogalinheiro@gmail.com

O MOUCHO: AVE DO ANO EN GALIZA 2011

Cosme Damián Romay, Óscar Martínez e Santiago Vázquez*

O moucho *Athene noctua* (Linnaeus, 1758) é pequeno estríxido (Aves: Strigidae) repartido polo centro e sur de Europa, norte de África, Oriente Próximo e sur de Asia. Residente, resulta en xeral común na súa extensa área de distribución (Del Hoyo et al., 1999). Repartido por toda a Península Ibérica, falta só de zonas moi montañosas e grandes áreas boscosas. De modo crecente, falta tamén de amplas áreas de Galiza e do Cantábrico, e é escaso nas Baleares (Blas & Muñoz, 2003). A súa poboación mínima para o período 1998-2002 foi de case 40.000 parellas en España, cunha estima previa de 50.000 a 65.000 parellas entre 1975 e 1995 (Purroy, 1997; Blas & Muñoz, 2003).

En Galiza detéctase en zonas medias e baixas dos vales dos ríos Miño, Sil, Bibei, Tamega e Limia e en áreas agrícolas da Mariña luguesa e das provincias da Coruña e Pontevedra. Presenta unha maior abundancia nos agros das comarcas de Arzúa, Betanzos, Terra de Melide, Lugo e Lemos, sendo moi escaso ou faltando de áreas moi arboradas e montañosas (Os Ancares, O Courel e Xistral) (Blas & Muñoz, 2003) e tamén de comarcas litorais como Ortegal (J. M. Alonso, com. pers.). Para os anos 1980 a 1985, a cobertura da especie en Galiza era de 159 cuadrículas UTM de 10x10 km (44,2% do territorio galego; Penas *et al.*, 1995). No período 1998-2002 está constatada a súa presenza en 204 cuadrículas (56,5% do total galego), cunha poboación mínima de 1.059 parellas (Blas & Muñoz, 2003). A maior cobertura do moucho en Galiza no segundo traballo probablemente se deba a un maior esforzo de mostraxe e non tanto a un aumento real da especie na nosa terra.

Na provincia da Coruña, a cobertura no período 1998-2002 foi de 64 cuadrículas UTM de 10x10 km, cun mínimo de 298 parellas (Blas & Muñoz, 2003). Os hábitats preferidos polo moucho na provincia son, nesta orde, pequenos núcleos rurais e vilas onde se combinen pequenas explotacións agrícolas e gandeiras; áreas costeiras e dunares con monte baixo e zonas periurbanas. Os lugares de cría atopados corresponden case exclusivamente a construcións humanas (igrexas, hórreos, valos). Os inquéritos a persoas coñecedoras da especie confirman que o moucho era común nas décadas dos 80 e 90 no Arco Ártabro, onde agora é moi puntual. No conxunto da provincia da Coruña as causas da súa diminución débense principalmente á redución do seu hábitat (debido aos



Moucho en Fornelos de Montes.

cambios dos usos tradicionais do solo) e aos atopelos. Finalmente, e, en menor medida, a falta de lugares de cría, o impacto do uso de raticidas e a posíbel competencia e predación pola cada vez máis abundosa avelaiona (*Strix aluco*) puideron e poden contribuír ao declive do moucho na Coruña.

As zonas agrícolas e gandeiras da provincia de Pontevedra (cobertura de 40 cuadrículas, mínimo de 148 parellas), especialmente aquelas sen uso de fitosanitarios, é onde mellor se pode atopar o

moucho. Perante a falta de ocos naturais, aniña principalmente en construcións humanas (casas vellas, galpóns, valos de pedra) e tamén en entulleiras. Un inquérito recente sobre o moucho na provincia de Pontevedra fixo posíbel o mapeo de 111 territorios da especie, o 98% deles con datos para o período 2007-2011 (Martínez, 2011). A poboación semella concentrarse nos concellos interiores (rurais) da provincia, aínda que se atopa ben distribuída por toda ela. En grandes áreas de cultivo (comarca do Deza) semella ser máis escasa, tal vez debido á escaseza de ocos para poder criar, e igualmente sucede nas zonas de maior presenza humana xunto ás cidades. A dispersión da especie semella ser moi local. En lugares óptimos para a súa cría podemos atopar diferentes parellas nuns poucos centos de metros sen que isto supoña fortes conflitos polo territorio. Aínda que poida parecer o contrario, esta especie non é doada de localizar, pasando desapercibida en zonas complexas entre vivendas e pousadoiros baixos nas zonas de cultivo.



Moucho en O Grove.



O mantemento do mosaico rural tradicional en Galiza é vital para a conservación da especie

A provincia de Lugo, con 47 cuadrículas UTM de 10x10 con presenza no período 1998-2002, acolle 461 das 1059 parellas de moucho en Galiza (o 43,5%), constituíndo a maior poboación de Galiza. Isto débese a que en Blas & Muñoz (2003) aparecen dúas cuadrículas (na Fonsagrada e en Quiroga) cunha estima mínima de 100 parellas reprodutoras, descoñecendo se esta elevada cifra é reflexo da situación real do moucho nestas zonas. A selección de hábitat e requirimentos para a nidificación nesta provincia son similares ás sinaladas para Pontevedra e A Coruña, aínda que se teñen citado parellas reprodutoras ou exemplares illados en zonas boscosas e montañosas como Becerreá e Folgoso do Courel, áreas *a priori* pouco axeitadas para a especie (Gutián *et al.*, 2004; B. Rodríguez, com. pers.).

Por último, na provincia de Ourense (cobertura de 53 cuadrículas, cun mínimo de 152 parellas reprodutoras), áchanse áreas amplamente cubertas (A Limia, vales do Miño, Bibei e Támega) xunto a outras con amplos baleiros

(Macizo Central, Trevinca, Xurés, Arnoia). A selección de hábitat é similar ao resto de Galiza, se ben en áreas de influencia mediterránea do sur da provincia (por exemplo no val do Támega) habita contornos de matogueira mediterránea, viñas e barbeitos sempre que teñan pequenas construcións e muros para se pousar e aniñar. Na comarca da Limia, onde a especie era abundosa até os anos 80, ocupa principalmente arboredos caducifolios adevesados (54,9% dos 122 rexistros nos que identificou o hábitat) e as terras agrícolas e pasteiros con arboredo disperso ou construcións abandonadas (37,7% das observacións). Curiosamente, só o 1,6% das citas da chaira limiá corresponde a pobos e os seus arredores (Villarino *et al.*, 2002).

CONSERVACIÓN

Desde finais dos anos 70 até, polo menos, mediados dos 90, a especie sufriu unha forte regresión en Galiza (Penas *et al.*, 1991, 1995; datos propios). Verifícouse tamén un declive moi significativo das súas poboacións en España, da orde

3,6% anual entre 1998 e 2007 e do 3,2% anual entre 1998 e 2009 (Escandell, 2009; SEO/BirdLife, 2010).

Apúntase aos atropelos (especialmente despois da cría), insecticidas e incluso roubo de polos e destrución de niños como causas importantes da súa regresión (Penas *et al.*, 1995), aínda que a intensificación agrícola e os cambios nos usos do solo constitúen a súa principal ameaza para a conservación (Blas & Muñoz, 2003). Este declive xustificou a súa elección como *Ave do ano en Galiza 2011* pola Sociedade Galega de Ornitología, e tamén como *Ave do ano en España 2011* pola Sociedade Española de Ornitología, escollas que, a destacar, foron independentes e case simultáneas no tempo.

O mantemento do mosaico rural tradicional en Galiza é vital para a conservación desta especie, beneficiosa para os agricultores polo seu consumo de grandes insectos e pequenos mamíferos (Penas *et al.*, 1991). Unha media sinxela e positiva para a conservación do moucho nas zonas onde se detecte a súa presenza (ou se teña constancia dela no pasado) é a instalación de caixas niño de madeira medianas, cun diámetro de entrada de 70 mm, que poden ser ocupados por esta ave (Brinzal, 2008). Débense colocar a un mínimo de 200 m de vía asfaltadas con alta densidade de vehículos, para evitar atropelos, procedendo á súa revisión e limpeza a finais de cada ano.

REFERENCIAS

- Blas, J. & Muñoz, A. R.** 2003. Mochuelo Europeo *Athene noctua*. En: Martí, R. & Del Moral, J. C. *Atlas de las aves reproductoras de España*, pp. 318-319. SEO/BirdLife-Ministerio de Medio Ambiente, Madrid. **Brinzal.** 2008. *Cajas nido para rapaces nocturnas*. URL: <http://www.brinzal.org/cajasnido.htm> (con acceso: 29/11/2011). **Del Hoyo, J.; Elliott, A. & Sargatal, J.** 1999. *Handbook of the birds of the world. Volume 5: Barn-owls to Hummingbirds*. Lynx Edicions, Barcelona. **Escandell, V.** 2009. Programa SACRE en primavera. En: Del Moral, J. C.; Bermejo, A.; Molina, B.; Escandell, V. & Palomino, D. (ed.). *Programas de seguimiento de SEO/BirdLife en 2007*, pp. 4-9. SEO/BirdLife, Madrid. **Gutián, J.; Munilla, I.; González, M. & Arias, M.** 2004. *Guía de las aves de O Caurel*. Lynx Edicions, Barcelona. **Martínez, Ó.** 2011. *O moucho (Athene noctua) na provincia de Pontevedra*. URL: <http://avesnadorsalgalega.blogspot.com/2011/09/o-moucho-athene-noctua-na-provincia-de.html> (con acceso: 29/11/2011). **Penas, X. M.; Gutián, J.; López, Z. & Álvarez, E.** (coord.). 1995. *Atlas de vertebrados terrestres de Galiza. Tomo I: Aves*. Consello da Cultura Galega – Sociedade Galega de Historia Natural, Santiago de Compostela. **Penas, X. M.; Pedreira, C. & Silvar, C.** 1991. *Guía das aves de Galicia*. Bahía Edicions, A Coruña. **Purroy, F. J.** (coord.). 1997. *Atlas de las aves de España (1975-1995)*. SEO/BirdLife-Lynx Edicions, Barcelona. **SEO/BirdLife.** 2010. *Estado de conservación de las aves en España en 2010*. SEO/BirdLife, Madrid. **Villarino, A.; González, S. & Bárcena, F.** 2002. *Vertebrados da Limia, dende a lagoa de Antela ós nosos días. I-Aves: Gaviiformes a Piciformes*. Limaia Produccións, Sandiás.

* Cosme Damián Romay é biólogo, vogal do Grupo Naturalista Hábitat e membro da SGO, da SEO e de ADEGA; Óscar Martínez é membro da SGO e Santiago Vázquez é secretario do Grupo Naturalista Hábitat.


ÁRBORES E FORMACIÓNS SENLLEIRAS DO PAÍS

HISTORIA DO CATÁLOGO


O nacemento do Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras non se produce en 2007 (ano da publicación do Decreto 67/2007), moitos foron antes os que se preocuparon de inventariar as árbores máis notábeis do noso territorio. En 1984, a Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural da Xunta encargou a unha consultora madrileña a realización do "Inventario de árboles sobresalientes de Galicia", non foron poucos os atrancos cos que se atoparon os redactores de dito informe, pois se a xeografía galega é complicada, máis complicado lles resultou a idiosincrasia dos galegos. Aínda así fixeron un traballo moi detallado no que recolleron 260 exemplares, moitos deles desaparecidos na actualidade.

No ano 2000, a Xunta de Galiza decide dar un paso máis e declara Monumentos Naturais o Souto da Retorta ou Eucaliptal de Chavín (Decreto 77/2000, de 25 de febreiro), no que presumiblemente se atopaban as árbores máis altas de Europa, se ben na actualidade está comprobado que esta honra lle corresponde a un "carri" (*Eucalyptus diversicolor* F. Muell.) situado en Coimbra (Portugal); a Fraga de Catasós (Decreto 76/2000, de 25 de febreiro), formación mixta de carballos e castiñeiros de orixe antrópica, plantados a finais do S. XIX polos antigos propietarios do Pazo de Quintela e declarados exemplares únicos pola FAO en 1954 por posuír os fustes de castiñeiros máis altos de Europa; e o Souto de Rozabales (Decreto 78/2000, de 25 de febreiro), no que habitan algúns dos castiñeiros de maior volumetría e idade de Galiza, superando a maior parte dos exemplares os 500 anos de vida, entre os que se atopa o Castiñeiro de Pumbariños, de máis de 14 metros de perímetro na base do tronco.

En 2001 apróbase a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza que no Artigo 52 xa fala do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, no que se incluírán "aqueles exemplares ou rodais cuxa conservación sexa necesario asegurar polos seus valores ou intereses naturais, culturais,



Carballa da Rocha (Rairiz da Veiga, Ourense).



Devesa do Pazo de Cartelos (Carballedo, Lugo).

científicos, educativos, estéticos ou paisaxísticos".

Algúns anos máis tarde, en 2003, Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco Sevillano publican o libro "Árboles Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia" no que recollen 345 exemplares arbóreos monumentais, a maior parte deles situados en Pazos, Mosteiros, Castelos e outros lugares de interese cultural de Galiza, aínda que tamén

J. Gaspar Bernárdez e Antonio Rigueiro*

inclúen algúns exemplares situados en espazos naturais.

Xa en 2007, a Xunta declara Monumento Natural a Carballa da Rocha, en Rairiz da Veiga, pequeno grupo de carballos no que destaca un exemplar que conta coa honra de aparecer no escudo deste concello ourensán.

Un anexo do Decreto 67/2007 da Xunta, publicado o día 22 de marzo no Diario Oficial de Galicia, fai público o "Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras" no que se recollen 106 árbores e 21 formacións senlleiras. Trátase dun catálogo inicial, provisorio e aberto.

En 2008, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza edita o libro "Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia", escrito por Antonio Rigueiro Rodríguez, J. Gaspar Bernárdez Villegas e Carlos Rodríguez Dacal, con fotografías de Miguel Ángel Montero Vaz, no que se describen as árbores e formacións incluídas no catálogo.

SITUACIÓN ACTUAL

O catálogo reúne algunhas das árbores máis destacábeis do noso territorio, e é aquí onde xorde o verdadeiro problema, cales son os criterios que se deben seguir á hora de incluír unha árbore ou formación? En principio son varios os parámetros que se analizan para cada exemplar, sirva como mostra un pequeno resumo de tales criterios:

- Morfoloxía e biometría: caracteres estes que engloban a forma e a beleza, a dendrometría (dimensións), a idade e a produción de madeira, cortiza ou froitos, etc. Por estes parámetros foron incluídos a maior parte dos carballos, castiñeiros e sobreiras do catálogo.
- Singularidade taxonómica, biolóxica, corolóxica, ecolóxica ou paisaxística: exemplares tan representativos como os Ombúes do Pazo de Ribadulla (Vedra) e o do Centro Cultural de Santa Cruz (Oleiros) ou mesmo o Teixedo de Casaio, bosque relicto de épocas pasadas e único en Galiza, foron

catalogados atendendo a estes criterios.

- Valor histórico, cultural, relixioso, popular, simbólico ou didáctico: baseándose nestes aspectos forman parte do catálogo exemplares tan dispares como o Castiñeiro da Capela (Begonte), que chegou aos nosos días grazas á sensibilidade e tenacidade do artista local Vitor Corral, que se pechou dentro dun oco no tronco da árbore para evitar que o arrincaran cando se fixeron os movementos de terras para a ampliación da estrada nacional VI, aproveitando a súa estada nese cárcere voluntario para esculpir na propia madeira da árbore unha imaxe da Virxe do Rosario; e tamén a Figueira de Rosalía de Castro (Padrón), citada no poema *Adiós ríos, adiós fontes*, do poemario *Cantares gallegos*, o Carballo do Pelete (A Lama), regado con viño tinto todos os anos na festividade da Virxe dos Remedios, o 8 de setembro, e o Carballo de San Antonio no concello coruñés de Carballo.



Teixo de Balmonte (Castro de Rei, Lugo).

O FUTURO DAS NOSAS ÁRBORES SENLLEIRAS

O día 13 de outubro de 2011 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde da Consellería de Medio Rural do 3 de outubro de 2011 pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras, incorporándose ao catálogo 41 árbores novas e 10 novas formacións. Para esta ampliación foi aberto un proceso de participación pública, deste xeito foron revisadas case un milleiro de solicitudes achegadas desde distintas institucións, asociacións, particulares, etc. Despois de visitar os exemplares, facer medicións e comprobar o estado fitosanitario, foron analizadas as solicitudes polo Comité das Árbore Senlleiras, órgano ao que corresponde, segundo o Decreto 67/2007, facer as propostas de inclusión de novas árbores e formacións no catálogo.

É unha magoa ter que asistir á desaparición dalgúns exemplares únicos no nosa xeografía, nalgúns casos monumentos que non chegaron a ver o nacemento do catálogo, como o Castiñeiro da Costa, en Casaio, con máis de 12 metros de perímetro basal e próximo aos 500 anos de vida, morto hai poucos anos debido a un lume. Máis recentemente temos que lamentar a morte dunha das faias de Castrelos (Vigo), do Piñeiro Manso dos Candeiras (Ponteareas) e do Chopo branco do Balneario de Cuntis, que se incluíra no catálogo na ampliación deste ano. Pero non debemos esquecer que se trata, en moitos casos, de árbores moi vellas, febles e doentes, nos tramos finais da súa lonxevidade ás veces, polo que requiren cuidados especiais para garantir a súa persistencia o maior tempo posíbel. Ademais, trátase

dun catálogo aberto, do que caerán algúns exemplares e entrarán outros, e dos estudos que temos feito dedúcese que Galiza conta con centos de exemplares que serán merecentes de entrar no catálogo nas calendas futuras.

Bibliografía:

- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A; BERNÁRDEZ VILLEGAS, J.G. Et RODRÍGUEZ DACAL, C. (2008). *Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia*. Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galiza.
- RODRÍGUEZ DACAL, C. Y J. IZCO (2003). *Árbores Monumentales en el Patrimonio Cultural de Galicia*. 2 Tomos. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galiza.
- XUNTA DE GALIZA (1985). *Inventario de Árbores Sobresalientes de Galicia (Inéd.)*. Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural. Consellería de Agricultura, Pesca y Alimentación. Xunta de Galiza.

* Gaspar Bernárdez e Antonio Rigueiro son autores, xunto con Carlos Rodríguez Dacal, e fotografías de Miguel Ángel Montero Vaz, do libro "Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia".

BIOCONSTRUCCIÓN
OBRABIO S.L.

As Laxes
27891 Sargadelos

obrablo@gmail.com
657 620 767
982 557 916

www.obrablo.com



GRANDES INDUSTRIAS CONTAMINANTES DA ATMOSFERA EN GALIZA

Ramón Varela Díaz*

A finais de Novembro (2011) o "Registro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes" (PRTR-España) fixo públicos os datos correspondentes ao ano 2010. A situación no noso país segue sendo mala e non mellorou co paso do tempo. No PRTR-España rexistráronse en Galiza 26 actividades contaminantes das que 22 contaminan a atmosfera, 10 contaminan a atmosfera e a auga e 4 contaminan so a auga.

GALIZA EN RELACIÓN AO ESTADO ESPAÑOL

Por provincias, a da Coruña está afectada por 20 actividades contaminantes, as de Lugo e Pontevedra por 8 cada unha, e a de Ourense por 5. En volume de emisión global no ano 2010, ocupamos o quinto lugar por comunidades. Situámonos por detrás do País Vasco, Andalucía, Cataluña e Asturias. Emitimos á atmosfera 10.260.611 toneladas de contaminantes e á auga 41.703 toneladas.

Ocupamos o primeiro posto no Estado e unhas porcentaxes altísimas na emisión de Perfluorocarbonos, Compostos Orgánicos Persistentes e Flúor e Compostos fluorados. Tamén temos un lugar moi destacado e unhas porcentaxes de emisión moi elevadas doutros contaminantes como dióxido de xofre, dióxido de carbono, cloro, mercurio, níquel, metano... (cadros I e II). A importancia das emisións é tanta que baste dicir que en gases de efecto invernadoiro Galiza, representa o 9,6% do total do Estado, e o 13,1% en dióxido de xofre, un dos gases precursores e principais responsables de choiva ácida.

PRINCIPAIS INDUSTRIAS CONTAMINADORAS

No que respecta a contaminación atmosférica, a refinaría de Repsol, as centrais térmicas e outras instalación de combustión, a produción en bruto de produtos non ferrosos, a fabricación de non metais e a fabricación de cemento xeran máis do 95% da contaminación. Por contaminantes obtemos as seguintes cifras (Cadro III):

- Seis industrias (3 Centrais Térmicas, a Refinaría e o Complexo Alumina-Aluminio) representan o 81,5% do total das emisións de dióxido de carbono, e o 70% das emisións de óxidos de nitróxeno.
- Cinco industrias emiten o 79% do total de dióxido de xofre
- Catro industrias emiten o 54,2% do total de partículas PM10.
- Tres industrias emiten o 60% do mercurio e o 37% de níquel
- Dúas industrias emiten o 52,6% do total de Flúor e compostos fluorados e o 91% de cloro e compostos clorados.

A contaminación da auga dáse, segundo o PRTR-España, principalmente pola Estación depuradora de augas residuais -EDAR- de Vigo, a Refinaría d'A Coruña e Ence de Pontevedra.

Cadro I. Porcentaxe de emisións en Galiza respecto ao total Estado e posto por CC.AA.: Os 10 contaminantes con maior porcentaxe

Contaminante	Galiza (% Estado)	Posto por CC.AA.	Principais industrias que o emiten
Perfluorocarbonos	81,0	1º	Aluminio-S. Ciprián
Compostos orgánicos persistentes	65,6	1º	Alcoa-Coruña, Cemento Cosmos, Ferroatlántica
Fluor e compostos inorg. fluorados	29,2	1º	Aluminio, Alcoa, C.T. As Pontes
Dióxido de xofre	13,1	3º	Repsol, C.T. As Pontes, Alumina
Dióxido de carbono	9,6	4º	C.T. As Pontes, Repsol, Alumina, C.T. Meirama
Cloro e compostos inorg. clorados	9,5	4º	C.T. As Pontes, Aluminio Español, Finsa
Mercurio e compostos con Hg	10,6	5º	Finsa, C.T. As Pontes, Ence (auga)
Níquel e compostos con Ni	7,4	6º	Repsol, Finsa-Oremer, Ence (auga)
Cadmio e compostos con Cd	8,3	6º	Finsa, Ence (auga)
Metano	6,8	6º	Vertedoiro SOGAMA Areosa, Nostián (A Coruña)

Fonte: Elaboración propia a partir do PRTR-España (novembro 2011). Outros contaminantes moi perigosos cos que tamén estamos presentes, aínda que con porcentaxes inferiores, son os seguintes: Arsénico, Benceno, Fenois, Monóxido de carbono, Amoníaco, Zinc, Cobre, Chumbo, compostos orgánicos volátiles distintos do metano (COVNM), e partículas PM10.

Cadro II. Emisións na Galiza por grupos de contaminantes

Contaminantes	Galiza (% Estado)	Posto por CC.AA.
Todos os contaminantes -auga, aire, solo-	7,7	5º
Gases de efecto invernadoiro: CO ₂ , CH ₄ , N ₂ O, HFC, PFC, SF ₆	9,6	4º
COP Compostos orgánicos persistentes: DDT, Lindano, Dioxinas, Fúranos, Aldrin, Dieldrin, Heptacloro, Hidrocarburos aromáticos policíclicos	65,6	1º
Metais pesados	4,3	5º
Substancias que esgotan a capa de ozono: CFC, HCFC, Halóns, Tetraclorometano, tricloroetano	1,9	7º

Fonte: Elaboración propia a partir do PRTR-España (novembro 2011).

Cadro III. Principais industrias contaminadoras en 2010 (emisións en toneladas, agás Hg e Ni, en kg)

	CO2	SO2	NOx	PFC	PM10	HF	HCl	Hg	Ni
C.T. As Pontes	4.460.000	3.700	6.270	-	298	32,8	89,2	36,9	483
C.T. Meirama	769.000	1.430	1.010	-	51,8	-	-	22	-
Repsol	1.190.000	6.780	2.220	-	193	-	-	-	1.280
Alumina	935.000	3.380	1.710	-	288	-	-	96	-
Aluminio	406.000	2.700	155	2,44	-	94	12,3	-	138
C.T. Sabón	531.000	-	207	-	-	-	-	-	-
Subtotal 6 industrias	8.291.000	17.990	11.572	2,44	831	126,8	101,5	154,9	1.9101
Total Galiza rexistro PRTR- España	10.175.000	22.795	16.631	10,97	1.531	240,8	111,2	260	5.200

Fonte: Elaboración propia a partir do PRTR-España (novembro 2011).

Ramsés Pérez



Refinería de Repsol (A Coruña).

CONCLUSIÓN

Galiza soporta unha contaminación que non se corresponde co noso tamaño xeográfico, nin co número de habitantes ou poboación que sustentamos, co grado de industrialización ou co nivel de vida. Unhas poucas industrias centradas en poucos sectores (electricidade, aluminio, refino de petróleo, ferroaleacións, madeira...) son responsables da maior parte das emisións contaminantes.

Aínda que esta situación debería facilitar a adopción de medidas no camiño de reducir a alta contaminación, xa

que sería fácil actuar sobre una decena de focos contaminantes, a situación repítese ano tras ano. Cabe preguntármonos se está o Goberno interesado en diminuír a contaminación, aforrar en custos sanitarios e mellorar a nosa saúde?

* Ramón Varela Díaz foi presidente de ADEGA e autor de varias publicacións sobre contaminación industrial.
+info en PRTR-España:
<http://www.prtr-es.es/informes/pollutant.aspx>; e en Cerna nº 61, páx 19-21.
Ligazón PRTR-España:
<http://www.prtr-es.es/informes/pollutant.aspx>

ESPACIO SUBMARINO

A REVISTA SUB FEITA DESDE GALICIA PARA TODOS OS AMANTES DO MAR
WWW.ESPACIOSUB.COM

O PROXECTO FIARE: EXPECTATIVAS DA BANCA ÉTICA EN GALIZA

Raúl Asegurado Pérez*

QUE É A BANCA ÉTICA?

Na Banca Ética (BE) enmárcanse os proxectos de intermediación financeira que ofertan os servizos bancarios habituais a persoas e organizacións que queren atender ás consecuencias sociais da actividade de crédito que se desenvolve co seu diñeiro, e que reclaman que dita actividade se oriente exclusivamente a aqueles proxectos que contribúan á rexeneración das nosas sociedades. É dicir, ir moito máis alá de "non investir en industria militar, en iniciativas denigrantes coa biosfera, etc.

Os proxectos de banca ética son propostas de reocupación da esfera pública por parte de persoas e organizacións que reclaman o seu dereito (e recoñecen o seu deber) de artellar sistemas de intermediación de acordo cunha lóxica alternativa á propia do capitalismo neoliberal, e vencéllanse con outras propostas da Economía Solidaria buscando a transformación desde a perspectiva da xustiza.

Por tanto, artellan unha resposta bancaria que antepoña o valor da persoa e da sociedade antes que a primacía do capital, invertendo esta lóxica na construción de valores sociais e poñendo a primacía na cuestión social, en senso amplo. A continuación describimos os piares da Banca Ética.

a. Ao servizo da xustiza

Parte dunha diagnose concreta, que as nosas sociedades son inxustas e a esa inxustiza é á que o proxecto quere facer fronte, poñendo a intermediación financeira ao servizo da súa rexeneración.

Para iso a banca ética fai unha restrición "positiva" dos ámbitos de financiamento, apoiando mediante o crédito a loita contra a exclusión; mediante a cooperación, o desenvolvemento e, mediante o comercio xusto, a agroecoloxía, a transformación de valores, etc.

b. Identidade

A Banca Ética ten que estar en mans daquelas persoas e entidades compro-

metidas coa rexeneración das nosas sociedades inxustas, porque elas saben das necesidades da sociedade. Debe aliarse, como unha ferramenta máis, con estas entidades, dotándose dunha estrutura de propiedade (en mans da cidadanía e dos movementos sociais) e tendo unha estratexia de crecemento respectuosa e sostida no músculo asociativo que estas vaian conferíndolle.

d. Non lucratividade

Ningunha persoa ou grupo que participa nas tomas de decisións se pode beneficiar persoalmente dos excedentes económicos que se puideran xerar no proceso de intermediación financeira. Isto novamente incide na estrutura de propiedade, mais tamén nos procesos de toma de decisións (assemblearios), no control dos salarios máis altos e na integridade da identidade durante o crecemento.

e. Insuficiencia

Unha mirada ética á intermediación financeira atópase cun horizonte irrenunciábel: o dereito ao crédito. A Banca Ética chega a unha conclusión parado-

xal: un sistema de BE non pode facer só intermediación financeira garantida, pois, como acontece en moitas outras propostas de alternativa, é necesario tecer circuitos solidarios de produción-distribución-consumo que impliquen redes cidadás nunha acción colectiva "a contracorrente".

FIARE HOXE

Os principios inspiradores de Fiare baséanse por tanto nestes piares e a súa incidencia pretende dar resposta a tres problemas: a capacidade, a lexitimidade e a viabilidade.

A capacidade, e a sospeita da incapacidade, está en coñecer e responder ás realidades doentes da sociedade (problemáticas sociais, ambientais, económicas, etc.), integrando a resposta financeira e mantendo a non lucratividade.

O problema da lexitimidade dáse en como podemos ser recoñecidos como unha opción críbel e fiábel por parte da cidadanía. Para iso botamos man da nosa identidade, das persoas e colectivos que levan anos "dando a batalla" na



Gráfico sobre a evolución de Fiare no Estado español en número de socias e na recollida de capital social.



Coop57 é unha cooperativa de servizos financeiros que recolle capital social para FiareGz a nivel estatal, é unha socia transversal. Na Galiza mantemos un fluído contacto cos demais territorios.

sociedade, que é o que máis nos lexitima, e tamén, claro está, a resposta que damos mediante o crédito, os proxectos que financiamos, porque son respostas claras ao sistema de dominación no que vivimos e propoñen outros valores.

A viabilidade responde a como facer un proxecto sostíbel sen perder a nosa identidade e autonomía. Aquí emerxe a cuestión da propiedade do banco a través do capital social, que é a forma de asociarse, e cuxo investimento se contempla do seguinte xeito: persoas físicas, 300€; entidades xurídicas, 600€; institucións públicas e empresas, 1.800€. Ademais de con isto, a nosa identidade e autonomía quedan salvagardadas coa actividade financeira que facemos, co compromiso austero da nosa organización e mediante a reciprocidade e cooperación coas asociacións que nos dan lexitimidade para existir.

A ESTRUCTURA SOCIAL

A construción social de Fiare ten 3 niveis: o territorial, o estatal e o local. O

nivel territorial é unha estrutura de redes de organizacións, na Galiza máis de 22, de grande heteroxeneidade, que garante a autonomía do proxecto, asume as responsabilidades de viabilidade na fase de construción do proxecto, xera lexitimidade e vela pola identidade; desenvolve o nivel local e participa do estatal, asume a avaliación ético-social das solicitudes de financiamento e, se se dá o caso, desenvolve ferramentas parabancarias (na Galiza, a través da asociación por un interese solidario "O Peto" *). Todo o proceso de sumar socias e socios que aporten o capital social para poder exercer a intermediación financeira, a difusión do proxecto ou a elaboración de materiais é traballo da estrutura territorial.

O nivel estatal desenvolve a ferramenta financeira, mantén a conexión coa *Banca Poupolare Ética* de Italia, coa que estamos traballando en termos financeiros (pois aínda non temos o capital social necesario para operar), ten un eido de corresponsabilidade e deliberación para as organizacións ter-

ritoriais e conta cun Comité de Ética que vela polos principios de todo o proxecto, prestando tamén apoio aos comités de avaliación éticos e sociais das territoriais.

E o último nivel é o que máis nos achega ás nosas realidades. En Galiza temos tres grupos locais constituídos (A Coruña, Compostela e Vigo), un de próxima creación en Pontevedra e dous pendentes, en Ourense e Lugo. No nivel local é onde máis activamente se poden implicar as persoas socias do proxecto e constitúe, por tanto, unha ferramenta esencial para a participación.

AS EXPECTATIVAS

Na actualidade somos máis de 22 organizacións sociais e máis de 120 persoas socias en FiareGz. As nosas expectativas deben dirixirse, por unha banda, a seguir aumentando a nosa rede territorial, acadar máis socias e socios que nos permitan chegar a espazos que aínda non chegamos e, así, medrar en identidade e lexitimidade. O obxectivo é conseguir un músculo asociativo que sexa incidente na nosa sociedade fronte ao actual mundo das finanzas que, como todas e todos sabemos, é terrible.

Por outra banda, a territorial galega de Fiare, a asociación FiareGz, non prestou aínda ningún crédito. Tres proxectos foron estudados, mais ningún rematou o proceso para a concesión. Neste senso, a creación e fortalecemento dos grupos locais é imprescindible. A Xunta Directiva de FiareGz, así como as asembleas, están abertas á participación de todas as socias e temos varias comisións en marcha como difusión, materiais, relacións coas socias, comunicación, etc. Aínda así, cremos necesario potenciar os grupos locais.

As expectativas están en fortalecer estes campos, chegar ao maior número de colectivos do país, facer un traballo didáctico de difusión do proxecto, fortalecer o noso discurso ideolóxico, poñelo diante das realidades que están na sociedade, tecer cada vez con maior densidade a nosa rede permitindo o coñecemento das e dos que somos xa parte do proxecto e obter unha maior implicación no territorio.

* **Sistema Parabancario da Banca Ética:** é aquel que se presta de forma alegal. Non están regulamentados polo Banco de España, pois para obter a licenza precisarían desembolsar un mínimo de 3 millóns de euros. Atende aos proxectos de aforro de proximidade ou de investimento en microcréditos. "O Peto" é a primeira asociación de banca ética que naceu en Galiza e cuxo labor consiste en xestionar unha bolsa común solidaria coa que fai préstamos a proxectos de autoemprego, adianto de pequenas subvencións a entidades prestadoras de servizos a colectivos desfavorecidos ou do mundo da agroecoloxía ou do turismo solidario. A bolsa solidaria componse na súa totalidade de participacións económicas procedentes das súas socias e socios (cada participación é de 60 €). + info: www.opeto.org

* Raúl Asegurado Pérez, presidente da asociación FiareGz.
+info: <http://fiaregz.com>

A NOVA LEI DE MONTES DE GALIZA

Xabier Bruña*

Coa nova Lei de Montes do PP, o futuro pasa por: máis terra para a especulación, máis monocultivo, menos terreo agrícola e menos protección contra o lume.

No seu traballo a prol do territorio e na defensa da terra, ADEGA presentou no mes de xullo, conxuntamente coa Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM), 105 achegas ao borrador da lei de montes de Galiza (entre modificacións, eliminacións e novos artigos), no ánimo de mellorar o documento final e que a perspectiva ambiental se tivese en conta nunha norma de vital importancia para o noso rural e en definitiva para toda a sociedade. Posteriormente realizouse un traballo en conxunto coa ORGACMM, CIG e FRUGA, para dar a coñecer á sociedade galega o borrador do documento, reclamando a necesidade dunha maior reflexión colectiva e participación.

A través do traballo de sensibilización e de mellora do documento inicial acadouse a admisión e inclusión de 30 achegas (23 completas e 7 de forma parcial). Finalmente quedaron importantes cuestións sen modificar, polo que, ante esta situación ADEGA pronunciase en contra do borrador da Lei de Montes de Galiza que foi aprobado no Consello forestal do pasado 9 de novembro. Agora iníciase un percorrido que levará o texto aprobado ao Consello Económico e Social (CES), logo a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galiza e previsibelmente pasará a tramitación parlamentar neste primeiro trimestre de 2012.

Todas as organizacións que se manifestaron en contra deste borrador da Lei de Montes galega (ADEGA, Amigos da Terra, CIG, FEG, FRUGA, SLG, ORGACMM) concordan na súa postura en contra tanto na forma (o proceso de elaboración da norma fíxose sen participación real, sen debate, sen consenso), como no fondo (perpetúa un modelo de monte ancorado no pasado, sen establecer vías para solucionar os verdadeiros problemas).

PRINCIPAIS EIVAS

Un dos problemas de maior importancia aos que o sector do monte se enfronta é a do abandono (da terra, do manexo,...). Para resolver esta cuestión, é fundamental que os elementos normativos doten á Administración de maior poder de intervención no territorio. A opción escollida polo goberno do PP é precisamente a oposta: rebaixar a capacidade de intervención da Administración e deixar nos mercados e na opción individual a especulación da xestión da terra. Esta situación tan só favorece as grandes empresas e as grandes propietarias da terra, ao ter mellor posición nunha situación de pouca transparencia e baixa intervención administrativa a prol do interese común.

Esta nova lei de montes non é unha lei de carácter integral, a pesar da

importancia do monte na vertebración social e territorial do noso país, ao faltar a súa conexión con aspectos agrarios, sociais e ambientais. Non introduce aspectos novos na xestión do territorio como son: a participación pública, a custodia do territorio, a multifuncionalidade, a compra responsable de produtos e servizos do monte. Non aparecen cuestións fundamentais e que deben incorporarse na xestión do monte como son: a cultura, a etnografía, a restauración de terreos queimados, a paisaxe, os vieiros ecolóxicos, os hábitats prioritarios, as especies prioritarias, a prevención de pragas e doenzas, etc.

É un borrador de lei que reduce a intervención pública, deixando en mans privadas e do mercado o cumprimento dos obxectivos principais (desenvolvemento rural, a fixación da poboación no medio rural, a conservación e a xestión forestal sostíbel) e non define uns obxectivos claros para a xestión pública. Hoxe en día os montes en xestión pública supoñen algo máis do 12% de todo o país, concentrándose maioritariamente nos lugares máis desfavorecidos. Polo tanto, a nova xestión pública pode ser unha ferramenta para loitar contra o abandono do rural e acadar os obxectivos dunha xestión integral do territorio que sirva de base para facer unha conservación real e dinámica dos espazos integrados na Rede Natura 2000.

Ramsés Pérez



Ramsés Pérez



Outras cuestións esquecidas son o problema das cortas a feito nas carballeiras e nas masas de frondosas autóctonas ou a regulamentación de aproveitamentos importantes da multifuncionalidade do noso monte como o eólico, o solar ou o da pedra e dos minerais. Non se busca solución ao abandono da xestión e á estrutura minifundista da propiedade; principalmente nas zonas do interior.

Por outra banda, a nova lei abre as portas á rebaixa legal dos Montes Veciñais en Man Común ao minimizar a tutela xurídica da Administración (que chegaba a equiparalos noutras normas a montes de utilidade pública), e polo tanto darlle máis peso á súa posición de montes privados (permite a compra de terreos por parte das comunidades de montes, o deslinde xa non se asemella aos montes de utilidade pública).

Tampouco se aposta pola participación pública na planificación dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais (PORF), elementos básicos da planificación forestal, cando é unha obriga legal recollida na lei estatal 27/2006.

O borrador de lei presentado non ten unha visión de construción a longo prazo do noso monte ao non apostar pola extensión forestal (entre a que se atopa a educación ambiental) e a implicación de toda a sociedade na conservación e mellora do noso monte.

Modifica pola porta de atrás a Lei de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais aprobada en 2007, sen unha base técnica xustificada e baleirándoa de contido na ordenación do territorio (elemento clave para a loita contra o abandono): diminuindo as distancias de salvagarda da vexetación sobre vivendas, instalacións e labradío; reducindo os anos nos que se limita o aproveitamento nun terreo queimado; eliminando o mosaico de parcelas e a prohibición de establecer masas monoespecíficas de máis de 50 hectáreas continuas; abrindo de novo a posibilidade de forestar terras agrarias; desviando cara aos concellos parte das responsabilidades de control. Cun total de 43 modificacións, máis que pequenas cuestións coa mesma norma, preténdese crear unha nova lei (a de montes) e variar substancialmente outra xa aprobada (cando menos cun procedemento pouco transparente e aínda menos elegante).

Finalmente, esta nova lei aposta en exclusivo polas SOFOR (Sociedades de Fomento Forestal) para a agrupación da xestión forestal, non deixando alternativas legais a outras opcións. Este feito imposibilita a viabilidade para os montes privados do interior do noso país e polo tanto a súa solución no futuro.

ADEGA, A PROL DO NOSO MONTE

Desde ADEGA cremos que o futuro dos nosos montes pasa por unha xestión sustentábel, integral, activa e participativa. Decididamente, o monte ten un papel clave no noso país, e neste senti-

do queremos loitar por un monte activo, vertebrador territorial e social, que conteña os elementos necesarios para dar estrutura ao territorio e ao capital humano do noso rural. Ante o actual modelo de monte monofocal (un só produto procedente dunha única especie, isto é, madeira para trituración) con moitos síntomas de esgotamento e sen viabilidade, outro modelo de monte é posíbel e necesario!

* Xabier Bruña é vogal de Medio Rural de ADEGA.

 Preenche este impreso com os teus dados persoais e envia-o a NOVAS DA GALIZA, Apartado 39 - 15701 - Compostela

Nome e apelidos _____ Tel. _____

Endereço _____ C.P. _____

Localidade _____ E-Mail _____

Junto cheque polo importe à ordem de Minho Média S.L

N° conta _____ Assinatura

Subscriçom + livro = 35 €


Subscriçom anual = 24 €

Subscriçom + pack bilharda = 30 €

Subscriçom + duplo pack bilharda = 35 €

Assinante Colaborador/a _____

NOVAS DA GALIZA



O MEDIO RURAL E O MONTE VECIÑAL SEN FUTURO

Xosé Alfredo Pereira*

O contido do borrador da Lei de Montes de Galiza aprobado, aínda que sen votación, no Consello Forestal do pasado mes de novembro, e que contou co posicionamento en contra do SLG, Amigos da Terra e da ORGACMM, vai significar que o medio rural non terá futuro, se non se modifica substancialmente no trámite parlamentario. Isto, non fai máis que corroborar as palabras do Sr. Conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, cando manifestou publicamente que o medio rural galego non ten futuro. E xa que logo, o monte veciñal, como parte do medio rural, tampouco.

Co actual borrador da Lei de Montes de Galiza, un monte veciñal, multifuncional e sustentábel non é posíbel, porque aposta por un monte só forestalista, case en réxime de monocultivo (especies de crecemento rápido e cultivos enerxéticos). Co mencionado texto da normativa de montes, un monte veciñal, xestionado comunitariamente polos veciños e veciñas comuneiros e comuneiras, tampouco é posíbel, por-

que aposta por entregarlle a xestión dos montes veciñais ás chamadas Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), que representan a explotación capitalista en terras comunitarias. Esta apropiación indebida dos montes veciñais, sobre todo no interior do país, queda meridianamente clara no articulado do texto onde se denominan os "contratos de xestión pública". Mediante estes contratos de xestión pública, a Consellaría do Medio Rural poderá asinar contratos con comunidades de montes que, segundo o seu criterio, non xestionen ben os seus montes. A xestión poderá facela directamente a Consellaría de Medio Rural ou entregarlos a terceiros. Eis a entrega de terra ás SOFOR.

Pero a voracidade destas empresas vai a máis. Non lles chega que a Administración lle entregue a terra, tamén deberemos pagarlles os servizos, é dicir, as comunidades de montes terán que pagarlle ás sociedades de fomento forestal pola xestión. Pero non só iso. Tamén haberá que asegurarlles o nego-

cio. Neste senso a Consellaría levanta a prohibición de forestar máis de 50 Ha continuadas en réxime de monocultivo. Isto lévanos a que as sociedades de fomento forestal poderán dispoñer de milleiros de hectáreas de monte para a plantación de cultivos enerxéticos. Estas aseguran o seu negocio e os veciños e veciñas comuneiros e comuneiras temos o lume á porta da casa.

Ante este ataque ao medio rural e, por tanto, ao país, as organizacións sectoriais e a sociedade en xeral temos que unirnos. O mesmo borrador da Lei de Montes é un exemplo de que a unidade logra obxectivos. A unidade de acción de ADEGA, CIG, FRUGA e ORGACMM, fixo posíbel que neste texto normativo, cando menos, non se procedese a privatizar os montes veciñais, que era un dos obxectivos da Dirección Xeral de Montes. Este é o camiño.

* Xosé Alfredo Pereira Martínez é o Presidente da ORGACMM (Organización Galega de Comunidades de Montes en Man Común).

Ramsés Pérez



A LEI QUE DEBEMOS CAMBIAR

Anxo Pérez Carballo*

Poderíanse encher moreas de páxinas analizando o borrador da Lei de Montes de Galiza, desde a falla de complicidade e de amplo consenso social ao afastado que está da realidade galega, pasando polo esvaecemento e deterioro que a configuración paisaxística do noso país vai sufrir, se non o evitamos, nas próximas décadas. Mais imos centrarnos nos puntos que desde a CIG (Confederación Intersindical Galega) consideramos máis prexudiciais para o presente e futuro do patrimonio natural e forestal.

A ADMINISTRACIÓN FUXE DE ASUMIR COMPETENCIAS

Resulta incribel que a Xunta non sexa celosa á hora de reivindicar as responsabilidades e competencias que o propio Estatuto de Autonomía lle outorga. Moi ao contrario, dispersa estas entre propietarios, empresas, comuneiros e administracións locais, a sabendas da falla de medios que estas persoas e institucións teñen.

FAVORECE A INDUSTRIA MADEIREIRA

O texto presentado non fai unha aposta pola protección das nosas especies autóctonas e fomenta a extensión sen límites das especies invasoras, de rápido crecemento e alta rendibilidade, o que, entre outras moitas consecuencias, modificará substancialmente a nosa paisaxe.

AGRAVA OS INCENDIOS FORESTAIS

O borrador amputa notablemente as disposicións recollidas na actual Lei 3/2007, de Incendios de Galiza, e faino xustamente nos aspectos máis progresistas e ambiciosos da mesma. Cabe des-



A nova Lei de Montes afectará gravemente a configuración paisaxística do país.

tacar entre elas a renuncia ás repoboacións con especies autóctonas, ou a redución das distancias de seguridade a terreos de labor e vivendas. O lume á porta das nosas casas.

Por outra parte, non se ten en conta a loita contra os incendios e a minimización dos seus efectos na planificación e xestión forestal.

PRIVATIZA A XESTIÓN FORESTAL

Chama poderosamente a atención que nin se mencione, nin se defina o concepto de Distrito Forestal, responsable da tutela e asesoramento dos propietarios forestais e montes veciñais en man común; do control da xestión e aproveitamentos forestais; do control da sanidade forestal; da xestión directa dos montes veciñais conveniados e montes públicos; da iniciativa na restauración hidrolóxico-forestal; da prevención de incendios e posto de mando, e un longo etcétera. Esta indefinición favorece o camiño da externalización-privatización da xestión forestal en Galiza.

NON PON EN VALOR O MONTE

A Consellaría de Medio Rural renuncia expresamente a liderar a valorización do noso potencial e da nosa riqueza natural. Nada de diversificación das explotacións non madeireiras ou de fomentar un modelo industrial distinto deste último. Nada de potenciar o emprego de calidade aproveitando as nosas potencialidades. Toda a riqueza posta en mans daqueles que só buscan a especulación e a alta rendibilidade, sen preocuparse nin importarlle o noso país e o noso futuro.

UNHA LEI QUE DEBEMOS TRANSFORMAR ENTRE TODAS E TODOS

Non podemos permitir que a futura Lei de Montes de Galiza saia á luz tal e como neste momento se recolle no borrador. En poucos anos o territorio galego sería irrecoñecíbel. Debemos loitar por unha lei que aposte polo futuro: pola posta en valor da nosa riqueza natural; en definitiva, polo equilibrio entre aproveitamento agrícola, gandeiro, forestal e industrial e o respecto ao medio ambiente.

* Anxo Pérez Carballo é Secretario Confederal de Medio Ambiente da CIG.

horta + Sá
Tenda ecolóxica
- SOMOS PRODUTORES -
Temos produtos frescos
todos os días do ano.
(PAN, LEITE, FROITA, VERDURAS...)
Rúa Alcalde Pérez Andó, 26 baixo
15009 - A CORUÑA
Tel. : 981 285 021
www.hortamaissa.es

A LEI VISTA POLA FRUGA

Xurxo Álvarez*

Ramsés Pérez



Ramsés Pérez



Cando o Partido Popular chega ao goberno da Xunta obsesiónase con todo o que se fixo no goberno bipartito e, máis en concreto, coas áreas xestionadas polo BNG (Industria -co concurso eólico- e Medio Rural -coa Lei de Montes ou o Banco de Terras). Coido que non só é un capricho da dereita, mais é facer políticas que beneficien a determinados sectores empresariais ("diñeiro para...") en prexuízo dos intereses do país e das clases populares. Ao que me quero referir agora é a nova Lei de Montes e no que nos afecta ao rural. Dúas son as fins que pretende conseguir a nova lei: forestación das terras agrarias e a revogación da Lei contra incendios forestais.

FORESTACIÓN DE TERRAS AGRARIAS

A forestación das terras agrarias, tórnase nun grave prexuízo para as poucas explotacións agrogandeiras que fican no país dado que permite plantar árbores en terras dedicadas a cultivos, o cal vai impedir a expansión da base territorial das explotacións. Hoxe é fundamental nas explotacións de gando aumentar a superficie agraria, por unha razón tan simple e precisa como é a de abaratar os custos de produción. Fai falla pasto e silo para non depender

tanto da importación dos cereais e dos prezos especulativos destes, sobre todo nun país no que a Superficie Agraria Útil (SAU) so representa o 20% do territorio. Se queremos ter agricultura e gandería e producir alimentos é preciso ter terra. Como exemplo, citamos a SAU de comunidades limítrofes como Asturias, co 32%, ou Castela-León, co 55%. Pero en países chamados desenvolto, observamos a mesma dinámica. Así, Francia posúe o 74,8%; Reino Unido, o 39,5%; Holanda, o 44%; Dinamarca, o 63% das súas superficies están dedicadas á produción agrogandeira, o que lles permite producir en base á terra e, ao mesmo, tempo crear diversidade na paisaxe.

MODIFICACIÓN DA LEI CONTRA O LUME

Outro problema que se nos aveciña coa nova Lei é o que afecta a política de loita contra o lume, xa que se pretende reducir as distancias de plantacións arbóreas dos núcleos de poboación, o cal implica fomentar a virulencia dos lumes que se van meter ás casas.

Hoxe no rural temos o que eu chamo un problema de brazos (moita xente maior), o que impide loitar contra o lume, estamos pouca xente. Se a isto

sumamos, en nome da austeridade, os recortes das brigadas de extinción, estamos indefensos contra a lacra do lume. O exemplo mais práctico tivémolo este verán no macizo central de Ourense (Terras de Manzaneda, Trives, Maceda) onde o abandono do medio rural, a falla de xente nova e a redución dos efectivos de extinción de incendios, provocaron que o lume chegara ás portas das casas. Ten que arder algunha casa ou finir o seu propietario para saber que o monte debe gardar unha distancia importante dos núcleos de poboación?

OPOSICIÓN Á NOVA LEI

É preciso obrigar ao goberno do PP a paralizar esta lei e consensuar unha que non sexa agresiva co medio. Fan falla políticas máis eficaces. Para rematar, gustárame citar un comentario que me fixo un veciño de Manzaneda en referencia aos lumes que alí se produciron: "co que custa un helicóptero cada día podíanse facer pistas que servisen para impedir o avance do lume, e tamén para poder levar o gando".

* Xurxo Alvarez Pérez é o presidente da FRUGA (Federación Rural Galega).



Gadisa está aí

Contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia; xerando emprego e potenciando o crecemento económico do noroeste español. Colaborando coa cultura, o deporte e os acontecementos da sociedade. Participando e promovendo activamente iniciativas positivas para o noso entorno. Garantindo a calidade e ofrecéndolles aos clientes cada vez máis e mellores puntos de venda. Traballando polo futuro.



gadisa.com

A DEFENSA DO SOUTO E A PLANIFICACIÓN DE NOVAS PLANTACIÓNS

Esteban Sinde Stoppel**

Os soutos constitúen o maior símbolo da simbiose entre o home e a natureza, sendo soutos e castiñeiros elementos moi representativas da paisaxe e do xeito de vida da poboación galega durante séculos. Sen embargo, as pragas e enfermidades que comezaron a atacar estas árbores, mermaron a súa saúde e, por ende, a súa presenza na nosa paisaxe.

As castañas, que foran a base da alimentación de varias xeracións, perderon protagonismo debido ao avance de enfermidades como a tinta ou o cancro, que reduciron significativamente o número de castiñeiros en Galiza. Á desaparición dos soutos foi sinalada polo Marqués de Ensenada en 1752, por mor da tinta, nas rías e nas zonas baixas de Galiza. A isto sumouse a chegada do cancro, que fixo auténticos estragos nuns soutos xa demoucados.

A pesar deste punto de partida, grazas á produción de castiñeiros en viveiros, na actualidade existe a posibilidade non só de recuperar unha das especies máis características da paisaxe galega, senón de facelo sen temor á tinta, pois coa produción de castiñeiros híbridos – *C. sativa* e *C. crenata*– lógranse variedades superiores de árbores que poden plantarse en calquera lugar de Galiza, mesmo na costa.

UN FUTURO DE SOUTOS

O souto, como o ecosistema de maior diversidade estudado (Gutián J., "O Courel") permite a produción de castañas, cogomelos (no caso dos castiñeiros micorrizados con *Boletus edulis*) e protexe as vivendas perante os lumes, polo que a planificación de faixas verdes ao redor de vilas e cidades acada fins paisaxísticos, económicos e ecolóxicos. Esta acción supón, ademais, o cumprimento da Lei de incendios, que esixe respectar unha faixa perimetral de 100 m sen especies como piñeiros ou eucaliptos ao redor de núcleos de poboación.

A ELECCIÓN DOS CASTIÑEIROS

En primeiro lugar, é preciso escoller o tipo de planta máis axeitado á climatoloxía e aos aproveitamentos que poñan ter as árbores. Nas zonas baixas de Galiza (por debaixo dos 600 m. s.n.m), só os castiñeiros híbridos ofertan unha garantía de resistencia á tinta, pois, por norma xeral, o castiñeiro do país (*C. sativa*) adoita morrer en poucos anos debido a esta enfermidade. Ademais, os híbridos son máis resistentes ao cancro, comezan a produción de castaña aos 2-3 anos de estar plantados e presentan un medrio superior ao *C. Sativa*.

En segundo lugar, cabe valorar a finalidade da produción de castiñeiros: madeira ou froito. Segundo a súa finali-



Plantación de castiñeiros híbridos micorrizados de 30 anos de idade en Hifas da Terra, Portamuiños – Bora, Pontevedra.

dade empréganse marcos de plantación máis xuntos para madeira (5x5 ou 6x6 m) e máis distantes para froito e creación de faixas verdes (7x7, 8x8 ou 10x10 m).

CASTAÑOS, CASTAÑAS E COGOMELOS

Á hora de seleccionar a planta en función da castaña cómpre elixir entre variedades temperás e de grande calibre (híbridos da Colección Terra e INRA-Marigoule, Bouche de Betizac, etc.), ou decantarnos polo grande sabor das variedades tardías e tradicionais como a Famosa, a Negral, a Longal ou a Xudía. En calquera caso, nas zonas baixas de Galiza só os castiñeiros híbridos garanten a resistencia á tinta, certa resistencia ao cancro e producións de castaña en 2-3 anos.

Tendo en conta que as plantacións de máis de 10 anos poden producir 3.000 kg/ha anuais de castaña e 250 kg/ha de Boletus, os beneficios dos castiñeiros micorrizados permitirán, sen dúbida, recuperar os nosos soutos.

* Esteban Sinde Stoppel é biólogo, diplomado en Enxeñería medioambiental e planificación territorial, e director do Departamento de Medio Ambiente de Hifas da Terra S.L. Portamuiños 7 Bora 36154 Pontevedra Tfnos: 986861087 Fax:986260627 e-mail: info@hifasdaterra.com www.hifasdaterra.com



Souto de castiñeiros centenarios demoucados na Serra do Courel.

A CASTAÑA, UN PRODUCTO CON FUTURO

Xesús Quintá*

Alibos Galicia S.L.



Castañas peladas e conxeladas.

Até hai poucas décadas, a castaña foi un alimento esencial para os galegos e os seus animais, principalmente até o inicio do cultivo da pataca e logo en épocas de fame como as da guerra civil española e a posguerra. Foi un habitual na cociña dos nosos avós, no caldo, cocidas con leite, coa carne, no cocido... Era frecuente que se plantasen castiñeiros no perímetro dunha finca a labradío ou nas beiras dos camiños, con diferentes variedades, unhas máis temperás e outras máis tardías, para prolongar ao máximo a dispoñibilidade de froito para o consumo. Mais o que daquela era unha boa estratexia para o autoconsumo, tradúcese hoxe nun problema de falta de homoxeneidade nas castañas, xa que os lotes compóñense, na meirande parte de casos, de variedades mesturadas.

A orientación prioritaria da política forestal nas últimas décadas non axudou á mellora destas deficiencias. Aposouse, como ben sabemos, por árbores de crecemento rápido para a produción unicamente de madeira, con gastos de plantación e mantemento altos, aos que habería que sumar os gastos da prevención e extinción dun lume que se propaga con dilixencia neste tipo de plantacións. Pola contra, o castiñeiro é unha frondosa con menor risco se manexamos un marco de plantación axeitado. O

Paisajes Españoles



Vista aérea da fábrica en Monterroso.

legado desta política forestal deixounos as mesmas árbores que plantaron os nosos devanceiros, máis abandonadas debido ao éxodo do medio rural galego, pero que aínda así son a base para abastecer as necesidades, tanto de consumo de castaña en fresco como da numerosa industria transformadora galega.

Alibos e o resto do sector da castaña, vimos loitando desde hai máis de dez anos, dentro da Asociación Proagrosilga, por un cambio na mentalidade repoboadora dos propietarios das terras e na da xestión de axudas procedentes da Administración. O noso maior logro foi acadar o recoñecemento europeo para a castaña do país a través da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia, hai agora case dous anos. Agardamos que esta sexa a ferramenta que permita dar o pulo definitivo ao sector produtivo e á súa organización, como o foi no caso das Denominacións de Orixe, por exemplo, de viños ou carne.

Nós podemos dicir, e non o dubidamos, que temos solucións para frear o despoboamento rural, para xerar novas rendas aos agricultores, para o aproveitamento dos terreos abandonados, en definitiva, para a revitalización das zonas máis deprimidas da montaña lucense e ourensá onde a produción de castaña de calidade é viábel.

Tendo en conta que a castaña é un produto natural, altamente valorado no mercado internacional e cuxa exportación e consumo cobra cada día maior importancia, é para nós inexplicable, desde calquera punto de vista, que algúns anos se sufra unha produción deficitaria que non permite nin de lonxe cubrir a demanda deste produto a nivel mundial. Tanto é así, que os prezos en orixe roldan 1€/kg., e cando se trata de variedades de calidade, de bo rendemento industrial e boa aceptación para o mercado de fresco, o prezo pode acadar facilmente 1,5€/kg. Que produción agraria ten unha remuneración tan elevada? Se miramos cara aos países europeos que tamén teñen produción de castaña, veremos como, por exemplo, en Francia aos soutos denominánlles "hortos" e apostan polo seu cultivo nas comarcas de media montaña como Ardeche ou Perigord, como alternativa á gandería e a outros modelos esgotados, introducindo sistemas de rega e co marco de plantación e preparación do terreo necesarios para a recollida mecanizada.

Outro exemplo que debería darnos envexa é Portugal, onde se planifican plantacións de 2.000 Ha cada ano, desde hai 20 anos, co cal, xa van por diante de nós no ranking de países produtores de castaña.


A CASTAÑA NA HISTORIA DE ALIBOS

Alibos Galicia S.L. é unha sociedade de recente creación que en outubro do ano 2006, a través do seu propietario Xesús Quintá, adquiriu os activos que a empresa CATESA-Div. Arotz, do grupo Ebro-Puleva, posuía en Monterroso (Lugo), mantendo a mesma dirección, estrutura e persoal e tornándose deste xeito, unha empresa totalmente galega. A actividade desta fábrica de Monterroso remóntase ao ano 1967, cando era Conservas Arotz S.A., e a súa actividade principal consistía no aproveitamento de cogomelos silvestres para a elaboración de conservas. Posteriormente, nos anos oitenta, orientou a súa produción cara a castaña, desenvolvendo un proceso de pelado e conxelado para o seu posterior emprego na industria internacional de segunda transformación para a elaboración de *marrón glacé*, conservas de castaña en xarope ou ao natural, cremas e purés, etc.

Desde o comezo da produción de castaña pelada conxelada, a fábrica de Monterroso foi incrementando a súa capacidade de produción até chegar a 5-6 millóns de quilos de máxima capacidade actual de pelado, producindo castañas enteiras de diferentes calibres, cachos de castaña, purés, etc.

Alibos é un dos meirandes produtores mundiais de castaña pelada e conxelada, exportando arredor do 90 % da produción a países como Francia, Reino Unido, Suíza, Xapón, EEUU, etc. Aínda que esta é a principal liña de produción hoxe en día, tamén se mantén a elaboración de cogomelos e setas silvestres, framboesa e espárrago verde, estas dúas últimas recollidas na comarca da Ulloa, onde radica a fábrica, pioneira na implantación e apoio destes cultivos novedosos na comarca. Manter o alto nivel de esixencia dun mercado tan global, require continuos investimentos en tecnoloxía e melloras nas instalacións, e nese sentido temos investido nos últimos tres anos preto de 3 millóns de euros, mantendo a ocupación dunhas 122 persoas, fundamentalmente da comarca da Ulloa.

O abastecemento da materia prima necesaria para o traballo da fábrica realízase nas zonas máis produtoras de Galiza, fundamentalmente nas provincias de Lugo e Ourense, e nas zonas limítrofes do Bierzo, Zamora e norte de Portugal. Hoxe en día, a distribución do aprovisionamento pódese establecer nun 50 % de orixe galego e o restante 50 % necesario para abastecer a fábrica recóllese nas restantes zonas produtoras da Península.



Distribución porcentual das exportacións en 2010 á UE, fóra da UE e no Estado español. (Fonte: propia)

Cando polos anos oitenta Alibos, daquela Arotz, se embarcou no pelado e transformación da castañas faciao coa variedade longal, de orixe portugués, posto que a maquinaria existente non era quen de facer un pelado industrial que obtivese un bo rendemento das variedades galegas. Hoxe en día, podemos dicir que o 50% da nosa materia prima é galega pero, lamentablemente, isto é grazas aos avances da tecnoloxía, e non a unha mellor planificación das plantacións de castiñeiro con variedades de aptitude para industrializar, polo que aínda nestes tempos as castañas galegas ofrécennos un peor rendemento industrial.

Alibos Galicia S.L.



Nova plantación de castiñeiros dentro do Proxecto Soutos.

No sector somos os principais interesados e debemos servir de exemplo, é por isto que en Alibos iniciamos un convenio, a través da Deputación de Lugo, con diferentes propietarios da provincia para rehabilitar soutos e executar a plantación de 250 Ha que pretenden ser o escaparate do que deben ser as novas plantacións feitas en Galiza, apostando por unha ou dúas variedades de calidade, planificadas para a recollida mecanizada e utilizando os tratamentos culturais axeitados.

Aínda que non todo é crítica. Tamén temos que dicir que nos últimos tempos a política das diferentes administracións con respecto ao castiñeiro está tornándose máis favorecedora e desde o sector así o agradecemos. Observamos unha maior sensibilidade cara a agricultura sostíbel que representa este cultivo e apreciamos un interese crecente debido a súa demostrada potencialidade económico-social. Esperamos que isto se traduza en recursos e facilidades para os produtores do sagrado froito do castiñeiro e, de seguro, o futuro lle devolverá á castaña o sitio que merece como o principal froito de Galiza.

* Xesús Quintá García é Xerente propietario de Alibos Galicia S.L. e presidente do Consello Regulador I.X.P. Castaña de Galicia.

CERTIFICACIÓN FSC PARA PEQUENOS PROPIETARIOS

Oscar Luís Expósito*

Pablo López



Evaluación en campo durante o proceso de auditorías.

J.M. Iglesias



Evento da rapa das bestas no MVMC de Carballo.

CERNA Enxeñería conseguiu certificar a xestión forestal de aproximadamente 1.300 hectáreas baixo dous modelos semellantes de certificación grupal impulsados pola iniciativa privada. Trátase do primeiro caso en España desta tipoloxía, no que ademais, se acadou a certificación forestal FSC dos dous primeiros Montes Veciñais en Man Común en Galiza, figuras especialmente representativas da propiedade na nosa rexión cunha importante vertente social. O interese tamén aumenta ao tratarse de montes nos cales a actividade económica preferente é a produción de madeira.

A entidade CERNA Ingeniería y Asesoría Medioambiental, S.L.P. (CERNA Enxeñería) é unha empresa consultora con sede principal en Lugo, fundada no ano 2002, e que desenvolve a súa actividade no ámbito da Enxeñería medioambiental e xestión dos recursos naturais en xeral, con ampla experiencia na xestión de montes.

GRUPOS DE XESTIÓN DE MONTES EN GALIZA

Actualmente, a superficie forestal certificada FSC en España é reducida, situándose arredor das 140.000 Ha, e grande parte en montes de xestión pública e con clara función protectora. No obstante, existe unha alta demanda de produtos certificados FSC, que está a provocar a importación de

materia prima de terceiros países, con importantes consecuencias medioambientais, económicas e sociais.

CERNA Enxeñería promoveu a creación de dous Grupos de Xestión de Montes en Galiza e a súa certificación a través do sistema FSC. Esta proposta levouse a cabo a través dunha iniciativa impulsada por FSC España, a entidade de certificación NEPCon e a Fundación Biodiversidade, a través do proxecto "Achégado a certificación forestal FSC aos pequenos propietarios".

Coa execución desta iniciativa, acadouse a constitución e a certificación FSC de dous Grupos de Xestión de Montes cun obxectivo, eminentemente, produtor pertencentes a pequenos e medianos propietarios forestais privados, sendo esta a primeira certificación FSC grupal desta tipoloxía en España.

CERNA Enxeñería, exerce nos Grupos de Xestión de Montes como entidade de grupo, levando a cabo os labores de administración e representación legal, de asesoramento e xestión forestal dos montes que se inclúen nos grupos, así como os traballos de xestión e coordinación dos compoñentes de ditos grupos.

GRUPO "DORSAL LUCENSE GALEGA"

Os seus membros son: o Monte Veciñal en Man Común (MVMC) de

Carballo (Friol) e o Monte "Serrón do Lobo" (Xermade). O primeiro deles posúe unha superficie certificada de 483 Ha, onde existen masas arbóreas puras e/ou mixtas das especies *Pinus sylvestris*, *Pinus pinaster*, *Pinus radiata*, *Pseudotsuga menziesii*, *Quercus rubra*, *Quercus robur* e *Betula* sp. Cabe destacar nos usos e aproveitamentos existentes neste monte, que ademais do aproveitamento principal de madeira, estableceuse outro aproveitamento secundario de certa relevancia, o aproveitamento silvopastoral con cabalo de pura raza galega. Este aproveitamento engade un acentuado compoñente social na xestión deste monte, apoiado nunha extraordinaria implicación dos seus comeneiros para o control dos animais e a convocatoria de diferentes eventos que xiran arredor do cabalo (ver Cerna nº 64, páx. 38).

O Monte "Serrón do lobo" é un monte de propiedade privada proindiviso, pertencente a dous copropietarios (D. José Manuel Tojeiro Peleteiro e D. Roberto Tojeiro Peleteiro), localizado na parroquia de San Martiño de Piñeiro, termo municipal de Xermade, na provincia de Lugo. Posúe unha superficie certificada de 90 Ha. Nela hai masas arbóreas puras e/ou mixtas das especies *Pinus radiata*, *Pinus pinaster*, *Eucalyptus globulus*, *Eucalyptus nitens*, *Quercus robur* e *Betula* sp.

QUE É A CERTIFICACIÓN FORESTAL FSC?

FSC son as siglas do *Forest Stewardship Council* (Consello de Administración Forestal), unha ONG internacional, creada en 1993 co obxectivo de promover e asegurar unha xestión forestal "ambientalmente responsábel, socialmente beneficiosa e economicamente viábel" dos bosques. O sistema de certificación FSC está baseado nuns estándares mundialmente recoñecidos e respectados denominados "Principios e Criterios de Xestión Forestal", que garanten ao consumidor que o produto adquirido procede dun monte ben xestionado, dunha maneira responsábel e sostíbel. Por iso, o consumidor que adquire un produto certificado asegúrase de que está favorecendo a conservación e desenvolvemento dos montes e das zonas rurais que os acollen.

É un proceso de avaliación ao que se somete de forma voluntaria unha Unidade de Xestión Forestal (monte ou grupo de montes), realizado por unha terceira parte independente (Entidade de Certificación), que verifica que a xestión do bosque cumpre cuns estándares acordados a nivel internacional.

GRUPO "A MARIÑA LUCENSE-TERRA CHÁ-EUME"

Está conformado por tres montes, un deles en mancomunidade. O MVMC "Monte Maior, San Roque e Penedo do Galo", pertencente aos veciños da parroquia de Santa María e Santiago de Viveiro, está situado no termo municipi-

pal de Viveiro, en Lugo. Posúe unha superficie certificada de 411 ha, na que hai masas arbóreas puras e/ou mixtas das especies *Pinus pinaster*, *Pinus radiata*, *Pseudotsuga menziesii*, *Eucalyptus globulus*, *Castanea x hybrida*, *Quercus robur*, *Castanea sativa* e *Betula sp.* Combínase o aproveitamento da madeira co do gando en varias zonas

do monte e un parque eólico conformado por vinte muíños. A proximidade ao núcleo de Viveiro, concédelle un importante papel social, sendo declarada como festa patronal a subida e romaría ao monte de San Roque.

O segundo membro deste grupo é o Monte "Regovello e Fontao", de propiedade privada proindiviso pertencente a dous copropietarios (D. José Manuel Romero Moreno e D^a. Ana María Duplá del Moral), situado na parroquia de Santa Cecilia, no concello de Foz, tamén na provincia de Lugo. Posúe unha superficie certificada de 180 ha. Alí destacan masas arbóreas puras e/ou mixtas das especies *Eucalyptus globulus*, *Pinus radiata*, *Pinus pinaster*, *Castanea sativa*, *Fagus sylvatica*, *Quercus rubra*, *Picea sitchensis*, *Pseudotsuga menziesii*, *Quercus robur* e *Betula sp.* O lugar no que se localiza este monte, no entorno denominado Condado de Fontao, é de especial relevancia histórica e cultural. O Condado de Fontao é un título nobiliario español outorgado pola Raíña Isabel II o 8 de xaneiro de 1840.

E, por último, o Monte "Portela e Abelleira" é de propiedade privada pertencente a Edelmiro López S.L., situado na parroquia de Castromaior de Abadín, provincia de Lugo. Posúe unha superficie certificada de 162 ha na que conviven masas arbóreas puras e/ou mixtas.

RETOS

Na actualidade, CERNA Enxeñería, está promovendo e executando unha segunda fase do proxecto iniciado, a través da ampliación dos Grupos de Xestión de Montes. Esta nova iniciativa ademais de supoñer unha ampliación importante (tanto en número de membros como en superficie xestionada) dos Grupos de Xestión de Montes xerados, supón tamén a súa clara consolidación, e un apoio importante ao proceso de certificación FSC, posto que en total os dous Grupos de Xestión de Montes pasarán a dispoñer, neste ano 2012, de máis de 2.300 hectáreas certificadas FSC.

* Oscar Luís Expósito é enxeñeiro de montes e administrador de CERNA Enxeñería.



Explotación silvopastoral con cabalo de Pura Raza Galega no MVMC de Carballo.



Aproveitamento de madeira no MVMC "DE CARBALLO".

NETORRAS (RUSSULAS)

Cristovo Ruiz Leivas*

Acuarela de Sofía Zompi Ruiz



Russula aurea e *Russula virescens*.

O xénero Netorras (*Russulas*) comprende corpos frutíferos terrestres, carnosos, sen anel, nin volva, e raramente con veo. As rúsculas son fungos homoxéneos, é dicir, con trama contigua entre o sombrero e o pé, e caracterízanse por ter a carne, en particular a do pé, tipicamente non fibrosa, senón ao contrario, máis ben xesosa, que rompe facilmente e do mesmo xeito que un xiz.

O sabor é unha das características organolépticas máis importantes nas netorras xa que non se poden identificar a ollo con precisión, sen proceder previamente á súa característica degustación, consistente en mastigar un cacho pequeno e logo cuspi-lo. Deste xeito podemos dividir as netorras en dous grandes grupos: as de sabor doce (acelmes, doces, insípidas e agradábeis ao gusto) e as de sabor acre (picantes e desagradábeis).

A *Russula cyanoxantha*, xunto coa *R. virescens* e a *R. aurea*, son para min as mellores netorras comestíbeis. Pódense consumir en pequenas cantidades, tamén crúas en salada. A pesar da extrema variabilidade da cor da cutícula, é en todo caso recoñecíbel por romper coma o xiz e o seu sabor agradábel ou acelme. Se pican, non son comestíbeis.

RUSSULA AUREA

Chamada tamén netorra raíña. É unha rúscula de mediano tamaño, pode

acadar 10 cm de diámetro, facilmente distinguíbel polas súas belas cores parecidas ás da *Amanita caesarea*, un vermello-laranxa vivo co centro máis amarelado no sombrero, e amarelo-citrino ou amarelo-ouro en láminas e pé, aínda que nestes últimos a coloración non é homoxénea, mestúrase coa cor branca. A esporada é de cor ocre amarelado. Ten a carne branca con tons amarelos no sombrero e de sabor doce. É boa comestíbel.

En canto á súa ecoloxía é algo termófila e vive en bosques de carballos e de castiñeiros. Pode empezar a frutificar a finais de primavera, pero tamén no outono, aínda que persoalmente nesta época nunca a atopei en Val-

"Netorra acelme, que non cha coma o verme"

"Netorra do carballo, por ela o crego perde o rosario"

"Os cregos e as lesmas, das netorras fan festas"

"Tremar, netorras: aí vos vén a negrura de lesmas e curas"

deorras. É unha especie pouco común que aparece de forma solitaria ou en pequenos grupos.

RUSSULA VIRESCENS

É unha das rúsculas máis apreciadas e buscadas, facilmente recoñecíbel pola cutícula do sombrero de cor verde agrisado (ás veces verde azulado ou tamén esbrancuxada) que se vai cuarteando finamente coa idade en toda a súa superficie, deixando ver o fondo máis claro. Presenta unha carne compacta de elevado peso específico entre as rúsculas pero que é facilmente atacada polas larvas. Xeralmente, frutifica no verán, desde finais de xuño ata outubro. Onde máis se atopa é en zonas de carballos e castiñeiros. Aparece normalmente en pequenos grupos ou de forma illada sendo unha especie común. É comestíbel.

RUSSULA MAIREI

O seu sombrero é de 4-8cm de diámetro, primeiro convexo e despois lixeiramente aplanado. A súa cutícula é lisa, de cor vermella intensa, perdendo estes tons en tempo húmido e deixando ver zonas branco crema, ou crema. As láminas son numerosas, apertadas, de cor branca, con manchas marrón-cremosas nas zonas rozadas. O pé é cilíndrico, macizo, recto ou curvado, coa superficie algo rugosa, esbrancuxado. A carne é granulosa, compacta, dura, branca e ten un cheiro agradábel pero sabor picante.

Non é unha variedade que se atope con frecuencia. Nace en outono baixo castiñeiros (*Castanea sativa*) e faias (*Fagus sylvatica*), e vén sendo moi rara en Galiza. Consérvase especialmente nos faias existentes nas zonas calcarias e louseiras do Courel e Valdeorras. Non é comestíbel polo seu sabor picante.

Joseba Matabuena Vái



Russula mairei

* Cristovo Ruiz Leivas é micólogo autodidacta e etnógrafo. +info: <http://cogomelosefloradevaldeorras.blogspot.com/>

EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALIZA: CRISE, QUE CRISE?

Miguel Pardellas e Pablo Ángel Meira*

Que 200 traballadores da industria pirotécnica galega quedasen no paro temporalmente como consecuencia da normativa estacional de prevención de incendios forestais pareceu, e seguramente o foi, unha traxedia social inaceptábel. Mereceu, sen dúbida, a atención dos medios de comunicación e a solidariedade de quen asocia a celebración festiva cos estoupidos de rigor. Hai dramas similares pero de maior escala que, sen embargo, están a pasar desapercibidos, resultando totalmente invisíbeis para os medios de comunicación e a sociedade. Facendo unha estimación sobre os datos de emprego referidos a 2007 derivados do Proxecto Fénix¹, xusto nos prolegómenos da crise actual, a perda de postos de traballo no sector da Educación Ambiental (EA) en Galiza durante os últimos catro anos pode estimarse nun 50%, unhas 500 persoas.

A perda destes postos de traballo, por moi precarios e socialmente invisíbeis que resultasen, debería xerar, como mínimo, a mesma sensibilidade mediática e institucional que no caso da industria pirotécnica. Non hai neste país moitos sectores ou empresas que sumen un milleiro de traballadores e traballadoras dun perfil tan cualificado, a maioría con estudos superiores, e menos aínda no sector servizos. Tampouco hai moitos colectivos cun labor que poida considerarse de maior relevancia cívica e estratéxica para o futuro.

Desde a década dos setenta do século XX, a EA foi definíndose como unha corrente internacional de pensamento e acción que quere contribuír á educación da cidadanía para afrontar a fonda crise ambiental que ameaza a calidade de vida, a saúde humana e a posibilidade dun progreso económico e social duradeiro. A EA debería, por tanto, formar parte dos instrumentos imprescindibles para construír unha sociedade máis xusta, equitativa e sostíbel, como un servizo público necesario para a alfabetización socio-ambiental da cidadanía.

En contra do que cabería esperar, non se ten observado ningunha reacción política ou social significativa en resposta aos recortes executados, sendo moi limitada a producida dentro do propio sector. Unicamente a Sociedade Galega de Educación Ambiental elaborou un manifesto pola *"Non desaparición da EA en Galicia"*², cunha repercusión pública escasa.

UNHA MORTE SILENCIADA

Alén do reiterativo argumento da crise económica –a escusa perfecta para a "deconstrución" do Estado do Benestar



Ramóns Pérez

No Centro de Interpretación dos Parques Naturais de Galiza, proxectado na cidade de Ourense, vanse dilapidar 6 millóns de euros.

e a degradación dos servizos públicos–, no desmantelamento silencioso do campo da EA conflúen un conxunto de factores estreitamente relacionados.

En primeiro lugar destaca o escaso peso institucional do sector. En contra das declaracións de intencións e dos documentos estratéxicos que trataron de impulsala nos últimos anos, a EA é un ámbito cada vez menos relevante tanto da política ambiental como da educativa, constituíndo unha especie de terreo de ninguén. Esta debilidade estrutural pode deberse á carencia de atractivos económicos: non é un sector rendíbel desde un punto de vista mercantil como si o son outros ámbitos emerxentes do negocio ligado ao ambiente. Tampouco posúe atractivos políticos para o xogo partidista: deixar morrer á EA non supón un custe significativo nas matemáticas electorais. Esta debilidade queda de

manifesto na súa dilución administrativa na estrutura da Xunta de Galiza –a pesar das recomendacións da Estratexia Galega de Educación Ambiental no ano 2000–, na súa práctica inexistencia como obxecto de atención a nivel provincial e no seu residual papel municipal.

Se os recursos económicos, humanos e infraestruturais destinados polas administracións públicas xa eran escasos denantes da crise, faltos de planificación a medio e longo prazo, e cunha distribución que obedecía a criterios nos que o educativo-ambiental tiña relativamente pouca relevancia, na actualidade, co mantra da austeridade estase a optar, directamente, pola súa extinción. Casos concretos son o abandono ou peche progresivo dos equipamentos de EA de titularidade pública, a eliminación das subvencións e liñas de axuda específicas para a promoción de actividades

de EA, a redución a mínimos ou a cancelación dos poucos programas educativo-ambientais en marcha, o despedimento masivo de persoal con tarefas ligadas á EA nas distintas administracións, etc. Baste dicir que a inversión do goberno autonómico en actividades e iniciativas de EA caeu de 1.645.000 € no ano 2007 a 125.133,60 € no ano 2011³, un recorte brutal do 93%.


É preciso ter en conta que as políticas de redución do gasto nas administracións están tendo un impacto letal no sector da EA. A maior parte dos recursos económicos que o mobilizan proveñen de fontes públicas, tanto, obviamente, os que sufragan as accións que desenvolven as propias administracións, como aquelas outras que se capitalizan mediante contratos, convenios e subvencións con outros actores do campo (autónomos, pequenas empresas, colectivos sociais, ONG s, etc.).

En segundo lugar, a crise está a golpear a un sector que xa padecía unha situación endémica de precariedade laboral, empresarial e profesional. Conforme datos do *Proxecto Fénix*, o salario medio dun educador ou educadora ambiental era, en 2009, de 1.050 € brutos mensuais, ao que habería que engadir unha marcada temporalidade no emprego e a asunción de tarefas e responsabilidades moi por riba dos tipos contractuais máis usuais. En contraste, os traballadores e traballadoras deste campo presentan un perfil no que dominan os titulados superiores e a sobreformación, entendida como una preocupación constante por actualizar os seus coñecementos e prácticas profesionais a través de cursos, seminarios e outros recursos de formación permanente.

En terceiro lugar, é preciso destacar que o tecido empresarial da EA en Galiza é moi feble. En liñas xerais está constituído por pequenas empresas, moi dependentes das administracións, escasamente capitalizadas, pouco articuladas entre si, sen un campo de traballo claramente definido nin regulado, e sen capacidade para competir coas grandes corporacións prestadoras de servizos.

En cuarto lugar, apréciase unha tendencia crecente a ofrecer programas ou servizos que pouco o nada teñen que ver coa EA, pero que se presentan baixo esta marca como unha estratexia adaptativa para sobrevivir nun contexto económico adverso. Nesta liña, moitas iniciativas de EA existentes ou de nova creación,

EVOLUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS OUTORGADAS POLA XUNTA A CONCELLOS E ASOCIACIÓNS PARA EDUCACIÓN AMBIENTAL NO PERÍODO 2006-2011



Fonte: Elaboración propia.

reformulan a súa oferta cara ao ocio de consumo, o turismo ou a práctica deportiva, sen correspondencia ou cunha vaga relación cos obxectivos e principios pedagóxicos e sociais da EA. É un paradoxo que os equipamentos ou as "empresas de EA" que realizan esta transición ou que xa nacen cun enfoque nitidamente mercantilista, son os que tenden a sobrevivir no escenario actual, a pesar de que a invocación á EA non sexa máis que un reclamo comercial.

PRIMANDO O CEMENTO FRONTE AO COÑECEMENTO

Paradoxalmente, este mesmo "marketing verde" é o que está a guiar ás propias Administracións Públicas nunha reviravolta que roza o esquizoide. Fronte ao peche dos equipamentos de titularidade pública existentes –coma ofrenda de austeridade–, seguen edificándose novos equipamentos de "Educación e Interpretación Ambiental" nos que os aspectos educativos brillan pola súa ausencia, primándose o cemento fronte ao coñecemento. É certo que a práctica de construír "edu-eco-mausoleos" non é nova. O Centro de Interpretación das Gándaras de Budiño é un dos exemplos máis claros no noso país: 470.000 € investidos na construción dunha infraestrutura inaugurada oficialmente en 2002 pero que nunca chegou a abrirse. O que non se explica é a súa continuidade nos tempos actuais: investir medio millón de euros nun Centro de Interpretación das Illas Atlánticas cando, ao tempo, despídense ás educa-

doras e aos educadores ambientais que estaban a desenvolver o seu traballo no mesmo espazo protexido é unha aberración. E que dicir do xa investido no Centro de Interpretación dos Parques de Galiza proxectado na cidade de Ourense, máis tixolo sen unha xustificación socio-educativa ou ambiental defendíbel, mentres se pechan equipamentos ou se despide ao persoal coas mesmas funcións nos espazos protexidos que se queren "interpretar".

En quinto lugar, a EA vén perdendo presenza no ensino, tanto pola desidia da Administración responsábel e do desenvolvemento daquelas áreas do currículo que se teñen mal definidas como transversais –en realidade, deberían ser consideradas como nucleares–, como polos mesmos recortes que se están xustificando coa crise económica en aspectos clave para a calidade do ensino público: formación do profesorado, apoio á innovación educativa, desenvolvemento de actividades e programas complementarios, etc. Ao que habería que engadir, a nivel autonómico, a falta crónica de coordinación entre a Administración educativa e a ambiental.

A INVISIBILIDADE SOCIAL DA EA

En sexto lugar, non se poden separar as anteriores afirmacións sobre a precaria conxuntura da EA en Galiza da súa situación no conxunto do Estado. De contar, a finais dos anos 90, cun papel explicitamente destacado como relevante no acompañamento e trans-

posición das políticas ambientais que chegaban da UE, como se ve plasmado no *Libro Blanco de la Educación Ambiental en España* e nas distintas Estratexias Autonómicas, a EA foi deslizando a un segundo ou terceiro plano, converténdose nunha referencia cada vez máis retórica e con escasa proxección na realidade. De feito, se ben o *Libro Blanco* e as Estratexias Autonómicas elaboradas durante a última década destacaron a necesidade de consolidar e dotar á EA dunha estrutura orzamentaria e administrativa propia, o seu actual *status* institucional segue a ser o mesmo ou empeorou. Chama a atención, por exemplo, que a práctica totalidade das estratexias autonómicas de EA carezan de continuidade ou languidezan nos caixóns das administracións, ou que non se teña celebrado dende o ano 1999 ningún congreso ou encontro estatal para poñer en común e debater as problemáticas propias do campo.

En sétimo lugar, en parte como causa e tamén como consecuencia de todo o anterior, cabe chamar a atención sobre a invisibilidade social da EA. Cada vez máis acusada incluso entre aqueles sectores que tradicionalmente contribuíron ao seu impulso ou que deberían ser máis sensíbeis á súa mensaxe. Sirva coma exemplo a escasa presenza conceptual da EA no xurdimento e desenvolvemento dos novos discursos da sustentabilidade, como poden ser os ligados ao decrecemento ou ás comunidades en transición que, se ben é certo que incorporan na súa práctica accións que poden caracterizarse como EA, non a reivindicán como parte relevante das súas estratexias.

Cómpre advertir, finalmente, que esta situación decadente está sendo vivida con certa resignación dende o propio campo. Os signos vitais de indignación son escasos e apuntan máis de cara ao interior que ao exterior. Mesmo aparecen comportamentos cainitas, probabelmente como resultado da dificultade para enfrontar as ameazas externas e por puro instinto de supervivencia. Neste escenario os recursos que viña capitalizando a EA están sendo derivados para usos e axentes que traballan en contra da sustentabilidade, ben porque se entende que é un luxo que as nosas sociedades non se poden permitir, ou ben porque a mesma crise é a gran coartada para impulsar o proxecto neoliberal, que

Ramsés Pérez



O Centro de Interpretación das Gándaras de Budiño foi inaugurado oficialmente en 2002, pero que nunca chegou a abrirse.

sospeita, probabelmente con razón, que a EA pode ir en contra dos seus intereses políticos, de clase e económicos. Non falta, tampouco, quen pensa que esta é unha oportunidade para que axentes máis "emprededores" –posto que se sobreentende que antes só había "parasitos" que vivían a costa do erario público– tomen a iniciativa e fagan rendíbel, na óptica da empresa privada e do mercado, a demanda social de servizos asociados á calidade do ambiente.

Ao fin e ao cabo o mesmo colapso do sistema está servindo aos que o provocaron para gañar maiores cotas de poder, para incrementar as oportunidades de beneficio e para desmontar os febles mecanismos de control que apenas foron quen de prever as manobras especulativas que o desataron. No crack económico de 1929, o antecedente máis acaído da situación actual, moitos xerarcas das finanzas acabaron estrelados no pavimento de Wall-Street, impulsados pola inclemente lei da gravidade (e, probabelmente, pola vergoña de verse ou de que os visen pobres). No presente, o sistema está caendo para arriba e os responsábeis da desfeita levitan no éter social colgados de xubilacións millonarias. Ben

pensado, a EA, nas súas formulacións máis críticas, podería e debería ser, cando menos, un obstáculo, unha pedriña no camiño, para quen entenda que este é o mundo desexábel ou inevitábel.

NOTAS:

- ¹ O Proxecto Fénix foi un estudo financiado e publicado pola Xunta de Galiza e realizado por un equipo da Sociedade Galega de Educación ambiental. Neste estudo, que consta de 7 volumes, realizouse unha análise diagnóstica multisectorial do estado da Educación Ambiental en Galiza. No ano 2009 mereceu o Premio María Barbeito de Investigación Pedagóxica.
- ² O manifesto pode consultarse na web da SGEA: www.sgea.org
- ³ Informe comparativo das subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no período 2006-2011. Sociedade Galega de Educación Ambiental, marzo de 2011.

* Miguel Pardellas e Pablo Ángel Meira son membros do Grupo de Investigación en Pedagogía Social e Educación Ambiental-SEPA da Universidade de Santiago de Compostela.

pon unha colmea na túa horta

Co seu labor polinizador
as abellas conservan á biodiversidade
e contribúen a produción de alimentos.

O 80 % das plantas con flores,
o 84 % das especies vexetais de cultivo
e un 76 % da produción alimentaria
dependen da polinización das abellas.

aga@queixoemel.org
agapicultura@gmail.com
Feira Nova. Santa María s/n
15819 Arzúa. A Coruña
Tel.: 981 508 142



www.apiculturagalega.org



www.ericamel.es

Abellas = Polinización = Biodiversidade = Paisaxe = Gastronomía

O MERLO QUE VIVE NO RÍO

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Xosé Salvadores*

Xosé Salvadores



O río Cabe é un grande curso fluvial cheo de recursos. O tamaño, loxicamente, é relativo, pero o indiscutíbel é que é grande por beleza, polo singular camiño cara o Sil, que inclúe o agocharse subterráneo durante un bo treito, ou a diversidade que atopamos nas súas ribeiras. Non é, pois, estraño que sexa un LIC (Lugar de Interese Comunitario). Na diversidade heime centrar, xa que dela gocei enormemente este outono, e só bastou achegarme á súa ribeira, pararme e mirar.

Obviando aquí a galería vexetal, que por momentos cobre totalmente o curso e que é magnífica, con maxestosos ameneiros (aínda vivos) que mostran sen pudor na estiaxe un sistema

radicular cheo de fantasía, voume centrar na rica avifauna, xa que se pode afirmar que paga a pena observala. Nun pequeno treito, veremos, ademais dos común merlos e corvos, abondosos parrulos alavancos, os baños vespertinos das lavandeiras brancas e das reais, a elegante garza, o acróbata rubideiro, o pequeno carrizo ou o empoleirado chasco, pero é que ademais podemos quedar admirados co rápido voo do metálico lava-cu ou picapeixe. E, xa facendo unha verdadeira exhibición, está o merlo rieiro, que patrulla o río e que se deixa ver e fotografar a pracer sempre que esteas un pouco disimulado. Con este último imos quedar.

O merlo rieiro (*Cinclus cinclus*) é un paxaro do tamaño do merlo común, un pouco máis repoludo e coa cola máis pequena. A súa cor é dun pardo moi escuro, excepto a cabeza, que é de cor chocolate e loce un espléndido babei-ro branco. Outras características que o diferencian son o peteiro aguzado e de cor grisallo e, por suposto, a ecoloxía, xa que a maneira de buscarse a vida é ben diferente.

O merlo rieiro, como indica o seu nome, está ligado intimamente aos cursos fluviais. Cando voa, faino a rentes da auga e os niños colócaos neste hábitat que será onde poidamos atopalo, madialeva!: no líquido elemento

ten a despensa onde atopará todo tipo de larvas acuáticas e insectos. Ando o merlo metido na auga, ben pola superficie ou mergullado até o fondo con enérxicos aletexos, virando follas e pedras na procura dos apetitosos animalíños. Este insectívoro, que está protexido, é un fedello que, cando non está faenando, poderá pousarse brevemente na ribeira pero nunca quedará quedo; aínda parado, ten seguido espasmódicos movementos arriba e abaixo, polo que parece que padecera dos nervios.

Eu coñecín o merlo rieiro, van aló moitos anos, cando empezaba a interesarme pola volataría. Daquela aínda non había tanta sensibilidade cara ao non molestar aos seres vivos, e, nunha saída nocturna cos pequenos da casa, chegamos ao río Chamoso. Alí, baixo unha ponte, descubrimos coa lanterna que un paxaro descansaba no niño. Atordado pola luz, deixouse pillar o incauto; levámolo preso para gardalo nunha caixa de cartón e agardamos até o día seguinte para observalo con detalle. Cando lago o colleu pola mañá para fotografalo, apenas deu tempo para dispararlle unha diapositiva. O paxaro mandoulle semellante peteirazo coa aguzada arma que lago, nun acto reflexo, abriu a man para librarse daquel contundente ataque. O merlo rieiro voou canto daba cara ao seu río acolledor e nós quedamos frustrados de que non nos permitise examinalo con detalle nin facerlle lindas fotografías.

Posibelmente, ao merlo rieiro pasáralle o trauma, pero sendo hoxe, sen necesidade de tanto boureo, tiráramoslle unha foto no seu niño e viríamos tan contentos ensinando o trofeo, o que sería unha forma máis civilizada de gozar da natureza sen molestias, traumas ou mortes.

Xosé Salvadores



* Xosé Salvadores é o vogal de Biodiversidade de ADEGA.

RABO DE CABALO (*EQUISETUM ARVENSE*)

Marga Miguens

Esta herbácea descende doutra planta que no período Paleozoico, hai uns 400 millóns de anos, formaba inmensos bosques. Daquela acadaba alturas enormes de ata 15 m, debeu de ser realmente algo espectacular. Na actualidade resiste esta planta primitiva que só acada 30 cm. A forma é moi característica xa que semella un rabo de cabalo, de aí vén o seu nome científico, *Equisetum arvense*. *Equisetum*, do latín *equus*, significa "cabalo" e *setum* que quere dicir "crin".

O equiseto ou rabo de cabalo, como se coñece comunmente, non ten flores. Propágase mediante esporas ou pola extensión das súas raíces. Estas esporas atópanse nun saco cor marrón que sae dos talos fértiles da planta. Os estériles son verdes e ocos, parecen compostos por seccións ensambladas. Nos nós de cada sección hai un conxunto de escamas de cor máis pronunciada. As follas son finas como agullas e pilosas e tamén saen dos nós formando unha circunferencia. No tocante á súa raíz, trátase dun talo subterráneo do que van saíndo pequenas raíces e brotes que logo forman novas plantas.

Aínda que pouco atractiva é unha das especies máis diuréticas que existen. Para poder aproveitar as súas propiedades medicinais só podemos

recoller os talos estériles que saen na primavera. É usada para o tratamento de diferentes doenzas, como o exceso de ácido úrico, artrite, gota, cálculos renais, próstata e obesidade, debido a seu alto poder depurativo. Para administrar o equiseto recoméndase tomalo en infusión, en doses dunha culleriña de planta seca por cunca de auga.

Entre as súas cualidades tamén destaca o seu grande poder para cortar hemorraxias, debido a que contén moito ácido péptico e gálico. Pero esta non é a única propiedade que ten o equiseto, ademais é un bo aliado para os osos polo seu alto contido en silicio, que axuda a súa rexeneración e fortalecemento. É por iso polo que se usa como remedio para a osteoporose, tendinite e fracturas. Tamén favorece o crecemento do pelo, prevé a calvicie e a aparición de caspa. As uñas son outras beneficiarias desta marabilla de planta, porque se volven máis fortes e de mellor calidade tras o seu efecto.

O uso do rabo de cabalo non só é interno, pódese utilizar como emplasto para alteracións da pel como edemas e úlceras. Polo seu poder antiinflamatorio alivia a conxuntivite e ademais emprégase na limpeza de zonas íntimas. Na actualidade, tamén é un remedio natural de uso estendido na agricultura ecolóxica. Os seus prepa-



Manuel Lorenzo

rados, decocións ou infusións son un excelente remedio contra o ataque dos fungos nos nosos cultivos.


Onde podemos atopala? Pois, naqueles lugares frescos e sombreados de clima temperado na nosa terra. En Galiza agóchase, sobre todo, en lugares areosos e húmidos, ao lado dos ríos, pero aparece tamén en beiras de camiños e lugares máis secos.

Como toda planta que nos rodea, garda no seu percorrido multitude de lendas. Dise que é unha "herba encantadora de serpes" porque cos talos ocos fanse os chifres que atraen e fascinan as estes réptiles. Tamén se utilizaba en ritos para a fertilidade; incluso, se gardaba no cuarto un saquiño con follas de rabo de cabalo trituradas, pensando que iso ía axudar a concepción daquelas mulleres con problemas.

Con todas estas propiedades e ante o calvario que tivo que pasar até chegar aos nosos días, non podemos esixirle máis. Só agardar que dure outros 400 millóns de anos para poder utilizala como até o de agora.



Manuel Lorenzo



ADEGA + TI

SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

ADEGA,
a **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza,**
pretende a **conservación**
e **rexeneración do medio**
e o **desenvolvemento sustentábel.**

Para conseguilo denuncia os ataques a que se ve sometido,
aconsella sobre as actuacións máis adecuadas,
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



Nome e Apelidos:

NIF: Data de Nacemento: Teléfono:

Enderezo: Localidade: CP:

Provincia: Profesión: Correo electrónico:

Modalidade de inscrición (Inclúe a subscripción gratuíta á revista CERNA):

- Normal ➔ 48 euros/ano
- Xuvenil ou parado/a ➔ 24 euros/ano
- Superior ➔ 78 euros/ano

Suscripción únicamente a revista CERNA / Cuadernos ADEGA:

- Revista Cerna (trimestral) ➔ 10 euros/ano
- ADEGA Cadernos ➔ 4 euros/ano (desconto do 50% soci@s)

Domiciliación: Titular da Conta:

Banco ou Caixa:

Sucursal:

Conta Número: ____ / ____ / ____ / ____

Prego que ata nova orde fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, con cargo a miña conta, os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación.

Data: / / Sinatura:

Enviar esta solicitude a:
ADEGA - Travesa dos Basquiños, 9 Baixo • 15704 Santiago de Compostela



Concello de Arzúa



37^o festa do QUEIXO

Arzúa, 2-3-4 marzo 2012

A vila, a festa son de tod@s. Considerate pois na túa casa. Goza delas respectándoas, respectando tamén a contorna e aos demais. Se aínda non tiveches a oportunidade, dá unha volta pausada polos arredores de Arzúa, verás a beleza da nosa, da túa, terra.

música
cultura
gastronomía
obradoiros
exposicións



Fai uso compartido do vehículo



Non deas voltas, usa os parkings



Preserva limpos os wc's, son para ti!



Tira o lixo en papeleiras e colectores



As actividades son de balde. Participa!

Tes toda a información que precisas en:
festadoqueixo.org
festadoqueixo.blogspot.com
concellodearzua.org



Murguía, Revista Galega de Historia fica de cuarto aniversario.

Grazas a centos de subscritores e lectoras *Murguía* vai descubrindo a Historia da nosa nazón, divulgándoa e poñéndoa en valor.

No último número aprésentase unha carta inédita dun galego na Revolución francesa, dous novos tipos de cruceiros, o nacionalismo galego e a esquerda na Transición, Ståffan Morling e as súas achegas antropolóxicas e moito máis.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país.

Subscríbete!


Nome Apellidos

Enderezo

Localidade CP Teléfono

Solicito: Subscripción Máis Información

Enviar á *Murguía*, Revista Galega de Historia. Apartado de Correos 755 15.703 Compostela ou secretaria@revistamurguia.com Teléfono 629.31.12.68



Por só 25 €/ano un número cada 4 meses na túa casa!

www.revistamurguia.com



O **Proxecto Ríos** é unha iniciativa de Educación e Voluntariado Ambiental promovida por ADEGA desde o ano 2005 que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais. Ten como obxectivo crear unha rede de cidadáns comprometidos cos cursos fluviais que desenvolvan actividades de coñecemento, vixilancia e protección dun treito de río que eles mesmos escollen. Na actualidade, Proxecto Ríos está financiado por Augas de Galicia e a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Hai moitos xeitos de actuar:

Actividades formativas para capacitar ao voluntariado

- Charlas divulgativas
- Saídas formativas
- Cursos de formación
- Encontros de voluntariado

Iniciativas que aumentan o caudal do proxecto

- Roteiríos
- Limpeza simultánea de ríos
- Proxecto Ríos de Lingua e Cultura
- Campos de voluntariado

auga
educación ambiental
participación
custodia fluvial
patrimonio etnográfico
voluntariado ambiental
conservación
ríos

Se queres participar nalguna destas actividades contacta coa coordinación do proxecto:

Proxecto Ríos

Travesa de Basquiños, 9 baixo
150703 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org
info@proxectorios.org
Telf.: 981 570 099

 proxecto ríos

unimos ríos e persoas